



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 108

Sesión plenaria
20 de decembro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto legislativo

1.1 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 42801, 11/PL-000017)

Publicación do Ditame da Comisión, BOPG nº 420, do 14.12.2022

Punto 2. Mocións

2.1 44746 (11/MOC-000130)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a política do Goberno galego respecto da atención primaria no sistema sanitario (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 27653, publicada no BOPG núm. 259, do 19 de xaneiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 1 de decembro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 418, do 07.12.2022

2.2 44785 (11/MOC-000131)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a atención pediátrica na área sanitaria de Vigo (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 43584, publicada no BOPG núm. 410, do 16 de novembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 1 de decembro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 420, do 14.12.2022

2.3 44786 (11/MOC-000132)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise de prezos (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 42232, publicada no BOPG núm. 394, do 13 de outubro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 1 de decembro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 420, do 14.12.2022



Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 39782 (11/PNP-003401)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis

Sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia para a prevención do cancro de pulmón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 375, do 07.09.2022

3.2 43708 (11/PNP-003719)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a execución do concerto social a través da Consellería de Política Social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 412, do 22.11.2022

3.3 44025 (11/PNP-003732)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis

Sobre a demanda que debe facer a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto da suba das peaxes da AP-9 e da AP-53

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 412, do 22.11.2022

3.4 44083 (11/PNP-003740)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe demandar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en materia da planificación de Red Eléctrica de España

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 412, do 22.11.2022

3.5 44269 (11/PNP-003763)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para facilitarlles a solicitude de axudas á pesca sustentable ás pequenas embarcacións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 416, do 02.12.2022

3.6 44673 (11/PNP-003795)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central respecto do papel de Galicia na produción de enerxía eléctrica

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 418, do 07.12.2022



Punto 4. Interpelacións

4.1 42989 (11/INT-002115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre o novo modelo de residencias anunciado pola Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022

4.2 43196 (11/INT-002126)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre o financiamento das entidades locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022

4.3 44383 (11/INT-002183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis

Sobre os plans industriais das empresas eólicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 418, do 07.12.2022

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 44921 (11/POPX-000089)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que pensa tomar para garantir a recuperación industrial de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 420, do 14.12.2022

5.2 44940 (11/POPX-000090)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas que vai adoptar para fortalecer a sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 420, do 14.12.2022

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 44341 (11/POP-006603)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a posta en marcha por parte da Xunta de Galicia de axudas para o sector do comercio para frear o sobrecusto que xerou a electricidade causado pola guerra de Ucraína

Publicación da iniciativa, BOPG nº 416, do 02.12.2022



6.2 44920 (11/PUP-000296)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da intención de modificar o Código Penal en relación co delito de malversación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 420, do 14.12.2022

6.3 43177 (11/POP-006490)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e catro deputados/as máis**

Sobre a medida proposta de rebaixa dun 40% nas taxas aos bingos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 404, do 03.11.2022

6.4 42871 (11/POP-006434)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para solucionar a limitación de acceso a servizos básicos que está vivindo a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vila-martín de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 401, do 26.10.2022

6.5 44045 (11/POP-006571)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do impacto que a suba do IPC vai ter nas peaxes das autoestradas na Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 416, do 02.12.2022

6.6 43364 (11/POP-006514)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para realizar as obras necesarias nos centros de educación infantil e primaria da Gándara e da Solaina, no concello de Narón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 407, do 09.11.2022

6.7 44910 (11/PUP-000294)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para dar cobertura a todas as solicitudes de axudas por ampliación de superficie e novas incorporacións agrogandeiras ao ecolóxico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 420, do 14.12.2022



6.8 44911 (11/PUP-000295)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as previsións que ten o Goberno galego ante a situación que poden vivir os produtores agrogandeiros en ecolóxico que quedasen fóra das axudas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 420, do 14.12.2022



SUMARIO

Ábrese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde.

A señora presidenta (Candia López) comunica a inasistencia da deputada dona Alexandra Fernández Gómez (BNG) e a súa delegación de voto na deputada dona Ana Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 11.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a este proxecto de lei que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 11.)

Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior (Rey Varela). (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 12.), Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) (Páx. 17.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 22.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 26.), Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) (Páx. 28.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 30.)

Votación do texto lexislativo

O señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por separado das emendas 1, 2, 6 e 9, e das emendas 3, 4, 7 e 8 do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 32.)

Votación das emendas 1, 2, 6 e 9 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia: rexeitadas por 14 votos a favor, 39 votos en contra e 19 abstencións. (Páx. 32.)



Votación das emendas 3, 4, 7 e 8 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitadas por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 33.)

Votación das emendas da 1 á 15, da 18 á 29, a 31, a 32, a 36 e da 40 á 42 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitadas por 19 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 33.)

Votación do Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia: *aprobado por 53 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstencións.* (Páx. 33.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a política do Goberno galego respecto da atención primaria no sistema sanitario. (Punto segundo da orde do día.)

A señora presidenta (Candía Lopez) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 34.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 36.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 39.) e Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 42.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 45.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Iria Carreira Pazos e Dª María Montserrat Prado Cores, sobre a atención pediátrica na Área Sanitaria de Vigo. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 47.)

Intervención do grupos parlamentarios: *Sra. Gallego Sanromán (S) (Páx. 50.) e Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 53.)

Nova intervención da señora Carreira Pazos (BNG). (Páx. 57.)



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise de prezos. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 58.)

Intervención do grupos parlamentarios: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 61.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 65.)

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 68.)

Votación das mocións

A señora Amigo Díaz (P) pide a palabra para solicitar a votación por puntos da moción presentada polo señor Torrado Quintela (S). O señor Torrado Quintela (S) non acepta. (Páx. 71.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a política do Goberno galego respecto da atención primaria no sistema sanitario: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

A señora Amigo Díaz (P) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por puntos da moción presentada pola señora Carreira Pazos (BNG). (Páx. 71.)

Votación do punto 3 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos e D^a María Monserrat Prado Cores, sobre a atención pediátrica na Área Sanitaria de Vigo: *aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos e D^a María Monserrat Prado Cores, agás o punto 3, sobre a atención pediátrica na Área Sanitaria de Vigo: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise de prezos: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia para a prevención do cancro de pulmón. (Punto terceiro da orde do día.)

A señora presidenta (Candia Lopez) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 73.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)*. (Páx. 73.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 75.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Carreira Pazos (BNG)*. (Páx. 79.)

A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 81.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a execución do concerto social a través da Consellería de Política Social.
(Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 83.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 86.) e *Sra. López Sánchez (P)*. (Páx. 89.)

Nova intervención da señora Ortega Otero (S). (Páx. 92.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Candia Lopez) comunica unha alteración no desenvolvemento da orde do día. (Páx. 94.)

Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o novo modelo de residencias anunciado pola Xunta de Galicia.
(Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 94.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez)*. (Páx. 97.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez)*. (Páx. 102.)

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e nove minutos do serán.



Ábrese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Abrimos a sesión.

Como saben, a orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento* número 422, do 16 de decembro de 2022, polo que non procedo á súa lectura.

Xustificou a inasistencia e a delegación do voto —igual que na sesión anterior— dona Alexandra Fernández Gómez na deputada Ana Pontón Mondelo.

E entramos xa na orde do día, no punto número 1, relativo a textos lexislativos.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Hai emendas rexistradas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, da 1 á 4 e da 6 á 9, e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, da 1 á 15, da 18 á 29, a 31, 32, 36 e da 40 á 42.

Para presentar o ditame da Comisión ten a palabra o seu presidente, don José Manuel Rey Varela, por un tempo de dez minutos.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR (Rey Varela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, moi boas tardes.

O Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 17 de outubro de 2022, co número de rexistro 42801. A Mesa do Parlamento, na reunión do 18 de outubro de 2022, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 396, do 18 de outubro deste mesmo ano, e a apertura do prazo de presentación de emendas, que rematou os días 27 de outubro e 5 de novembro para as emendas á totalidade e ao articulado, respectivamente.

Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior. As emendas á totalidade e as emendas ao articulado presentadas foron cualificadas pola Mesa da Comisión nas sesións dos días 2 e 8 de novembro, e publicadas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 403 e 407 do 2 e do 11 de novembro, respectivamente. Foron unha emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e 58 emendas ao articulado: 42 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 9 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e 7 do Grupo Parlamentario Popular. Na sesión plenaria do día 8 de novembro rexeitouse a emenda á totalidade de devolución precitada.



A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do 10 de novembro de 2022 designou os seguintes ponentes: polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, José Alberto Pazos Couñago, titular, e Noelia Pérez López, suplente; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, titular, e Iria Carreira Pazos, suplente; e polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, Gonzalo Caballero Miguez, titular, e Paloma Castro Rey, suplente.

A sesión constitutiva da ponencia tivo lugar o 10 de novembro de 2022 coa miña asistencia e a dos ponentes titulares, os señores Pazos Couñago, Tabarés Pérez-Piñeiro e Caballero Miguez. A ponencia mantivo dúas reunións: o día 17 de novembro, coa asistencia dos ponentes titulares —os señores Pazos Couñago, Tabarés Pérez-Piñeiro e Caballero Miguez—, en que se analizaron o texto articulado obxecto deste proxecto de lei e as emendas formuladas.

Asemade, formalizaron propostas de aceptación, de transacción ou rexeitamento de emendas, deixando pendente a proposta de transacción para un estudo definitivo e posicionamento. Na derradeira reunión, que tivo lugar o 28 de novembro na propia Comisión —coa asistencia dos ponentes titulares, os señores Pazos Couñago e Caballero Miguez, e a suplente, a señora Carreira Pazos—, pecharon a transacción deixada pendente e concluíron o informe coas recomendacións definitivas desta ponencia.

O informe, elaborado pola ponencia, foi debatido e aprobado con todas as suxestións feitas pola ponencia na sesión da Comisión do día 9 de decembro.

Ata aquí, polo tanto, o percorrido lexislativo deste Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, que presido. Correspóndelle hoxe ao Pleno o seu debate e, se é o caso, a súa aprobación.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rolda dos grupos parlamentarios. En primeiro lugar, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra don Gonzalo Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Antes acababamos un debate no que eu falaba de como o Partido Popular traía a esta Cámara unha reforma do imposto do patrimonio que non levaba no seu programa electoral. Falaba de como o Partido Popular de Galicia se presentou nas últimas eleccións autonómicas sen levar esa reforma e como agora na Lei de medidas fiscais e administrativas acaba de facerlles un regalo fiscal aos maiores patrimonios de Galicia por trinta e cinco millóns de euros.



E agora vimos a outra lei, a unha lei que tampouco estaba no programa electoral do Partido Popular no ano 2020. Unha lei que emerxe por outras circunstancias e unha lei que ten unha finalidade positiva e que o Goberno da Xunta de Galicia trae a este Parlamento e legisla porque vén obrigado por unha lexislación estatal. Porque, como xa trasladei tamén nesta sesión plenaria —aínda que á señora Prado non lle gusta que eu repita os mesmos argumentos, cando a lei é a mesma e vostedes non a cambian—, hai que incidir en que o Partido Popular na súa historia e na súa forma de facer política nin ten compromiso cos servizos públicos nin cre na importancia da estabilidade laboral. Son, en definitiva, unha prórroga dese neoliberalismo *thatcheriano* que falaba de mercados laborais flexibles, de cambios no traballo de forma continua... En definitiva, dun marco laboral que non traballa por esa estabilidade laboral.

Pero a Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público —levada a adiante polo Goberno de España co apoio da maioría progresista—, comprométese a dar solucións ás bolsas de interinos e de temporais nas administracións públicas, no emprego público. O obxectivo é evitar esas bolsas de interinos crecentes, de cerca de trescentos mil interinos que no conxunto do Estado poderán consolidar unha praza dentro do sector público.

Ademais —como sinaléi xa noutra sesión plenaria— é importante sinalar que moitos deses empregados públicos son precisamente empregadas públicas. Traballadoras que no ámbito das políticas sociais, da sanidade, tiveron durante moito tempo contratos dunha enorme precariedade. Probablemente moitos deles puideron estar en situación de fraude, e que incluso moitos deles, a través dos tribunais, gañaron o dereito a manter esa estabilidade. Nós queremos facer bandeira dese compromiso cos traballadores e coas traballadoras. Por iso, a lexislación obriga o conxunto das comunidades autónomas a desenvolver e a aprobar, antes de final de ano, lexislacións autonómicas para reducir a temporalidade de todas as administracións por debaixo do 8 %. Ademais, regulando tamén a imposibilidade de que existan contratos temporais que se prorroguen máis aló de tres anos.

É evidente que existiron distintos mecanismos, directivas e normas da Unión Europea que buscaron a estabilidade laboral e que ao longo de moitos anos chamaron a atención de que en España había que dar solución a este problema. Pero é a Lei 20/2021, aprobada o ano pasado no Goberno de España —co Goberno de España e coa maioría de progreso—, a que obriga a facer unha aposta pola estabilidade no sector público. E eu quero comezar sinalando que o Partido Popular nas Cortes Xerais do Estado non respaldou a Lei 20/2021 para a redución da temporalidade do emprego público; que co Partido Popular en España nunca se tería dado este avance, que é importante; e que vostedes —como xa lles dixen aquí— tráena a este Parlamento non porque o tivesen no seu programa electoral nin porque o tivesen nas súas prioridades. Tráena porque a lexislación estatal obrígaos a desenvolver un marco lexislativo para conseguir paliar esas bolsas de interinaxe tan amplas que hai en Galicia.

Polo tanto, hai que sinalar tamén cal é a traxectoria do Partido Popular. E eu dei nesta sesión plenaria e vou dar catro datos que son moi representativos. A temporalidade do sector público en Galicia case duplica a das empresas do noso país, tras trece anos de gobernos do Partido Popular. E vostedes sinalan que se as empresas o fan ben é outra cousa... Non, é que



vostedes son responsables de non aplicar unha política de estabilidade laboral para tantos traballadores e traballadoras dentro da Administración pública galega, que levan tantos anos —ás veces máis dunha década— de forma continua con contratos de prórrogas, con interinaxes, con distintos mecanismos que non lles dan unha estabilidade.

Iso é unha falla de vontade e de compromiso con eses traballadores e esas traballadoras. E tamén é algo que debilita os propios servizos públicos, porque o Estado de benestar e os servizos públicos son máis sólidos se temos traballadores que poden ter estabilidade nas súas prazas para desenvolver as súas capacidades, para mellorar no seu posto de traballo, para facer todo aquilo que lles permite ter horizonte e saber cales son as condicións para manter un horizonte laboral. E, á vez, é tamén un dereito dos traballadores e traballadoras; traballadores e traballadoras que teñen a necesidade e tamén que teñen o dereito —sobre todo— a ter estabilidade laboral e a ter dignidade laboral. E, polo tanto, esta é unha lexislación que ten un claro compoñente extraordinario, porque ten por obxecto dar solución ao problema da temporalidade. O marco lexislativo permite que prazas interinas ou temporais acaben converténdose en prazas que teñen un compoñente indefinido. Ademais, neste marco lexislativo as persoas que están detrás das prazas son fundamentais. Nós entendemos que quen desenvolveu unha tarefa profesional, por exemplo, nas políticas sociais en Galicia durante tantos anos sen ter o dereito de poder presentarse a unha oposición de estabilidade laboral —cando moitas e moitos deses traballadores o estiveron desexando— debe ter agora a oportunidade de poder asentar os seus dereitos, de presentarse a unha praza e de conseguir esa estabilidade laboral.

Polo tanto, queremos sinalar que o Partido Popular non tivo un compromiso en trece anos de goberno. Para dar un exemplo e un dato relevante, se hai trece anos había catro postos de traballo en circunstancias temporais en Galicia, agora hai máis. Os traballos temporais na Xunta de Feijóo multiplicáronse, aumentaron, disparouse a temporalidade dende o ano 2009. Por cada catro postos de traballo temporais hoxe hai sete; hai tres máis dentro da Xunta de Galicia. E era necesario desenvolver esta lexislación e traela ao Parlamento de Galicia. Porque, ademais, a porcentaxe de traballadores e traballadoras fixos e de funcionarias e funcionarios de carreira caeu máis de dez puntos no total do emprego público na Xunta dende o ano 2009. Estaba no 83 % do emprego público de Galicia e baixou ao 70 %.

Vostedes optaron por un modelo de debilitamento do Estado do benestar que foi acompañado dun modelo de debilitamento dos dereitos dos traballadores e traballadoras nas administracións públicas. E é por iso que incluso as cinco xuntas de persoal funcionario da Xunta pediron a dimisión do director xeral de Función Pública xa hai un ano, en novembro do ano 2021, polos problemas que houbo e por tantas claves sen resolver.

O Goberno da Xunta ten que cumprir coa lexislación estatal. Unha lexislación de progreso que ten que sacar adiante unha lei necesaria para a estabilidade do emprego público, que é a base do Estado de benestar. Sen traballadores e traballadoras públicas non hai benestar para os cidadáns e para as cidadás. Sen compromiso coa estabilidade e co dereito á estabilidade dos traballadores e traballadoras públicas non hai garantías para ter un Estado de benestar potente que apoie a función pública e que desenvolva o noso modelo. Vostedes levan adiante esa lexislación arrastrados pola lexislación estatal. Porque dubidan do modelo do



benestar e dos servizos públicos e porque a súa praxe, a súa práctica en trece anos de goberno do Partido Popular do señor Feijóo amosou a súa falla de compromiso coa estabilidade no emprego público galego.

En definitiva, os feitos evidencian cal é a esencia do Partido Popular que goberna a Xunta de Galicia. Pero esa situación ten que mudar. E ten que mudar non porque o Partido Popular o levase no programa electoral das últimas eleccións autonómicas, cando dicía «Galicia, Galicia, Galicia»... Non é que vaia mudar porque agora vostedes crean no Estado do benestar e queiran desenvolver os servizos públicos, nin vai mudar tampouco porque teñan un novo compromiso cos traballadores e traballadoras do país. Vai mudar porque si hai un goberno no Estado que ten eses compromisos claros e que legisla non soamente para facelo dentro das administracións públicas xerais do Estado, senón tamén para que o fagan as comunidades. E por iso vén esta lexislación.

E unha lexislación á que nós presentamos, dende logo, emendas que non foron admitidas, que non foron aceptadas. Pero que supón un compromiso que hai que levar adiante; unha lexislación necesaria para que en Galicia poidan optar á estabilidade laboral milleiros de traballadores e de traballadoras.

É por iso que nós non somos como vostedes, que están na zancadilla e no remolque. Poñendo a zancadilla para que non vaian adiante as cousas e despois poñéndose a remolque dicindo que o fan vostedes ben. Desgraciadamente puxeron a zancadilla á lei no Estado que garante que esta teña que ir adiante na Comunidade Autónoma. E agora póñense no remolque intentando poñerse medallas. Farían ben en mudar, farían ben en ter apoiado a lexislación no Estado para a redución da temporalidade —que foi o xerme de que isto se faga en todas as comunidades— e que cando vaian ás comunidades autónomas saian adiante e saquen adiante as leis aceptando tamén as emendas daqueles que as presentamos para mellorar os dereitos dos traballadores e para que as prazas que teñan que saír poidan saír nas mellores circunstancias.

Queremos deixar atrás titulares —que volvo repetir nesta Cámara parlamentaria— que teñen un impacto claro e representan unha realidade que todos coñecemos. Dicíao e vólvoo repetir, titulares do estilo de «*Condenan al Sergas a hacer interina a una ginecóloga que llevaba más de siete años encadenando contratos*»; ou titulares do estilo de «*Alba, la enfermera que ha encadenado cuatrocientos contratos en nueve años sin subidas, sin días libres ni vacaciones.*» Ou tantas traballadoras das políticas sociais do Consorcio que estiveron en situacións complexas durante tantos anos do goberno do Partido Popular. Claro que hai moitos matices e moitas cuestións que nos gustaría mudar e, de feito, presentamos algunhas emendas ilustrativas e relevantes que non foron admitidas pola maioría parlamentaria.

Pero hai que sacar adiante esta lei, que é unha lei de progreso; é unha lei para que tantos traballadores e traballadoras poidan ter estabilidade laboral en Galicia. E nese compromiso estamos os socialistas. Estabamos no compromiso co Goberno de España cando fixemos unha reforma laboral —á que se opuxo o Partido Popular— que amosa como podemos legislar e xerar emprego con maior estabilidade laboral.

Os feitos amosan que todos aqueles chamamentos e aquelas predicións de apocalipse que facía a dereita e a ultradereita coa reforma laboral no Estado fracasaron. Que eran un cha-



memento a algo que non aconteceu, que non ocorreu. E é xustamente por iso que, igual que no ámbito do mercado laboral —no ámbito privado— favorecemos unha reforma laboral para dar estabilidade, a seguinte pata é apostar pola estabilidade laboral no público e por obrigar a que todas aquelas prazas de temporalidade poidan saír a concurso.

Polo tanto, esta é unha lexislación necesaria. É unha lexislación que non nos vai levar á mellor situación posible, pero si nos vai levar a unha situación mellor; a darlles a tantos traballadores e traballadoras as posibilidades. E volvo incidir en que nós entendemos que é unha lexislación extraordinaria que tería que garantir, a través do máximo nivel posible, esa concepción da extraordinariedade á hora de facer os concursos das prazas. Non se trata de que existan necesidades ou de máis ou de menos traballadores. Trátase dunha lexislación extraordinaria para dar solución a unha situación de inxustiza, en moitos casos de fraude de lei na praxe; en moitos casos de situacións complexas nas que moitos traballadores e traballadoras en tantos concellos de Galicia traballaron día a día en políticas sociais, atendendo a maiores, en tantos ámbitos... E saben ben os representantes municipais que eses traballadores e traballadoras fixérono moi ben. Teñen o dereito a poder optar a manter a estabilidade laboral. E nós desexamos que así sexa, que cada un deses traballadores e traballadoras que, ao longo de tantos anos non puideron optar a unha oposición —a un mecanismo establecido para darlles estabilidade laboral—, agora o poidan facer.

Todo aquilo que supoña un avance e que o desenvolvemento da lei na práctica se leve a través de acordos e de mecanismos que permitan garantir que ese compoñente extraordinario sexa o que acabe primando e que non se confunda a natureza da lei é o que nos preocupa e, dende logo, o que nos motiva. Nós cremos que é positivo que exista unha lexislación que obriga a sacar tantas prazas de forma estable a concurso. E, polo tanto, entendemos que todo se pode facer mellor, pero que é necesario cumprir coa lexislación do Estado; que é necesario dar esa estabilidade e que temos que traballar conxuntamente para baixar a taxa de temporalidade a menos do 8 % tamén en Galicia.

O propio conselleiro dicía aquí que este era un compromiso de sempre. Eu díxenlle: é un compromiso de sempre, pero que só chega cando o Goberno do Estado o obriga. Porque ese non era o plantexamento que tiña o Partido Popular. Lexislan cando queren; no Estado opoñéndose á lexislación estatal e en Galicia poñéndose agora detrás dunha lei que é necesaria e que é positiva.

E, polo tanto, somos conscientes de que todo pode ser mellorable, pero somos tamén conscientes de que agora calquera retraso na aprobación non é conveniente nin é posible de acordo á lexislación estatal. Sabemos que o positivo é máis que o negativo. Aínda que a todos nos gustaría legislar dunha forma máis delimitada, cremos que esta é unha lexislación necesaria para os galegos e para as galegas. E, dende logo, instamos o Goberno da Xunta de Galicia a que traballe para que ese compoñente extraordinario que implica a vocación da lei consiga reducir a temporalidade e primar a estabilidade das prazas, tendo en conta que detrás están persoas.

Ademais, pedímoslle ao grupo maioritario da Cámara e ao Goberno galego que desenvolva a lexislación estatal e a que será a nova lexislación galega con toda a finura e a capacidade,



para darlles ás persoas traballadoras da Administración pública galega que levan tantos anos facendo tanto traballo —e a outras persoas traballadoras que tamén están en ámbitos paralelos non propios da Xunta de Galicia, pero si análogos ou vinculados a esta lei— a capacidade de, superando de acordo ao dereito as prazas e as condicións establecidas, desenvolver a súa vida laboral durante longo tempo con estabilidade e ademais coa satisfacción tamén de poder ter unha vida máis digna e máis xusta.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Caballero.

Ten agora a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o señor Tabarés Pérez.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Boas tardes, señora presidenta.

Señorías, alégrome de velas a todos de novo. A uns e a unhas máis que a outras, pero alégrome de velas.

O primeiro, sendo eu voceiro de xustiza gustaría de facer tamén unha lembranza —como fixeron outras voceiras que me precederon no uso da palabra— á xudicatura de instancia. É dicir, a todas as persoas, a todos os homes e mulleres que traballan neste país pola xustiza, por ter unha Galiza moito máis xusta; a todas esas persoas que non participan en bloqueos interesados e partidistas, que non permiten o seu control pola porta de atrás. Esta é unha expresión —que algunhas persoas xa lembrarán e que lles soará— do señor Cosidó, que expresamente manifestaba a relación do Partido Popular coa xustiza: «controlaremos o Tribunal Supremo pola porta de atrás». E dese señor, que segue sendo cargo de confianza —deses pos veñen estes lodos—, veñen resolucións como a de onte. (*Aplausos.*)

Desa xustiza, desta xudicatura de proximidade que, por certo, non teñen a prerrogativa de votar as súas recusacións, non son como o Tribunal Constitucional. Cando alguén os recusa eles non poden votar sobre se teñen interese ou non nun asunto concreto. Isto todo, este intento de controlar a xustiza pola porta de atrás, esta xustiza de proximidade, esta xustiza de instancia moito máis xusta e moito máis independente, seguramente en boa medida por iso seguen existindo os aforamentos...

Despois, quería facer unha referencia ao que antes comentaba o voceiro do Partido Popular. Porque eu creo que existe sobre a resolución de onte unha pequena confusión. Non se resolveu un recurso de inconstitucionalidade; iso podería facelo o Tribunal Constitucional. O que se resolveu é un recurso de amparo. E dende o Parlamento de Galiza cómpre lembrar que eu creo que é absolutamente indecente que ese recurso de amparo o interpuxese o Partido Popular por vulneración do dereito de participación, por vulneración do artigo 23 da Constitución. Cando sistematicamente —máis de catrocentas veces nesta lexislatura— o Partido Popular, a Xunta de Galiza está vulnerando ese dereito fundamental, tanto ao Partido Socialista como ao Bloque Nacionalista Galego, ao non contestar á información que lle require a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego, pero que lle require o Parlamento de Galiza. In-



formación tanto sobre o acontecido nas residencias de maiores, sobre a contratación de Eulen, sobre a contratación de obra pública, sobre as listas de agarda, etc. Resulta indecente —e reitéroo— que vostedes argumenten vulneración dun dereito fundamental cando día tras día neste Parlamento se está vulnerando este dereito fundamental, este dereito de participación da cidadanía e dos grupos políticos que indirectamente a representamos.

En todo caso, a pesar de que o propio Partido Popular non sexa consciente, esta é unha cámara lexislativa. Aquí facemos leis e imos falar da Lei de medidas urxentes de redución da temporalidade.

Sendo xusto, eu, o primeiro que quero facer —sobre todo neste ambiente natalicio no que estamos—, é recoñecer o ambiente da ponencia. Foi un ambiente de cordialidade, ambiente de diálogo normal dentro dunha cámara de representación e debate político, pero que, na situación na que estamos, nesta situación de crispación, resulta singular e resulta anormal. Entendo, por iso, que a pesar deste bo ambiente o reducido dos acordos acadados non é atribuíble á actitude dos e das ponentes, senón á liña imposta pola dirección do Partido Popular xa dende 2009. Esta é unha liña imposta e dirixida a rexeitar calquera posibilidade de acordo, á marxe da importancia dese acordo; xa sexa ese acordo en materia lingüística, xa sexa ese acordo para unha reforma do Estatuto e agora seguen con iso na reforma de institucións, como pode ser o Consello Xeral do Poder Xudicial. É unha liña imposta dende 2009 de degradación das institucións democráticas e constitucionais e mesmo de innecesaria falta de respecto ás mesmas. Hoxe puidemos comprobar como volvían vulnerar o regulamento desta Cámara entrando a votar un membro do Goberno unha vez que estaba iniciada a votación. É dicir, non respectan —pregúntenlle ao señor Conde— en absoluto as normas deste Parlamento, as normas destas institucións.

E, así, o texto que votaremos hoxe en boa medida non é resultado da incapacidade ou da capacidade das ponentes. Eu creo que a miña compañeira, Iria Carreira, fixo unha exhibición de talante e de capacidade negociadora. Pero iso non é o relevante; o relevante para non chegar a acordos é esa liña da dirección política do Partido Popular que xa leva dende 2009 e que agora mesmo transmiten a outras latitudes.

Este proxecto de lei é tardío. Como falaba antes o presidente da Comisión, entrou no Parlamento o 17 de outubro de 2022. Podemos, sendo xenerosos, dicir que entrou un ano despois do que debería ou mesmo, sen estar tan imbuídos nese espírito natalicio, dicir que chega vinte anos tarde.

É un proxecto de lei carente de ambición. Vostedes limítanse —a Xunta de Galiza e o Partido Popular— á reprodución da normativa estatal, da invocada Lei 20/2021, desaproveitando a ocasión para mellorar as condicións de traballo das persoas obxecto de fraude de lei por abuso da temporalidade e centrándose exclusivamente na estabilización dos postos de traballo.

É unha norma na que a negociación foi máis formal que real. Non considera o Partido Popular, non considera a Xunta de Galiza, que o diálogo e a participación sexan procedementos democráticos que facilitan o acerto nas decisións. Así, hai partes do texto que foron remitidas ás organizacións sindicais corenta e oito horas antes de que o texto entrase neste Parla-



mento. Polo tanto, tiveron que *simultanear* ese diálogo sindical coa tramitación parlamentaria; algo absolutamente inusual.

E, a pesar de todo o exposto, este é un texto froito da precipitación. Continúa —e contén— erros e contradicións de consideración, algúns dos cales sorprendentemente non foron corrixidos.

En definitiva, e sen entrar a discutir a necesidade ou conveniencia de aprobación dunha norma desas características, consideramos que nin na forma nin no fondo —e mailo limitado do seu contido— é particularmente afortunada.

Dicía que era unha norma tardía, e neste aspecto teño que confesarlles a miña perplexidade ante o feito de que no debate en comisión tanto os representantes do Partido Popular como os do Partido Socialista discutían e debatían para atribuírse o mérito da posta en marcha dos procesos de estabilización de prazas estruturais, que levaban cando menos un lustro ocupadas por persoal contratado por tempo determinado. É dicir, rivalizaban a ver quen fora máis dilixente, a ver de quen era este mérito.

Entón, hai que retrotraerse a unha cuestión, que eu creo que é coñecida polas súas señorías. ¿Cal é a cerna desta norma que hoxe debatemos? Son situacións provocadas pola falla de transposición da Directiva comunitaria 1999/70, acordada por organizacións sindicais europeas e por representantes da industria e das administracións públicas, sobre a contratación de duración determinada. Estamos a falar dunha directiva de 1999. Xa podemos dicir que é do século pasado.

O Goberno do Estado, por tanto, viña obrigado á transposición desa directiva dende 2001. Vinte anos tardaron na incorporación, na redacción desa norma; vinte anos que pasaron gobernos do Partido Popular, gobernos do Partido Socialista, outra vez gobernos do Partido Popular, e agora gobernos do Partido Socialista.

E é curioso que non fose iniciativa do Goberno do Estado a elaboración desta norma, senón que foi a insistencia da práctica totalidade das institucións da Unión Europea. É dicir, primeiro foron as coñecidas sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, particularmente a do 19 de marzo de 2020. Tamén foi a incoación, xa en 2014, dun procedemento de infracción por falta de transposición desta directiva; ou mesmo xa máis recentemente a existencia da Unión Europea que condicionaba esta redución da temporalidade á aprobación do Plan de recuperación e de resiliencia.

Realmente provoca certa perplexidade e resulta un pouco sorprendente que pelexen por colgarse medallas. Realmente deberían pelexarse por pedir desculpas ás persoas que durante décadas —en todo caso, durante cando menos un lustro— estiveron sufrindo unha fraude de lei por abuso da temporalidade. (*Aplausos.*)

E claro, a consecuencia desta infracción da directiva comunitaria que falamos non é menor. Se en 2009 co goberno bipartito —medida de todas as cousas para o Goberno do Partido Popular— a taxa de temporalidade era dun 16,57 %, hoxe é máis dun 30 %. Se en 2009 existían aproximadamente catorce mil contratacións temporais, a día de hoxe son case trinta mil.



Iso é a consecuencia desta falta de transposición da directiva comunitaria. Este incremento da temporalidade —e de aí unha das nosas emendas— non é atribuíble en exclusiva —si é causa pero non atribuíble en exclusiva— á existencia da taxa de reposición, senón que tamén é debido ao reiterado incumprimento das ofertas públicas de emprego e dos prazos das convocatorias, como tamén á indisimulada vontade neoliberal do Partido Popular de preparar a privatización da xestión dos servizos públicos.

E resulta sorprendente —e xa o temos comentado co ponente do Partido Popular e de aí a miña sorpresa, porque pensei que todo fora corrixido— que, a pesar da tardanza de un a vinte anos na elaboración desta norma, se incorrese en ilegalidades. É dicir, en redaccións que son totalmente contrarias a normas tanto deste Parlamento como a normas básicas do Estado. Así, por exemplo, falábase de que no concurso tanto o Estatuto básico do empregado público como a Lei da función pública de Galicia establecen que o único que se ten en conta son os méritos —o único ou exclusivamente, son as dúas expresión que utiliza cada norma— e aquí establecíase a elaboración de probas eliminatorias. Iso, afortunadamente, foi corrixido a instancias do Bloque Nacionalista Galego transaccionando co Partido Popular, pero é claramente ilegal.

Como é claramente ilegal que establezan a posibilidade de embargar os salarios das traballadoras saltando a orde de prelación que establecen as leis do Estado, tanto administrativas como a Lei de axuízamento civil; e a posibilidade de embargar os salarios das traballadoras sen respectar sequera a inembargabilidade do salario mínimo interprofesional. Penso que o señor Pazos coincidirá comigo en que parece que na ponencia ía ser corrixido —unha proposta afortunada que alí se velou— pero segue no texto igual de ilegal que na súa redacción inicial. E realmente —perdoen a ironía— sorprende que o Grupo Popular colabore coa Xunta de Galiza na vulneración do Estado de dereito, unha vez máis, en prexuízo das traballadoras.

Tendo en conta o exposto, tendo en conta esta singularidade e resultado na elaboración das normas, entendemos procedente a participación da representación das traballadoras tanto na elaboración das bases da convocatoria como na fixación das probas, no carácter eliminatorio ou non das mesmas, nos requisitos e nos méritos a valorar. E, sobre todo, impedindo, como ven no texto, a discrecionalidade da Xunta de Galiza na elaboración de todos estes aspectos. Esta discrecionalidade, como ben sabemos en Ourense, moitas veces acaba nunha condena por prevaricación continuada.

Polo tanto, entendemos que o diálogo e o consenso son positivos; e o diálogo e o consenso levan ao acerto nas resolucións. E dicíamos —e reiteramos— que este proxecto de lei carece de ambición. Perden a oportunidade incluso de atender os requirimentos do Tribunal superior de Xustiza de Galiza de conceder indemnizacións moito máis altas; indemnizacións, como di este tribunal, suficientemente disuasorias para as persoas que, despois de ser abusadas na contratación, non conseguen a estabilización do seu posto de traballo. Entendemos que non se é xusto nesta norma con estas traballadoras e que se obvia moitos dos seus dereitos. Non se ten en conta o traballo desenvolvido nun concreto posto de traballo.

Resulta curioso que o Partido Socialista entenda o valor e que recoñeza que durante moito tempo esas traballadoras non tiveron a oportunidade nin sequera de consolidar o



seu posto de traballo e despois iso se vaia penalizar. É dicir, prexudícase as persoas que non superaron un procedemento selectivo. ¿Como ían superar o procedemento para esa praza se non foron convocadas? Pois resulta que agora esta lei permite e consolida esa mesma inxustiza.

E, despois, para ir rematando, a ver se o señor Pazos —moito máis hábil e experimentado ca min, por suposto— pode contestarme a unha pregunta. Hai aproximadamente un ano o Partido Popular, en solitario, aprobou a Lei 5/2021, de impulso demográfico. E, agora, na primeira oportunidade que ten de aplicar este precepto entende que non resulta aplicable. É dicir, que dá igual; que a axilización da tramitación dun procedemento xustifica que se poida discriminar unha traballadora polo tempo de inactividade profesional debido a situacións de risco no embarazo, maternidade, paternidade, acollemento, excedencia ou coidado de filla. ¿Parece iso xusto? ¿Elaboran as normas dun xeito tan irreflexivo que o ano seguinte xa están apostando pola súa inaplicación?

En definitiva, creo que este proxecto de lei responde ao principio de que «hai persoas que cando teñen que facer algo fan algo, aínda que non sexa o que deben».

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Tabarés.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra don José Alberto Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, antes de nada, atendendo á vocación de servizo que sempre ten o Grupo Parlamentario Popular e ante as reiteradas peticións do Grupo Nacionalista de que désemos lectura ás declaracións do señor Rego, con moito gusto procedo á lectura: «*El diputado del BNG en el Congreso, Néstor Rego, considera ilegítima la resolución del Tribunal Constitucional que ordena la paralización de la tramitación de las enmiendas destinadas a su propia renovación. Cree que el Senado no debería acatarla y llama a la unidad de las fuerzas democráticas ante lo que define como un gravísimo golpe blando judicial. Para Rego, el Senado debería seguir adelante con la tramitación de la norma íntegra sin atender al requerimiento del Constitucional. “Hai que defender la capacidad del Congreso y del Senado para legislar”, ha enfatizado, llamando a la unidad de la acción de las fuerzas democráticas*».

¡Home! Pois desacato non será, pero paréceselle moitísimo, señorías. (Aplausos.)

Como levan vostedes todo o día falando moito dun libriño, eu tróuxeno. (O señor Pazos Couñago amósalles un libro aos membros da Cámara.) Este de aquí: Constitución Española. Vanme permitir que lea dous fragmentos moi breves: Artigo 1.2: «*La soberanía nacional reside en el pueblo español, del que emanan los poderes del Estado*». (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Hai uns poucos despois, si.



Artigo 9: «Los ciudadanos y los poderes públicos están sujetos a la Constitución y al resto del ordenamiento jurídico». Este pasóuselles. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Entón, parece ser que estamos todos sometidos ao xuízo da Constitución, excepto o Grupo Parlamentario Socialista no Congreso dos Deputados, que pode facer o que quere. En fin, ¡que cousas hai que oír!

Eu alégrome moito tamén de velo, señor Tabarés. Créame, moitísimo. É certo que na súa ausencia pasaron algunhas cousas que entendo que xustifican algunha das cousas que dixo vostede aquí e que perdeu algunha cuestión. Pero non pasa nada. Iso é normal.

Eu creo que estamos en disposición de dicir que, despois de moitos meses de traballo conxunto e de diálogo construtivo entre o Goberno galego e os representantes dos traballadores da Xunta de Galicia, enriquecido tamén —teño que dicilo— durante o trámite parlamentario, hoxe estamos en disposición de someter á votación desta cámara unha lei útil, equilibrada e necesaria.

É útil porque vai permitir un significativo aumento da estabilidade laboral da Administración autonómica. Non perdamos de vista que o obxectivo desta lei é reducir esa taxa de interinidade en todas as administracións por debaixo do 8 por cento.

É equilibrada porque esas prazas estables se adjudican garantindo os principios de mérito e capacidade. Valórase o servizo que veñen prestando na administración pública durante anos —en ocasións durante moitos anos de exercicio profesional— algúns traballadores, pero sen negar oportunidades de acceso a esas prazas na administración aos traballadores que non tiveron oportunidade de acumular esa experiencia.

E é necesaria porque corrixe e complementa algunhas eivas da lexislación estatal. Eu quero agradecer a boa disposición de todos porque —é certo— o ton da ponencia creo que foi o axeitado. Pero hai algunhas cousas que se dixeron hoxe aquí que sorprenden.

Primeiro, que se nos diga que vimos arrastrados. ¡Home!, eu agradezo moito o cambio de postura do Partido Socialista, pero arrastrado virá quen leva sen apoiar todos os trámites desta ponencia ata o día de hoxe. Nós votamos a favor desde o primeiro día, señor Caballero. Claro, botarnos en cara que non apoiamos a normativa estatal —porque considerabamos tamén que era moi mellorable, polo tanto, non lle demos apoio explícito aínda que si nos abstivemos— queda un pouco cínico. É un pouco menos crible se non fai vostede tamén a aclaración de que exactamente o mesmo votou o seu habitual socio de goberno en todas as administracións públicas, o BNG. Pero, curiosamente, a min recordoume tres veces a abstención e ao BNG aínda no día de hoxe non lle oín nin unha soa mención.

En todo caso, eu agradezo tamén as achegas. Porque houbo achegas que fixeron os grupos; aceptamos seis desas achegas directamente presentadas polo BNG e chegamos co BNG a dúas transaccións. Eu agradezo o talante. Díciame que tiña que haber máis acordos. É posible, señoría, pero non tivemos máis propostas. Emendas tivemos moitas, non sei se distingue vostede o que é unha emenda do que é unha transacción. Emendas pode presentar as que queira. Eu díxenlles: estas son as que aumentamos directamente. Nós, por certo, presentamos tamén, porque o Grupo Parlamentario Popular presentou sete emendas. Se queren



vostedes tamén propoñer transaccións sobre as emendas, estamos dispostos a aceptalas, a estudalas todas. Aínda non recibimos ningunha. E por parte do Partido Socialista directamente aceptamos unha das emendas que presentaron. ¿Gustaríanos que fosen máis? Seguro que si, pero todos temos que poñer da nosa parte, señorías.

Se houbo disposición, que houbo boa disposición, se respectamos os límites da lexislación nacional europea, que os respectamos, se alcanzamos acordos cos sindicatos, que se alcanzaron, e se aceptamos achegas dos grupos parlamentarios, a pregunta é: ¿cal é o impedimento para que esta lei sexa aprobada hoxe por unanimidade? Nós cremos que ningún; ningún agás alimentar un permanente estado de confrontación por intereses partidistas. Eu laméntoo. Hai que recoñecer que nese argumento hai unha serie de falacias que usan vostedes, indistintamente sexan nacionalistas ou socialistas: o PP está en contra da estabilidade laboral dos traballadores públicos, fronte á esquerda, que, por suposto, é a única, ¡a única!, que garante condicións laborais de estabilidade.

Señorías, eu creo que vostedes co tema das políticas de estabilidade no traballo fan exactamente o mesmo que fan coas políticas de endebedamento, que é liar. Falan, evidentemente, do que creceron aquí as prazas ou do que creceu aquí o endebedamento, pero, por suposto, sempre descontextualizando. E por iso poden acusar o señor Feijóo de aumentar exponencialmente a débeda, ocultando que é o dirixente que menos a aumentou de todos os autónomos que hai en España, e poden vir dicir aquí que o PP se dedica pouco menos que a precarizar o emprego público.

Eu, como escoitei estas afirmacións do señor Caballero, ¿que fixen? Pois o habitual, fun á páxina do Ministerio de Facenda e Función Pública e comprobei os datos. Tomamos a molestia de facer un pequeno —pero creo que moi explicativo— gráfico. (*O señor Pazos Couñago amósalles un gráfico aos membros da cámara.*) Esta é a taxa de interinidade de todas as comunidades autónomas de España. (*O señor Pazos Couñago ocúltalles a parte superior do gráfico aos membros da cámara.*) Esta barriña verde que ve vostede aquí é a media: 40,8 por cento. (*O señor Pazos Couñago volve amosarlles o gráfico completo aos membros da cámara.*) E vouno subir —agora si—, porque estoutra barriña pequena que aparece aquí, 28,7 por cento —que é a menor taxa de interinidade de todas as comunidades autónomas de España—, ¿sabe de quen é? De Galicia, do Goberno do Partido Popular de Galicia. ¡A menor! (*Aplausos.*) A menor de España, e vén vostede aquí darnos leccións. ¡Que cousa tan interesante! ¿Sabe cal é a segunda? Está ao lado, mire, ensínolle aquí tamén para que vexa que non fago trampa: Castela e León, 32,5 por cento. Por certo, cinco puntos máis que Galicia.

Pero se quere comparamos co outro veciño que temos ao norte, Asturias, que aí gobernan vostedes. ¿Sabe cal é a taxa de interinidade en Asturias? Amósolla: 48 por cento; vinte puntos máis que a galega. E vostede vén aquí dicirme que os malos somos os do PP, que vostedes o fan moi ben e que teñen unha vontade fantástica de estabilizar o emprego. Debe ser que non lles sae; queren, pero non lles sae. ¡É unha cousa certamente curiosa!

Tamén é verdade que me pode dicir vostede: non, é que vén vostede falar do resto das comunidades autónomas. Dixen eu: vou tomar a molestia de facer unha comparativa con outras administracións galegas. Señores do Bloque —que vostedes tamén nos acusaron disto—, non



sei se lles soa un concello, Allariz. Creo que o coñecen. Eu creo que aí levan gobernando vos-
tedes algún tempo, paréceme, ¿verdade? A plantilla que ten: cento tres. ¿Sabe cantas prazas
sacan para estabilizar? Cincuenta, o 48,5 por cento das prazas. ¿Rianxo sóalles? En Rianxo
melloraron a súa capacidade; de setenta e tres prazas sacan cincuenta e nove, o 80 por cento.
Ou se quere falamos de Pontearreas —onde tamén gobernan dende hai certo tempo—, onde
sacan o 52,2 por cento das prazas interinas para convocar, noventa e catro. Non está mal.

Pero, bueno, están os señores do PSOE, que dixo aquí o señor Caballero que viñan sacar peito
co seu compromiso coa estabilidade no emprego público. Gustaríame saber de onde. No Car-
balliño, por exemplo —creo que teñen unha representante do Carballiño por aquí—, o 88
por cento das prazas, ¡oitenta e oito! Ou, se queren, Vilagarcía —presidente da Fegamp—,
que creo que é do seu partido tamén: 48,2 por cento, cento corenta e sete prazas convocadas
de trescentas cinco. ¿Barbadás sóalles? Sesenta e cinco prazas de noventa e catro, o 69,1 por
cento. A pregunta é: ¿pero de verdade non lle cae a cara de vergoña de vir aquí sacar peito e
dicir que vostedes son os defensores da estabilidade laboral no emprego público galego? A
min caeríame, dígollo de verdade.

En todo caso, si lle digo unha cousa: non lle digo isto a modo de crítica. Eu entendo que
todas as administracións —niso si lle vou dar a razón ao señor Tabarés— incorremos neses
problemas. Non me escoitou vostede sacar peito disto nunca. Efectivamente, isto responde
a unha transposición obrigatoria de resolucións europeas. Non me oíu vostede nunca dicir
unha cousa distinta a esa. Eu invítoos a que me diga onde e cando; non vai ser capaz de facelo.
Agora, con estes datos que lle acabo de dar, vostede entenderá que eu acepte que non me
vou poñer medallas. Pero co que pasou en Allariz, co que pasa nos concellos que lle acabo de
relatar, que veña poñelas vostede no peito... ¡Home!, cortémonos todos un pouco.

Por certo, mencioneille un concello moi significativo dunha provincia da que vostede adora
falar habitualmente. Non sei se ese 41,5 por cento de precariedade en Allariz considera que
é un deses logros do modelo que temos que exportar ao resto dos concellos, seguindo o
exemplo sempre ecuánime do concello alaricano. En fin, ¡que cousas hai que oír aquí!

Os datos acreditan que o Goberno galego é unha garantía para a estabilidade do emprego
público; ante esa evidencia, o único recurso da oposición é a incoherencia e a falacia. O BNG
negou o apoio a esta lei porque exige unha serie de modificacións, por certo, que os alcaldes
e as alcaldesas do BNG se negaron a aplicar nos seus propios concellos. Exixen maior par-
ticipación dos sindicatos. (*O señor Pazos Couñago amósalles un documento aos membros da cá-
mara.*) ¿Como en Pontevedra, onde aprobaron isto «a pesar del plantón de la Junta de
Personal», que se levantou e directamente vostedes se negaron a falar con eles? Pregúntolles
se ese é o modelo que queren vostedes que apliquemos aquí.

Que queren que valorem os traballos na praza para facer as asignacións. Eu teño aquí o
acordo ao que chegaron, ¿verdade?, os sindicatos e a Fegamp, que subscribiron vostedes e
que subscribiu, por certo, tamén o sindicato nacionalista. Se quere, buscamos onde fai re-
ferencia a que se debe valorar as prazas. Levo buscándoo case tanto como no programa do
PSOE onde viña o da estabilización das prazas. Non encontrei nin un nin outro. Pero seguirei
buscando. Eu vou seguir probando, que igual teño sorte.



Di que temos que mellorar a indemnización aos interinos sen praza. ¿Cal lle poñemos, a deste acordo que subscribiron e están aplicando vostedes? Porque é exactamente a mesma que está marcada na lexislación nacional. Pero ¿a que vén este exercicio de cinismo e hipocrísía? ¿Críticannos a nós por aplicar a mesma normativa que están aplicando vostedes? ¡Exactamente a mesma! ¡Home!, eu creo que aquí alguén si que debería tomar a molestia de falar cos traballadores para explicarlles o que están facendo e non mentirlles, señoría. Está moi mal mentirlles aos traballadores.

O PSdG, pola súa parte, simplemente desentendeuse da tramitación desta lei. Teño que dicilo así. Dedicouse a trasladar o seu debate interno a este parlamento —como fai habitualmente, por outra parte—, no cal o señor Caballero segue a aproveitar cada oportunidade que ten para subir a esta tribuna e amosar que existe alternativa política. Que existe alternativa política ao señor Formoso, por suposto, non a ninguén máis; os seus intereses niso temos moi claros. A min no me cómpre entrar nese debate, pero eu si quería recordarlle que estamos na casa dos galegos e non na sede do Partido Socialista de Galicia. Eu, polo tanto, pido respecto para esta institución. E pido respecto para os deputados e as deputadas —case todos, por certo— que preparamos os temas que imos debater e vimos falar deses temas e non doutras cuestións de carácter xeral, que entendo que lle poden interesar moito, pero que non proceden neste debate. E pido respecto tamén para os galegos, porque os galegos págnanos por debater os temas que se debaten e se someten ao debate desta cámara e non por que vostedes veñan aquí ver quen fai o mellor discurso e quen ten máis méritos para aspirar ao liderado do Partido Socialista. Paréceme que iso non é nada edificante.

A partir de aí lamento profundamente que vostede insista nesa perigosa dinámica na que a razón é substituída polo prexuízo e os feitos polo bulo e pola manipulación. Porque resulta que, se eu escoitei ben —e creo que escoitei moi ben—, para o PSdG a mellora dos traballadores non depende do diálogo social ou das conxunturas económicas, senón do ADN de quen goberna. E escoiteillo varias veces, señor Caballero. Iso é tanto como negar a lexítima discrepancia, establecendo un apriorismo simplista que divide a sociedade en bos e malos ou en ricos e pobres. O ADN socialista é beneficioso para os traballadores e o ADN do PP é lesivo para os intereses dos traballadores. Eu preguntome que ADN lle permite facer ese tipo de afirmacións. E, dende logo, garántolle que ese non é un ADN democrático; non o é.

Porque a realidade é que vostedes teñen unha memoria moi limitada. Eu recórdolles que vostedes en determinadas situacións —que eu non digo que non tivesen que facelo— tomaron decisións durísimas. Por exemplo, ¿que parte do ADN socialista operaba cando vostedes implementaron un recorte dos salarios de todos os traballadores públicos dunha media do cinco por cento? Un recorte que afectou o salario de tres millóns de funcionarios. ¿Ese era ADN socialista ou era algún tipo de mutación que se nos escapa? Ou cando fixeron unha conxelación de pensións que afectou seis millóns de pensionistas. ¿Que tipo de ADN era ese? Ou, por exemplo, cando fixeron a reforma das pensións, atrasando a idade de xubilación aos sesenta e sete anos. Porque estas tres medidas, que considero eu —e vostede coincidirá comigo— que non son especialmente favorables aos intereses dos traballadores, tomáronas vostedes o mesmo día. ¿Que lle pasou ao ADN socialista ese día?, ¿marchou de vacacións? En fin, a min paréceme que hai cousas que deberían chamarnos a ser máis coidadosos.



E a última, porque insiste vostede en cada intervención que ten lugar aquí na falacia de ricos e pobres —xa lle dixen—, na falacia do Robin Hood. Vostedes van por aí dicindo que son Robin Hood, que se dedica a repartir cartos entre os máis necesitados. É mentira; vostedes son o shériff de Nottingham, que van polas aldeas rapinando todos os bolsillos e todas as moedas que poden para despois darllas ao príncipe Pedro e que llelas dea aos cidadáns en forma de limosna. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Esa é a realidade.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor PAZOS COUÑAGO: Se facemos unha rebaixa fiscal que afecta o imposto de patrimonio, que vostedes querían eliminar por completo —e disto esquéceneselles falar bastante a miúdo—, é simplemente para intentar ser máis competitivos e que non marchen, por exemplo, eses patrimonios a Portugal, onde un Goberno socialista de esquerdas ofrece condicións moito máis vantaxosas. Porque ¿sabe o que fan os ricos que non están en Galicia? Non pagan nada, iso é o que vostedes non entenderon.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Pazos.

Quenda para definirse sobre as emendas mantidas polos demais grupos.

Por cinco minutos ten a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Gonzalo Caballero. *(Pausa.)*

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Eu creo que o voceiro do Partido Popular fixo unha intervención que leva moito o selo dalgunhas das intervencións do Partido Popular. Vostedes falan de todo, pero cando lles falan do que non lles gusta é que algúns estamos falando do que non debemos. Porque vostedes acaban crendo que a Cámara parlamentaria é propiedade do Partido Popular. E vostede pode falar na súa intervención da Constitución, da reforma fiscal, do Partido Socialista..., de todo o que lle peta. Pero se nós a vostedes lles dicimos as realidades do país, do que fala a xente, do día a día, iso é unha cuestión que non se pode facer en sede parlamentaria. Voulle dicir, señor Pazos, que este grupo parlamentario, este deputado e cada un dos deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Socialista imos seguir confrontando as políticas conservadoras do Partido Popular. Ímoslles seguir amosando as súas inconsistencias.

E claro que sabemos o que é utilizar a expresión «ADN» en política, porque sabemos cal é a forma de lexislar do Partido Popular e como ten unha falla de sensibilidade social que se amosa en tantas decisións. Por exemplo, ante a crise que estamos vivindo no Goberno do Estado con todos os «non» do Partido Popular: «non» a subvencionar o consumo de com-



bustible, «non» a subir o ingreso mínimo vital de forma extraordinaria, «non» a aumentar as bolsas no conxunto do estado, «non» a aumentar o gasto social. É o Partido Popular do «non» a todo o Estado do benestar. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Esa é a realidade do país. E non lles gusta que llelo recordemos porque cando llelo recordamos e amosamos o que é a reforma fiscal estamos ensinándolles aos galegos e ás galegas a verdadeira cara do Partido Popular. Esa cara do Partido Popular que está pensando en todo menos nos cidadáns do día a día. E, polo tanto, ímosllelo dicir con total contundencia.

Claro que sinalamos que esta lei de redución de temporalidade que temos hoxe neste parlamento vén por unha lexislación estatal. E vostede di: «é que o BNG tampouco a apoiou». Ben, cada un que fale do seu. Eu o que lle digo é que houbo unha lexislación do estado que obrigou as comunidades autónomas a traballar por reducir a temporalidade e que iso vén coa marca dun goberno de progreso e coa defensa dos traballadores.

E cando vostede me ensina ese gráfico e vostede quere comparar dunha forma estática a situación da temporalidade, vostede está dando unha versión na que se quere olvidar da responsabilidade do Goberno do Partido Popular. Porque cando o señor Feijóo colleu o Goberno da Xunta de Galicia a taxa de interinaxe que había estaba nun dezasete por cento e agora está nun trinta por cento. E cando vostede fai a falacia de comparar con distintos concellos seleccionados de forma adecuada para o Partido Popular, vostede está comparando mazás con peras.

Cando vostede queira falar da súa xestión, falen da evolución do emprego público en Galicia e da temporalidade. Expliquen por que a dispararon. Expliquen por que o Goberno do señor Feijóo multiplicou o número de interinos que hai na Xunta de Galicia, que por cada catro que había no 2009 agora hai sete; que aumentaron por cada catro en tres —que case a duplicaron—; que pasaron esa taxa de temporalidade do dezasete ao trinta por cento. Falen tamén das políticas de temporalidade no Sergas, que eses datos son moi interesantes. Amósenos vostedes aquí e ao mellor teñen unha visión máis equilibrada do que están dicindo, de como concatenaron tanto os traballadores tanto tempo, ou da política que fixeron no Consorcio na política social, de como non apostaron pola estabilidade.

Claro que eu fago un compromiso cos traballadores e coas traballadoras, e claro que me tería gustado que esta lexislación chegase antes, pero chegou cunha maioría parlamentaria na que sinto que outros grupos non estivesen. E dende logo que nós pedimos desculpas a cada un dos traballadores que non acadaron en Galicia esa estabilidade laboral anteriormente. Pero tamén é certo que nós non gobernamos en Galicia dende o ano 2009 e, polo tanto, a responsabilidade está no Partido Popular.

No mesmo Partido Popular que ten que explicar moitas cousas. Hoxe mesmo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia acaba de obrigar a repetir o concurso para elixir o xefe de Análise Clínica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago. Expliquen vostedes tamén toda esa política no Sergas que está marcada con temporalidade, con decisións controvertidas e con sectarismo e con ilegalidade —en moitos casos, despois xa amosada polos tribunais—, que non levan a unha función pública máis potente.



Eu quéroilles dicir que vostedes non escoitan ben, que non lles gusta que falen de ricos e de pobres. Non lles gusta porque queren dicir que todo o mundo é igual, pero desgraciadamente non todo o mundo é igual. Non é o mesmo quen ten vinte millóns de euros que quen ten que vivir coa risga ou co ingreso mínimo vital. E non é o mesmo o Partido Popular que o Partido Socialista, porque votamos cousas distintas en cada momento cando hai que defender o benestar e os traballadores. *(Aplausos.)*

Iso é o que amosa o seu ADN. Veñen con esta lexislación, que é unha lexislación que nos gustaría que fose mellor, que tivese máis compromisos, que tivese máis ambición. Pero chegan con esta lexislación porque o marca unha lexislación estatal que nós cremos que é un avance. E é por iso que actuamos con coherencia en todo o proceso lexislativo. Porque do que falamos é dos traballadores. Non se equivoquen, vostedes falan do que queren pero nós falamos de Galicia. E falamos dunha lexislación que é necesaria —e por iso non presentamos unha emenda á totalidade—, pero que nos gustaría que tivese un desenvolvemento máis amplo. Simplemente vén a remolque e despois de poñer a zancadilla. Pero nós non poñemos a zancadilla; impulsamos o remolque e, dende logo, se tivéssemos a capacidade de ser a locomotora en Galicia seríamos a locomotora, se non, impulsamos cando é necesario para o ben dos traballadores o remolque que implica este Partido Popular.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para o Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señora presidenta.

Nós, o Bloque Nacionalista Galego e o señor Rego acreditamos na división de poderes. Por certo, poderes que emanan do pobo. En concreto, tamén podía ler o artigo que se refire ao poder xudicial, que di que a xustiza é administrada, no nome do pobo, por xuíces e maxistrados. Pero ese respecto pola división de poderes é incompatible con esa expresión —non sancionada e admitida tácita e expresamente por vostedes— de «control pola porta de atrás do Tribunal Supremo». Iso é incompatible coa división de poderes. É incompatible coa división de poderes o bloqueo do Consello Xeral do Poder Xudicial e o bloqueo do Tribunal Constitucional, que están utilizando como unha terceira cámara onde tratar de facer valer unha maioría que a cidadanía non lles outorgou. *(Aplausos.)* Iso é o respecto á soberanía popular. Por certo —e repito e desmíntame, por favor; gustaríame moito que me desmentise—, o autor desa frase xa non é o representante do Senado pero segue sendo un cargo de confianza do Partido Popular. esas son as persoas nas que vostedes confían para que executen as políticas de división de poderes do Partido Popular.

E nós tamén acreditamos no estado de dereito, por iso reclamáballe que corrixa as ilegalidades desta lei. E non perdín nada. Paréceme un pouco feo —e impropio incluso, diría, de vostede— que diga que perdín algo. Non, porque incluso estando doente os debates de comisión



vinos e, sobre todo, porque no texto non cambiaron nada. Cambiaron onde transiximos para que a ilegalidade en materia de concurso se corrixise, pero non na orde de prelación dos embargos. Seguen arrogándose a capacidade de embargar unha persoa, unha traballadora pública, por riba do salario mínimo interprofesional. E iso é contraditorio, en primeiro lugar, con calquera sentido común; pero, en todo caso, coas normas emanadas do Parlamento.

De todas maneiras —e incluso por unha intervención anterior, repito— vostedes non presentaron un recurso de inconstitucionalidade que xustifique a posibilidade de paralizar esa lei. Simplemente foi —ou non só— un recurso de amparo e hai que ter narices para que fose un recurso de amparo —reitero— por vulneración do dereito de participación; algo que vostedes díá si e díá tamén están vulnerando nesta cámara. Pero sigo repetindo que esta norma, este texto que vostedes propoñen, incumpre a lei.

Despois resulta bastante curioso que vostedes nos digan que lles fagamos propostas. Miren —vostedes que levan bastante máis tempo ca min nesta cámara—, as nosas propostas ían nas emendas. Cando dicimos emenda é a nosa proposta para mellorar o texto, e non obtivemos resposta ningunha. Reitérolle: algunha é para que valoren a experiencia, a aptitude e o traballo desenvolvido no concreto posto de traballo. Por iso —iso tamén foi unha emenda no congreso—, o BNG abstívose na votación no congreso, porque na lei estatal tampouco se inclúe esta posibilidade.

Propómoslle que impida a posibilidade de introducir discrecionalmente —discrecionalidade que moitas veces acaba en condenas por prevaricación— múltiples exercicios eliminatorios na fase de oposición; que reduza ao mínimo legal a valoración discrecional de méritos distintos ao traballo desenvolvido; que non penalice a quen non tivo a oportunidade de consolidar o seu posto de traballo porque non lle convocaron a praza e non lle deron esa oportunidade; que se establezan indemnizacións —en termos do Superior de Xustiza— «suficientemente disuasorias», porque na norma do estado non se contemplan e na norma galega si poderían contemplarse.

O que vostede non pode facer —a non ser que o estea animando a cometer delitos de prevaricación, aos que son tan dados— é permitir que un concello conceda unha indemnización por riba do que establecen as leis. Por iso nós estámoslle propondo —como tamén propuxemos no congreso— que eleven a indemnización e sexa —en termos do Superior de Xustiza da Unión Europea— «suficientemente disuasoria», máis do que marcan as normas laborais. É o que lles estamos propondo precisamente para que os concellos, os nosos e os seus —que en maio serán menos— teñan a oportunidade de retribuír as traballadoras en fraude de lei por abuso da temporalidade como lles corresponda. Tamén lles propomos que nalgúns casos non lles exixan a renuncia anticipada.

Estas son algunhas das propostas que lles facemos, que van nas nosas emendas e que non tiveron resposta pola súa parte. Non tiveron resposta estando eu presente nin estando representado o Bloque Nacionalista Galego pola miña compañeira Iria Carreira.

Respecto das emendas do Grupo Socialista, votaremos a favor da número 3, 4, 7 e 8; absténdonos, ademais, propóndolles a transacción respecto da emenda que realizan para que



se realice algún proceso de promoción interna. Mais o que lles pedimos é que ese cincuenta por cento non se desconte das de libre oferta, senón que sexa un cincuenta por cento adicional, porque iso non é contraditorio coa taxa de reposición que vostedes mantiveron tamén no Goberno do Estado.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pecha don Alberto Pazos, por cinco minutos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidenta.

(O señor Pazos Couñago amósalles un documento aos membros da cámara.) «El BNG ve ilegítima la resolución del Tribunal Constitucional, llama al Senado a desobedecerla y pide unidad a las fuerzas democráticas». Eu entendo que é un día triste para o BNG, que debeu de perder o seu único deputado en Madrid porque di que non di isto. ¡Entón, debe ser que o señor Rego, nesa teima que ten coa independencia, acabou por independizarse do BNG! *(Aplausos.)* Se non isto non ten explicación máis que hai que ser extremadamente hipócrita para negar o obvio. En fin... *(Aplausos.)*

Señor Caballero, por comezar con vostede. Vostede pode falar aquí do que lle pete. ¡Home, faltaría máis! De feito, creo que ninguén llo impedi e leva falando o que lle peta aquí meses. Do único que non fala é das iniciativas que lle toca debater, do resto falou absolutamente de todo. Pero eu creo que por respecto —e sobre todo hai unha chamada que é ao tema— debería traballar un pouco os temas que traemos aquí e debater e aportar unha visión alternativa deses temas, que me parece que é o normal.

Volveu insistir co tema do ADN e fai esta falacia de «o PP votou en contra». ¿En contra de que votou hoxe o PSOE? Pois votou en contra da subida dos salarios dos traballadores públicos, votou en contra da gratuidade das escolas infantís, votou en contra de todos os investimentos públicos, votou en contra das melloras na sanidade, votou en contra do maior orzamento de educación da nosa historia, votou en contra do maior orzamento en política social da nosa historia. ¿Que lle pasou ao ADN socialista? É que é unha cousa francamente chamativa.

A partir de aí xa di algunha cousa que é alucinante. Faloume de que eu fago unha visión estática da comparación entre as administracións e que eludo as responsabilidades do señor Rajoy. Eu non eludo nada, eu ensineille unha táboa. *(O señor Pazos Couñago amósalles un gráfico aos membros da cámara.)* Eu pregunto: ¿esta é resultante de aplicar as políticas do señor Rajoy e, posteriormente, do señor Sánchez durante o mesmo período? Salvo que vostede me diga que Galicia estaba aplicando unhas políticas distintas. Non, estabamos coas mesmas restricións de carácter legal. A diferenza é que así a Xunta coa súa xestión conseguiu unha taxa de interinidade do 28,7 por cento e a media de España é do 40,8 por cento. Non sei como me explica vostede isto.

E despois vénme aquí falar da sanidade. Pois, con esta vocación de servizo público que me caracteriza, doulle os datos encantado; están tamén na páxina do ministerio. No total das



comunidades autónomas a media de temporalidade na sanidade é do 50,3 por cento; en Galicia, 38,2 por cento; en Asturias, 59,3 por cento; en Valencia, 60,4 por cento. Non sei, debe ser tamén parte do ADN socialista. O ADN socialista é moi mutante, ¡eh! Un ADN que, de verdade, son vostedes os *x-men* da política de estabilidade e de emprego en España. (*Aplausos.*) ¡É unha cousa certamente tremenda!

Entón, fáleme de que no ADN se ten o de facer o dos ricos e pobres. Eu non sei se se acorda desta frase: «*España es el país de Europa donde uno se puede hacer más rico y más rápido*». ¿Sabe quen a pronunciou? Carlos Solchaga. O mesmo que dixo que había que eliminar o imposto de patrimonio porque era un imposto restrinxido no tempo que estaba chamado a desaparecer. ¿Este tamén levaba ADN socialista ou perdéuselle polo camiño? (*Aplausos.*) Eu é que non entendo nada. E, a partir de aí, un minutíño para contestar ao señor Rego.

Mire: primeiro, cando lle digo que vostede perdeu cousas non fago unha crítica, é unha crónica. Perdeu cousas, simplemente; non era unha crítica, volvo repetir. Por exemplo, di cousas como o do salario mínimo interprofesional. Se estivese vostede nas ponencias escoitaría tamén, por exemplo, como os letrados dos servizos da cámara explicaban que non facía falta regular iso porque a inembargabilidade do salario non hai que determinala nunha lei autonómica, está determinada na lei estatal. E, polo tanto, se vostede lles di aos traballadores que lles van embargar o salario por debaixo do que prevé a lei estatal simplemente estaos enganando. E lamento que faga isto.

Vostede insiste moito en que facemos un recurso de amparo. Claro, facemos un recurso de amparo; é un dos recursos que están establecidos no sistema xurídico español. Eu xa sei que a vostedes o sistema xurídico español, só polo tema de «español», xa lles dá así un certo repelús. Pero vostede ten o mesmo; se vostede considera que os seus dereitos son vulnerados pode recorrer a el. Por certo, ten que recorrer contra o Goberno, non contra este grupo parlamentario, que nin lle dá nin lle nega ningunha información.

Polo tanto, eu pediría unha certa ecuanimidade. Porque aquí pódese dicir calquera cousa; pódese dicir con total impunidade que o Partido Popular é malísimo e que vén pouco menos que a salvar os ricos —que deben estar os ricos ao punto da quebra, evidentemente. Iso si, mentres tanto pódese: subir o imposto de sociedades, o dos propietarios das vivendas, o imposto do diésel, o imposto de matriculación, as cotas anuais de peaxes, o imposto de plásticos, os novos impostos aos billetes de avión, eliminar as bonificacións aos plans de pensións, subir as bases máximas de cotización, subir o IRPF, ameazar cunha harmonización á alza dos sucesións... Cincuenta e catro subidas de impostos. ¿Pero vostedes cren que o diésel, a matriculación, as peaxes ou os plásticos os consomen os ricos? ¿Pero estano dicindo de verdade?

O problema non é que non haxa unha rebaixa aos ricos —como din vostedes— para ser máis competitivos cos países do noso contorno; o problema é que vostedes están saqueando o bolsillo dos españois. ¿Pero non se dá conta? Estano saqueando e estano levando a unha situación insostible. E con todo este lío e con todos estes problemas institucionais que se están montando...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Vaia rematando, señor Pazos.



O señor PAZOS COUÑAGO: ...esquecémonos do esencial. E o esencial é atender os problemas reais dos cidadáns, que o están pasando mal e que necesitan que falemos diso e non que veñamos aquí facer discursiños baleiros de contido e non nos preocupemos polos temas que realmente os preocupan. Eses temas dos cales quen se está preocupando é o Goberno da Xunta...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...e o grupo parlamentario que hoxe sacou adiante os orzamentos, que van intentar resolver os problemas reais das galegas e dos galegos. E vostedes...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...nin están nin se lles espera, señorías. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Votación do texto lexislativo

A señora PRESIDENTA (Candía López): Imos proceder á votación.

En primeiro lugar, procedemos á votación das emendas. Trasládanme que hai un acordo entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista para separar as votacións.

Ten a palabra, señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Nós propuxémoslles a votación por puntos, pero non se pronunciaron aínda.

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¡Ah, vale!

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Digo: as emendas 1, 2, 6 e 9, porque a 5 xa está aprobada, por unha banda; despois, por outra, a 3, 4, 7 e 8.

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¿Que nos di o Partido Socialista? ¿Acepta a votación por puntos?

Ben. Imos entón primeiro votar de forma conxunta a 1, a 2, a 6 e a 9. Votamos.

Votación das emendas 1, 2, 6 e 9 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de medidas urgentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 39; abstencións, 19.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Procedemos agora a votar as emendas 3, 4, 7 e 8. Votamos.

Votación das emendas 3, 4, 7 e 8 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Procedemos a votar as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, da 1 á 15, da 18 á 29, a 31, a 32, a 36 e da 40 á 42.

Votamos.

Votación das emendas da 1 á 15, da 18 á 29, a 31, a 32, a 36 e da 40 á 42 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Votamos en último lugar o ditame da comisión coas emendas que se incorporaron. Votamos.

Votación do Ditame emitido pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, sobre o Proxecto de lei de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coa orde do día.



Pasamos ao punto 2 da orde do día, relativo ás mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a política do Goberno galego respecto da atención primaria no sistema sanitario

A señora PRESIDENTA (Candia López): Comezamos pola 2.1, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

A esta moción presentáronse as seguintes emendas: a número 45168, do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona María Encarnación Amigo Díaz, e a número 45169, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Encarnación Amigo Díaz, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º) Continuar coas melloras salariais e laborais realizadas pola Consellería de Sanidade para os profesionais de atención primaria, continuando coa senda marcada polas medidas acordadas na mesa sectorial de sanidade en xullo de 2022 de maneira unánime coas organizacións sindicais, e engadindo a ampliación de posibilidades para realizar tarefas de investigación e actualización formativa.

2º) Aprobar de xeito inmediato o decreto regulador da formación sanitaria especializada en Galicia que foi negociado cos representantes das comisións de docencia, para dotar de mellores condicións aos profesionais que desenvolven a labor de titor nesta formación.

3º) Seguir aumentando o número de profesionais en categorías de atención primaria máis alá do equipo básico médico/a + enfermeira/o, como fisioterapia ou profesionais de saúde bucodental, na liña das prazas creadas a través do Plan Galego de Atención Primaria e dos orzamentos dos últimos anos coa incorporación en 2022 de 28 prazas de farmacia de atención primaria ou coa creación para de 2023 de 134 novas prazas para a cobertura de necesidades da atención primaria, en categorías como persoal de xestión e servizos, fisioterapia ou traballo social.

4º) Tomar todas as medidas necesarias para garantir a dotación presencial de equipos completos (médico/a + enfermeira/o) nos cadros de persoal dos PAC, incluíndo continuar o incentivo mediante a modalidade do concurso de méritos da cobertura das prazas da nova categoría de facultativo/a especialista en atención primaria, que permite integrar a atención ordinaria e urxente, contribuíndo á cobertura das gardas médicas dos PAC.

5º) Completar o reforzo dos servizos de saúde mental previsto no Plan de Saúde Mental de Galicia, que inclúe a creación de 42 novas prazas de psicoloxía clínica en unidades e programas con relación



directa coa atención primaria e proceder á constitución dunha comisión por parte da consellería de sanidade que inclúa a profesionais e asociacións do sector para avaliar os resultados do Plan, incluíndo o modelo de relación coa atención primaria, e, en función dos mesmos, trazas as liñas do vindeiro Plan de Saúde Mental que estea en vigor a partir de 2024.

6º) Demandar o cumprimento inmediato por parte do Goberno de España dos acordos unánimes do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde de abril de 2018 relativos á flexibilización dos requisitos de acreditación de novas prazas formativas para especialidades deficitarias como medicina de familia ou pediatría, permitindo así a creación de novas prazas MIR e a súa cobertura por parte da Xunta de Galicia para formar máis profesionais.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada María Montserrat Prado Cores, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.

Emenda de adición.

Débase engadir no punto 1º, despois de: «condicións laborais», e antes de: «coa ampliación de», o seguinte texto: «..., a empezar pola negociación na mesa sectorial do SERGAS dun calendario de rehabilitación dos Acordos suspendidos no ano 2009...».

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto do punto 2º polo seguinte:

«2º) Garantir a capacidade e calidade docente para atender a formación d@s profesionais MIR, EIR, PIR:

-Realizar un censo dos centros de saúde acreditados ou con condicións para selo, tanto en espazo, recursos como profesionais.

-Cobertura de todas as vacantes con persoal que vaia estar os catro anos da formación non centros docentes.

-Aprobar o Estatuto de Titoría de Formación e incentivar a figura da titoría, con estímulos profesionais, tempo para a actividade no horario laboral e oferta de formación.»

Emenda de adición.

Débase engadir ao final do punto 6º o seguinte texto:

«Introducir no cadro de persoal de atención primaria especialistas de psicoloxía clínica, para formar equipas multidisciplinares.»)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a moción ten a palabra don Julio Torrado Quintela, por un tempo de dez minutos.



O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e todos.

Resulta difícil evadirse, e a min ademais resúltame especialmente complicado escoitar algúns deputados alporizados porque existan aquí cualificacións —que eu non comparto— sobre que algún poder do estado é ilexítimo, sobre todo despois de levar escoitando durante anos que o presidente do goberno —é dicir, o representante da Presidencia do Goberno, unha institución do país— é ilexítimo, que é un ocupa, que é un indigno. E despois de todo iso o Partido Popular vén aquí indignarse porque alguén se alporice porque existan togas subversivas —por non dicir outra cousa— que están facendo algo bastante perigoso. Porque en realidade de aí veñen os problemas. De estar do lado daqueles que están chamando á subversión dos poderes do Estado; de estar do lado daqueles que publican e afirman que hai que fusilar a non sei cantos millóns de fillos de... E despois de non invalidar esa xente veñen estes problemas.

Porque aí é onde estamos no problema, que están vostedes alimentando a idea de que este é un estado bananeiro se vostedes non o gobernan; é o que vostedes queren. E este é o problema, que este é un estado moito máis sólido que o Partido Popular. Pero vostedes non son capaces de entender que a partir dese artigo que len da Constitución, que di que o poder emana do pobo, di que o representante deste é o Congreso dos Deputados. O Congreso dos Deputados representa os cidadáns e vostedes levan negando iso durante anos. Ese é o problema; que vostedes se non gobernan cren que os demais son ilexítimos. Teñen un concepto do poder un pouco problemático, que é que se non gobernan vostedes hai que atacar o poder sexa como sexa, polo civil ou polo criminal, ou —como xa dixo no seu día Ansón— «rozamos a estabilidade do estado». E a iso tristemente están dispostos outra vez: a rozar a estabilidade do estado. E esa é a pena deste país, que non ten unha dereita de verdade. En fin... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Imos escoitar. Continúe, señor Torrado, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: A algún señor deputado do Partido Popular parécelle un problema isto que... Ou merécelle unha burla isto. Para vostedes é unha burla todo. Todo é unha burla. Comezo realmente a ter medo do Partido Popular. (*Murmurios.*) Medo de verdade do que vostedes son capaces de facer. Pero, en todo caso, de aí vén o problema.

Miren: non deixa de ter que ver co que vivimos aquí noutros debates. Por exemplo, este. Eu, na última interpelación sobre este debate sobre a atención primaria, por discrepar recibín a acusación de deshonesto, manipulador, trileiro e mentireiro. A partir diso... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, eu non lle digo nunca iso ao conselleiro, señor Puy. Se quere intervir pode, pero ten que esperar o turno do Partido Popular. Eu nunca lle digo iso ao conselleiro, porque o conselleiro non é deshonesto, non é manipulador, non é un trileiro e non é mentireiro. Defende un goberno e ten unha posición que eu non comparto. Algunhas cousas si, algunhas non. E cando discrepamos eu non o insulto. Vostedes están acostumbrados a isto, e este é o problema, que temos unha democracia cun problema e o problema chámase Partido Popular.



Pero eu non quero entrar neste debate, porque non creo que haxa que insultar o señor conselleiro cando discrepamos; ademais, sería absurdo. Eu creo que hai que ir ao debate. E nós neste debate o que propoñemos é unha cuestión esencial, que é que temos que falar das condicións laborais. Disto é do que falamos.

Canto ás condicións laborais dos profesionais sanitarios, ¿hai un problema co persoal sanitario? Si. ¿Ten que ver co persoal? Si. ¿Ocorre soamente en Galicia? Non. Nisto deberíamos estar todos de acordo e parece que, en principio, estamos de acordo. Pero, ¿por que hai un problema?, ¿por que hai un problema fundamentalmente en Atención Primaria? E esta é a nosa reflexión sempre, porque se vostedes non son capaces de entender por que hai un problema, non imos ter a capacidade de resolvelo.

Nós plantexamos constantemente que temos un problema debido fundamentalmente ás condicións nas que traballan os profesionais en Atención Primaria. E hai tres vías para resolvelo; non serían absolutas, non serían inmediatas e, desde logo, non serían máxicas. Pero trátase de incorporar máis categorías laborais, non só médicos, chegar ao tope competencial de todas elas e dar mellores condicións para os profesionais. E estas son as tres cuestións fundamentais. Pero vostedes negan a realidade, que é que o problema da Atención Primaria teña que ver con condicións profesionais. E négana, insultan, pero, en realidade, o fondo importante é que a negan.

Sosteñen vostedes que o problema non está aquí; o problema está no estado —por suposto, o Goberno malísimo de Pedro Sánchez—, que non dá máis prazas. Dá igual que levemos cinco anos tendo as maiores convocatorias de profesionais formando os MIR da historia. Dá igual que teñamos a maior convocatoria tamén en prazas MIR da historia e que dupliquemos a que había hai cinco anos. Dá igual. Vostedes seguen dicindo que o problema que temos é que existan máis.

Vostedes o que están dicindo, en realidade, é que non temos profesionais de Primaria porque non se poden formar por culpa do estado. Ou traducido: vostedes sosteñen que hai hordas de licenciados en Medicina esperando nas portas para poder facer Medicina de Familia, e a culpa é de que non hai prazas; a culpa é de que agora os licenciados de Medicina cando saen da facultade están loucos por facer Atención Primaria, que están enrevesadamente revolucionados porque todos queren ocupar unha praza de Atención Primaria. Isto é o que están dicindo vostedes. Non ten nada que ver con que vexan como está a Primaria e decidan non facela. Non, iso non é certo. Vostedes o que cren é que se tivésemos máis prazas habería máis, porque queren facer Primaria. E isto só o sosteñen vostedes; é máis, eu creo que vostedes nin sequera cren que isto sexa así.

Falamos das condicións laborais. E cando falamos de condicións laborais, falamos de sentenzas constantes sobre a vulneración de dereitos laborais de profesionais, de contratación —e cito literalmente— «torticeira e fraudulenta» que fai o Sergas. Hai sentenzas, que así o amosan, de dimisións en bloque de xefes do Servizo de Atención Primaria de Vigo hai anos, que aínda non foron capaces de repoñer porque ninguén quere —e cítoos de novo literalmente— «xestionar a miseria», aínda non hai ninguén que queira «xestionar a miseria», que foi o que usaron.



E tampouco hai ninguén que queira xestionar cuestións como a que pasa na Área Sanitaria de Santiago, onde hai xefes de servizo que dimiten. ¿Por que? Polas condicións que dende as xerencias —e neste caso dende a Xerencia de Santiago, nomeadamente— pon ás traballadoras e aos traballadores dos servizos, por exemplo, aproveitándose e obrigando a facer gardas soamente a aqueles que están en precario. Precarizan os contratos e despois ditaminan que teñen que facer gardas, xa que están en precario. ¿Por que? Porque están en precario e así non protestan. Iso, que ten algúns outros cualificativos máis graves, é o que pasa coa Xerencia de Santiago, que, por certo, alguén debería facer dimitir a esa xerente, se non fose porque pesan bastante máis os apelidos que as capacidades.

Iso é o que está pasando en Santiago e pasa en moitas partes do sistema. Como vimos hoxe que se revertern algúns concursos públicos porque se dan a dedo, e non é o primeiro nin o segundo nin o terceiro, e, se seguen así, non será o último. E este é o sistema que temos.

¿Como queren que traballen os profesionais nun servizo que está así de xestionado? É imposible. Vostedes, sen embargo, seguen dicindo que hai un montón de xente querendo facer Atención Primaria, e especialmente en Galicia, onde non a queren facer.

A situación é esta. Non é un problema salarial, que tamén, senón que, ademais, temos a peor *ratio* de matronas por habitante de España, temos unha das peores *ratios* en enfermería de España e temos unha das peores *ratios* en calquera categoría laboral dentro do Servizo de Saúde Mental, que colabora ou deba colaborar coa Primaria. Levan sete anos sen convocar unha praza de fisioterapeuta en Atención Primaria.

¿Todo iso que fai? Que o servizo de Atención Primaria estea basicamente entregado ao que pode facer saturadamente un profesional de medicina. E estes sons os problemas polos que non queren facer Medicina: porque teñen máis de cincuenta pacientes ao día, porque o usuario espera máis dunha semana de media para ter unha cita co médico, e o médico que recibe ese usuario vai estar cabreado, e, ademais, non vai poder atender correctamente o paciente porque vai ter cinco minutos, como moito, para atendelo. Por iso non queren facer Primaria. Para vostedes dá igual; a cousa é botarlle a culpa ao estado e que haxa máis prazas. Todo isto non ten nada que ver.

E nós presentamos e seguiremos presentando mocións defendendo a mellora das condicións, defendendo a mellora da atención primaria para que os profesionais queiran facer Primaria. Porque hai que reflexionar sobre iso: ¿por que non queren?

E acabo cunha reflexión, para ver se somos capaces de entender por que non queren. Miren: o último día o conselleiro daba aquí unha idea sobre por que algúns MIR quedan fóra —que vostedes se rían de que eu lles transmitira, como transmiten os MIR, que moitos deles repiten para cambiar de profesión, para cambiar de especialidade, sobre todo os de Primaria. E dá igual que cada vez teñamos máis licenciados, pero que cada vez menos se presenten ao MIR; o cal quere dicir que nalgún lado están. Non están neste sistema, por tanto, vanse a outros sistemas. Cada vez licéncianse máis e cada vez preséntanse menos ao MIR. Nalgún sitio están. Pensen onde están, a ver se somos capaces de entender que o que non queren é traballar nun sistema que lles dá malas condicións.



Por último, imos reflexionar sobre que escollen os estudantes cando fan o MIR. É dicir, imos ser capaces de entender que queren os profesionais que queren facer Medicina neste país.

¿Cal é a primeira especialidade que collen os estudantes? Dermatoloxía. ¿Por que? Podemos contar todas as milongas que vostedes queiran. Cóllena porque non hai gardas e porque hoxe en día prefiren outras condicións laborais, e poden facilmente estudar a viabilidade de montar unha clínica privada tamén, que non é tan custosa de montar e dá mellor rendemento.

¿Cal é a segunda especialidade MIR que collen? Segundo vostedes, se puidesen collerían Medicina de Familia. Pero non, xa lles adianto que é a última, que é a que máis prazas baleiras deixa: duascenas de duascenas dezaioito en toda España. Pero, ¿cal é a segunda, con moita diferenza sobre a terceira?, ¿cal é a segunda especialidade que queren? Cirurxía Plástica.

E agora reflexionen comigo e sexamos adultos: ¿vostedes cren que é unicamente unha vocación de medicina ou é que o mercado laboral lles vai permitir gañar bastantes cartos, moi ben situados, e van ter moitísimas mellores condicións? Esa é a cuestión. Se vostedes non a queren ver, porque queren facer disto un debate contra o Goberno do Estado, seguiremos perdendo a posibilidade de ter máis médicos de familia. Se vostedes queren entender que é cuestión das condicións, nós estamos aquí para acordar. Iso si, se vostedes queren acordar intenten, polo menos —a ver se son capaces—, facelo sen insultar a ninguén.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Torrado.

Polo Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra dona María Monserrat Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde.

Menuda pedra no zoco ten o Partido Popular co deputado do BNG en Madrid. ¡Como proe! (*Aplausos.*) ¡Como proe que lles poña en evidencia as súas miserias! ¡Como proe que uns estean alí de decorado e outros estean traballando, e que se vexa que existen e que teñen un pouco de dignidade, un pouco de dignidade, que é unha cousa da que, dende logo, non está nada sobrada por aquí a bancada!

E dicía hai un momento o señor Pazos —que agora non está— que aquí eran moi flutuantes as posicións dos partidos da oposición, que era todo moi flutuante. ¡Pois manda caray se non é flutuante a posición do Partido Popular!

O BNG leva anos demandando medidas para solucionar a situación da sanidade pública, en xeral, mais da atención primaria, en particular. E facémolo porque dicía a nosa voceira, a señora Ana Pontón, pola mañá que o Partido Popular é un perigo para a saúde dos galegos e das galegas. Mais non é un perigo puntual de que, de repente, apareza unha curva máis



pechada do habitual, senón que é un perigo constante e permanente dende hai anos, porque responde a un proxecto ideolóxico.

E diante desas demandas constantes e permanentes, que agora enumerarei, a resposta do Partido Popular sempre foi negar a realidade e dicir que eramos uns alarmistas, dicir que estabamos chamando a xente a mobilizarse cando non había causa, dicir que enganabamos a xente. E, ¡mira ti por onde!, esa volubidade de que acusa o Partido Popular a outros. E resulta que agora o Partido Popular xa está colocándose detrás da pancarta. Resulta que o Partido Popular xa está votando a favor de mocións presentadas, por exemplo, esta semana en Pontevedra, porque hai que tomar medidas diante da situación da atención primaria. O Partido Popular xa está votando unanimemente a favor desas posicións que ata hai catro días resulta que eran un alarmismo innecesario. ¡E non só iso!, senón que o propio Partido Popular xa está convocando mobilizacións, como foi o caso de Campo Lameiro hai uns días. O propio alcalde do Partido Popular convoca mobilizacións pedindo solucións á situación da atención primaria. ¡Manda truco na Habana! ¡Que pronto caen as cousas! (*Aplausos.*)

Como dicía antes, levamos anos demandándolle ao Partido Popular que tome medidas para deixar de poñer en risco a saúde e a vida dos galegos e das galegas. Non só non obtivemos resposta, senón que o que fai continuamente o Partido Popular é fuxidas cara a adiante e cara ao precipicio —cada día está máis cerca o precipicio—, sen os PAC, sen médicos nos PAC, crianzas sen pediatra, cantidade de centros de saúde sen médicos e sen outros profesionais. E con esas fuxidas cara a adiante, o PP está tomando medidas que non van absolutamente a ningún lado, e que o único que buscan é parecer que fan.

E o Partido Popular está instalado no mantra de botarlle a culpa a calquera. É unha lástima, pois só levan gobernando trece anos ininterrompidamente. Eu comprendo que non lles dea tempo a tomar medidas nin a facer nada, pois trece anos realmente é pouco tempo. Está botándolle a culpa á empedrada, está botándolle a culpa a calquera, menos a un goberno que ten as competencias plenas en materia de sanidade, e está botándolle a culpa de que fai falta formar máis profesionais, ao que, evidentemente, no BNG non dicimos que non.

Agora ben, atopámonos con que o Partido Popular todas as veces que o BNG pediu aquí saber cal era a situación; todas as veces que o BNG pediu un sistema de identificación de prazas para saber cal era a situación, cantos profesionais estaban traballando, en que condicións e cantos farían falta; todas as veces que o BNG pediu que se nos dixera cantas prazas MIR se convocaron e cantas farían falta, resulta que non, non tiña información ningunha, porque ter información significaría enfrontarse a unha realidade. Pero, non, está sempre en contra de ter información.

E logo atopámonos con que, efectivamente, na convocatoria deste ano 2022 quedaron en Galiza nove prazas vacantes de MIR de Familia. Fan falta todos eses profesionais, pero quedan vacantes. E o Partido Popular non quere facer unha reflexión de por que quedan vacantes. Simplemente nega a realidade. É dicir, se hai profesionais que remataron a súa carreira e teñen a oportunidade de formarse para unha especialidade na que hai posibilidades de traballo, ¿por que cren vostedes que deixan vacantes esas prazas MIR? Deberían facer esa reflexión e logo partillala para tomar algunha decisión.



Ben, pois agora o Partido Popular vén aquí sistematicamente dicir que eles trouxeron a este parlamento dúas proposicións de lei para facilitar que os profesionais teñan prazas fixas e queiran traballar na Atención Primaria. Resulta que nos encontramos con que esas prazas, a pesar de ofertalas por concurso de méritos, nin sequera oposición, quedan vacantes. Resulta que xa non se presentan os profesionais. E cando se presentan, logo resulta que renuncian. Neste momento, desas cento seis prazas que ofertou o Sergas, aínda hai dezanove que ninguén quixo coller, que van volver ofertalas telematicamente porque non as queren coller. E resulta que dos profesionais que as colleron hai quen renunciou a elas. ¿Por que cren vostedes que os profesionais cando se lles oferta unha praza fixa...?

Iso si, a custo cero, porque ben que se encargaron de que nesas leis houbera unha disposición que dixera que en ningún caso suporía ningún aumento orzamentario. É dicir, prazas fixas si, pero todo o traballo á custa do lombo dos que xa están e non á custa de aumentar profesionais. ¡A custo cero! ¡Só á custa do lombo dos profesionais!

Ben, pois esta é a situación: profesionais que non collen as prazas MIR, profesionais aos que se lles ofrece prazas fixas vía concurso e que non se presentan, e parte dos que se presentan logo renuncian porque non aturan traballar nesas condicións.

E entón, señores e señoras do Partido Popular, ¿a conclusión cal será?, ¿será que é a falta de prazas ou serán as condicións laborais inaceptables?, ¿será que non soportan traballar nesas condicións?, ¿será que non soportan poñer en risco a saúde e a vida dos doentes?, ¿será que non soportan ver como as condicións laborais nas que están traballando non lles permiten unha atención sanitaria de calidade? Máis ben vai ser isto, pero temos un Partido Popular instalado en comentarista. E resulta que agora asumen que hai un problema, que resulta que a atención primaria está saturada, que resulta que faltan profesionais. ¡Ah!, ¿quen ten que solucionalo? O Goberno da Xunta non, que só está para comentar os problemas; non está aquí para solucionalos.

E, dende logo, no BNG imos seguir denunciando esta situación, imos seguir denunciando un goberno que non asume as súas responsabilidades, que non pon medidas en marcha para atender as necesidades sanitarias da súa poboación, que só está actuando para que a poboación cambie a tarxeta sanitaria pola tarxeta bancaria.

Cada vez son máis as persoas que teñen que acudir á sanidade privada; quen o poida pagar; quen non, non. E vou repetir un dato que xa dei aquí neste parlamento, que é que a media que ten que investir cada fogar galego en sanidade privada no último ano foi de mil douscentos euros por unidade familiar ou cincocentos euros por persoa. É a media máis alta das máis altas do Estado español, a pesar de ter os salarios e as pensións máis baixos. Isto será porque a xente non ten nada mellor que facer que ir pagar a sanidade privada; non é polas condicións en que vostedes teñen sometida a atención sanitaria. E é evidente que sabemos por que isto é así. Sabemos o que hai que facer e o que leva facendo o Partido Popular dende hai anos para empurrar a poboación cara á sanidade privada, e é deteriorar a sanidade pública, especialmente a atención primaria. E, para iso, Galiza é das comunidades que menos invisten en atención primaria —estadísticas que non son do BNG— ou das que está á cola no investimento en persoal. Poden negalo vostedes as veces que queiran. Eu non trouxen



hoxe gráficos porque pensei que era a especialidade do señor Torrado; pensei que hoxe ía vir cos seus gráficos e non quería saturar aquí as súas señorías, pero podemos traelos, porque son moi abundantes os que reflicten visualmente esa realidade.

Entón, o BNG vai votar a favor desta moción que hoxe presenta o Partido Socialista. Presentámoslle unha serie de emendas que cremos que a melloran. En relación coa primeira emenda, o Partido Socialista pide que se inicie todo un programa para mellorar a situación salarial e as condicións laborais. E o que nós pedimos é empezar por recuperar eses acordos suspendidos no ano 2010 —que estaban acordados en mesa sectorial—, que significaban recoñecer esas especiais características do traballo na sanidade (trescentos sesenta e cinco días ao ano, sete días á semana, noites, festivos...). E, ademais, é que o Partido Popular a suspendeu naquela altura porque había unha crise, e nunca máis se soubo dela. Polo tanto, cremos que hai que empezar por aí. Tamén di o Partido Socialista que se abra unha mesa de negociación para o tema de titores do Programa MIR, e nós o que dicimos é que se ten que garantir a capacidade e a calidade docente. E, para iso, hai que tomar unha serie de medidas, como son: que haxa un censo dos centros que poden impartir esa docencia, que haxa cobertura das vacantes por parte de persoal que vaia estar o tempo necesario —que establece a lexislación— para poder ser titores ou que se aprobe dunha vez por todas o Estatuto dos titores. É dicir, cómpre establecer cales son as condicións e cales son as remuneracións para o persoal que opte por ser titor. Ou, con relación ao punto 6 da moción do Partido Socialista, que establece que se poñan en marcha medidas de conexión entre os servizos de saúde mental e dos centros de primaria e hospitalaria, o que propoñemos no BNG é que non só haxa a conexión —que se supón que debe habela—, senón que en primaria se introduzan os profesionais precisos para dar esa atención á saúde mental. Non nos imos cansar de repetir que se o 30 por cento dos problemas que chegan á atención primaria teñen a ver con algún problema de saúde mental, o normal é que haxa profesionais en atención primaria que poidan atender esas cuestións.

Polo tanto, agardamos que o Partido Socialista acepte as nosas emendas, pero de todas formas votaremos a favor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Prado.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona María Encarnación Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes, señorías.

Moitas grazas, presidenta.

Vimos, unha vez máis, debater un problema que, evidentemente, é de grande importancia no ámbito da sanidade pública, como explicou con total claridade o señor conselleiro no pleno pasado, no debate da interpelación, e como o leva facendo, ademais, en anteriores intervencións.



Nós, no Partido Popular, temos claro cal é o problema e vostedes tamén o saben, pero, a pesar disto, non cambian o discurso; o seu discurso é de crítica sistemática a todo o que fai a Xunta. Seguen torpedeando, seguen embarrando sen ningún tipo de escrúpulos. O seu lema é facer política de desgaste, enredar, contar contos, rizar o rizo... Iso é o que levan facendo vostedes. ¡Negan a evidencia! A evidencia é a falta de interese do Goberno de España para poñer fin ao déficit de médicos especialistas que sofren todas as comunidades autónomas, non só a nosa.

Néganse a calquera tipo de solución que o Goberno galego teña, calquera tipo. Por moi limitadas que sexan, o Goberno galego ten solucións para poder corrixir esta situación. Cando neste Parlamento pedimos poder formar e contratar máis médicos, vostedes, desde a esquerda, os defensores da sanidade, ¿que fan? Votan en contra.

E así aconteceu, señorías, non hai tanto tempo. E vou recordarlles, unha vez máis, o acontecido nesta Cámara. Cando se creou a nova categoría de facultativo especialista en atención primaria, coa convocatoria dunha oferta por concurso-oposición, aprobouse, pero, iso si, co seu voto en contra. Esa nova categoría de profesionais sanitarios de atención primaria —que se creou con traballo estable—, vai ter que realizar dúas gardas ao mes nos PAC de referencia. Esta foi unha medida innovadora que buscaba resolver a problemática que se estaba a dar en distintas prazas de difícil cobertura. ¡E cubríronse practicamente todas, señora Prado! Foi unha medida que tamén contribúe á estabilización no emprego. E o éxito desta convocatoria fixo que desde a Consellería de Sanidade se completase o proceso traendo a este Parlamento unha lei que permitise estabilizar e realizar convocatorias mediante esta modalidade de concurso para prazas de difícil cobertura. E, novamente, ¿que ocorreu? Que votaron en contra.

Esta nova lei vai permitir que se contraten médicos especialistas en pediatría, en medicina de familia e comunitaria, facultativos de psiquiatría, de psicoloxía clínica ou enfermeiros e enfermeiras en saúde mental. E vostedes ¿que fan? Están sempre en contra. O Goberno galego, ante a pasividade do Executivo socialista central, non quedou de mans cruzadas e adoptou a iniciativa de impulsar un cambio de modelo na atención primaria porque somos conscientes de que hai un problema na sanidade; porque somos conscientes de que son necesarios cambios e reformas profundas. O Partido Popular lidera un goberno responsable, señorías; lidera un goberno que fai propostas realistas; lidera un goberno no que os galegos levan confiando desde o ano 2009 —catro eleccións consecutivas nas que os galegos lle deron a este goberno a oportunidade e a confianza de gobernar esta comunidade—. Señorías, convirán comigo en que isto será porque se están a facer políticas que lle conveñen ao pobo galego. Se non fose así, digo eu que non confiarían no Partido Popular.

E —como lles dicía— a Consellería de Sanidade planifica e executa, desde hai anos, ese cambio tan necesario na atención primaria da nosa comunidade, consciente da situación de dificultade na que se atopa, fundamentalmente pola escaseza de profesionais dispoñibles, e por iso actúa en consecuencia. Pero cada proposta de cambio, cada mellora que impulsa a Xunta, sempre se atopa co voto negativo de vostedes.

Señor Torrado, non xogue ao despiste. Vostede sabe que moitas das medidas que propón na súa iniciativa xa están en marcha. Explicoulo con claridade o conselleiro, pero vostede volve aquí, coma quen di, a falar do seu libro.



Se vostede, que sempre ten solucións para todo, na súa minuciosa análise detectou todos os problemas existentes na atención primaria e chegou á conclusión de que o verdadeiro problema son as condicións laborais, afrontar o resto dos desafíos será cousa menor. Entendo que, despois de chegar a esta dedución tan traballada, tamén faría unha análise comparada e se daría conta de que os problemas que temos na atención primaria non só se dan en Galicia. Estamos, pois, señor Torrado, ante unha problemática xeral; pero estamos ante unha problemática xeral que non é orixinada polas condicións laborais dos profesionais sanitarios, señor Torrado. *(A señora Amigo Díaz mostra un recorte de prensa ao resto da Cámara.)* Eu traía aquí unha nota de prensa do presidente do Consello de Colexios de Médicos de Cataluña, que di: «*No hay más médicos en España, a ver si nos enteramos*». ¡Señorías, a ver se nos enteramos! ¡Non os hai!

Señor Torrado, vai sendo hora de que recoñeza que hai unha raíz común a este problema de déficit de médicos de familia que se sofre en toda España, de que se poña do lado de Galicia e de que demande tamén solucións comúns, que deben vir dadas a nivel estatal.

E, dito isto, nós, desde o Partido Popular, propuxémoslle unha emenda, que —se de verdade o propósito é chegar a un acordo—, convirá con nós en que mellora o texto orixinal na liña do que a Consellería de Sanidade xa leva anos traballando. Nós queremos continuar coas melloras salariais e laborais realizadas pola Consellería de Sanidade para os profesionais de atención primaria, seguindo a axenda marcada polas medidas acordadas, de maneira unánime, na Mesa Sectorial de Sanidade, en xullo deste ano, con todas as organizacións sindicais, engadindo a ampliación da posibilidade para realizar tarefas de investigación e de actuación formativa. Porque, señoría, o programa e as melloras xa están iniciadas e vostede sábeo.

Nós non queremos abrir ningunha mesa de negociación. Nós o que queremos é aprobar de xeito inmediato o decreto regulador da formación sanitaria especializada en Galicia, que xa foi negociado cos representantes das comisións de docencia, para dotar de mellores condicións os profesionais que desenvolven o labor de titor desta formación. Vostede sabe coma min que a revisión dos criterios das unidades docentes e dos programas formativos depende, única e exclusivamente, do Goberno central e que, lamentablemente, a este asunto a ministra de Sanidade lle escapa —volveuno facer onte; díxollo esta mañá o señor Puy—. Igual que escapa á problemática da falta de médicos. Xa viu o que aconteceu onte no último consello do ano. Sabe tamén que Galicia leva catro anos pedíndollo ao Ministerio, que fai oídos xordos e que é incapaz de asumir esta modificación tan necesaria para formar médicos especialistas.

Tamén queremos seguir aumentando o número de profesionais nas categorías de atención primaria, máis alá do equipo de médico e enfermeira, como a fisioterapia e os profesionais de saúde bucodental, na liña das prazas creadas a través do Plan galego de atención primaria e dos orzamentos dos últimos anos, coa incorporación, neste ano 2022, de 28 prazas de farmacia e 134 novas prazas no ano 2023 para a cobertura de necesidades de atención primaria en categorías como persoal de xestión, de fisioterapia ou ben de traballo social. E tamén queremos seguir tomando todas as medidas necesarias para garantir a dotación presencial de equipos completos de médico e enfermería nos cadros de persoal dos PAC, incluíndo continuar co incentivo, mediante a modalidade de concurso de méritos, da cobertura das prazas



da nova categoría de facultativos de atención primaria, que permite integrar a atención ordinaria urxente, incluíndo a cobertura de gardas nos PAC. Tamén queremos completar o reforzo dos servizos de saúde mental previstos no Plan de saúde mental, que inclúe a creación de 42 novas prazas de psicoloxía clínica en unidades e programas en relación directa coa atención primaria; e queremos proceder á constitución dunha comisión por parte da Consellería que inclúa profesionais e asociacións do sector para avaliar os resultados do plan, incluíndo o modelo de relación coa atención primaria, e, en función destes, queremos trazar as liñas do vindeiro plan de saúde que estea en vigor a partir do ano 2024.

E, por último, señorías, pensamos que é imprescindible demandar o cumprimento inmediato por parte do Goberno de España dos acordos unánimes do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde do ano 2018 relativos á flexibilización dos requisitos de acreditación de novas prazas formativas para especialidades deficitarias, como son a pediatría ou a medicina de familia, permitindo así a creación de novas prazas MIR e a súa cobertura por parte da Xunta de Galicia para formar máis profesionais.

Remato xa lamentando, unha vez máis, desde esta tribuna o desleixo que en materia de sanidade ten o desgoverno do señor Pedro Sánchez: catro ministros de sanidade que non foron capaces de xestionar os deberes que quedaron por facer no ano 2018, cando gobernaba o Partido Popular e a ministra Montserrat Jatendía e recollía as propostas dos conselleiros de distintas cores políticas!, propostas para impulsar un cambio dos criterios e poder formar máis médicos. Porque, señorías, o verdadeiro problema que temos —ou cando menos, o máis importante— é a falta de médicos especialistas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Van catro anos perdidos —remato xa— que levan o selo de Pedro Sánchez, do socialismo sanchista que vostedes defenden e que é contrario aos intereses de Galicia e da sanidade pública galega.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Amigo.

Remata o autor da moción.

Por cinco minutos ten a palabra don Julio Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Ben, por ir inicialmente pola vía de comentar as emendas, eu quero agradecer o voto manifestado polo BNG. Sobre as emendas que presentan, que en realidade son tres, a primeira asumimos que estaba dentro do proposto, pero o BNG quere explicitala, polo que nos parece ben incluíla. Discrepamos da segunda emenda sobre todo porque hai algunha cuestión que nos parece interesante, como é que o persoal que se cubra estea os catro anos de formación, pero non sabemos como é posible facelo. Non sabemos se implica ter que obrigar o persoal



a quedar, aínda que encontrase unha opción mellor. Dubidamos da operatividade. Entendemos o obxectivo, pero dubidamos da operatividade. Por tanto, temos algunha reticencia sobre iso.

E sobre a terceira emenda, é claro que nos gusta que se incorporen os profesores de psicoloxía clínica á atención primaria, pero non só os de psicoloxía clínica. Nós cremos no modelo do Servizo de saúde mental completo, entre outras cousas, porque hai algúns problemas operativos, por exemplo, da receita, da prescrición..., e porque desagregamos o Servizo de saúde mental. Está ben incorporar profesionais de psicoloxía clínica, pero se van acompañados de todo o Servizo, que é o que permite que o conxunto de saúde mental poida conectarse coa atención primaria. Polo tanto, incorporaríamos a primeira emenda, pero, as demais, ben, preséntannos algunha dúbida.

Sobre a emenda do Partido Popular —vou intentar explicalo, non para entrar no conxunto— é basicamente a posición do Partido Popular, que é obvio que discrepan da nosa, que se basea en dicir que o Goberno xa o está facendo todo e que o está facendo ben. E, ademais, o que propón é substituír ¡todo o que propoñemos! e incluír ¡todo o que propón o Partido Popular! A respecto disto, eu teño unha suxestión un pouco máis operativa: presenten unha PNL sobre o que queren facer en atención primaria e tamén a podemos debater. Quero dicir que nós non estaremos nada atentos nin nos gustará nada a atención primaria, pero igual neste Parlamento se un colle o volume —non se debe medir ao peso— de presentación de iniciativas de atención primaria do Partido Popular non é tampouco a máis potente. Se queren debater sobre isto presenten o seu volume.

Pero en todo caso serve para, aínda que sexa podendo sacar algo positivo, saber no que discrepamos, e é que o Partido Popular segue sostendo que o problema é que non hai médicos. Pero eu traslado, outra vez, outra pregunta: ¿por que non hai médicos en primaria? Esa é a pregunta. E o Partido Popular sostén que é por culpa do Goberno de Pedro Sánchez, que é un desastre para a sanidade e que non pon prazas. E podemos ter este debate en bucle. Houbo cinco convocatorias seguidas —as máis grandes da historia—. Hoxe, só en Galicia, duplicamos a última convocatoria de Mariano Rajoy, ¡pero quedan prazas baleiras en primaria! Quero dicir, non hai ninguén en Galicia que, unha vez licenciado en Medicina, quixese formarse en medicina de familia e non puidese facelo. Non existe ese caso. ¡Todas as persoas que se quixeron formar en medicina de familia puideron facelo! ¡E sobraron prazas! ¿Como é posible soste que o problema é que fan falta máis prazas, se sobraron? ¿Non estará o problema noutro lugar? ¿Non está noutro lugar? Señora Amigo, ¿non o está? Se o problema é que faltan prazas, entón, ¿por que sobraron? ¿Cal é o problema?, ¿que a xente non sabía que estaban alí? ¿Despistáronse? Se hai xente querendo estudar medicina de familia e hai prazas que quedaron baleiras, ¿por que non as colleron?! Teño unha idea moi revolucionaria: esa xente non quería estudar medicina de familia e colleron outras especialidades porque aínda son licenciados en Medicina e xente que estudou bastante. Non colleron as prazas de medicina de familia ¡porque non as quixeron!, ¡porque preferiron outras!, porque teñen mellores condicións, porque lles dan máis oportunidades, porque ven que a perspectiva de desenvolvemento laboral é moito mellor, porque lles gustan máis ou porque lles petou. ¡Non queren as prazas de primaria!, ¡Non queren as prazas de primaria! (*Aplausos.*) ¡Hai xente que si, pero, en xeral, non as queren!



E se vostedes seguen emperrados en facer disto un discurso contra o Goberno do Estado, o que seguiremos vendo será ¡que non haberá máis médicos!, por moito que vostedes digan que o problema é de prazas, porque non queren as prazas. E en Galicia non queren as ¡súas! prazas. (*O señor Torrado Quintela sinala co dedo índice da man dereita a bancada do Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia.*) ¡E se noutros lugares non queren as prazas doutros gobernos, que o resolvan os outros gobernos! Teño a total certeza de que alí onde goberna o Partido Socialista hai un deputado ou deputada do Partido Popular dicindo sistematicamente que o Goberno autonómico o está facendo mal. Non se preocupe, ¡teño total certeza! Pero como estamos en Galicia e hoxe díxosenos que só podíamos falar de Galicia... —debe ser que só podemos debater de Galicia en función da iniciativa; en función da tarde poderemos ou non poderemos—. Se falamos de Galicia, non queren as ¡súas! prazas (*O señor Torrado Quintela volve sinalar o Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia coa man dereita.*) porque non dan o nivel que precisan e porque poden escoller outras. E se non xa lles puxen as ideas moi claras de por que prefiren outras: porque hai condicións laborais mellores, porque teñen mellores perspectivas. Melloramos as prazas de primaria e entón as escollerán máis, porque se non vostedes o que están facendo é pedir que lles poñan máis cousas de algo que queda baleiro, e seguiremos tendo moitas máis prazas —¡baleiras!, pero moitas máis—, pero seguiremos sen ter médicos.

Vostedes dedícanse a comentar, en realidade, que non hai médicos. ¿Por que non os hai? Pensen por que non queren as súas prazas, a ver se así é posible chegar a algún acordo.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Sobre as emendas ¿fixo algún comentario? Eu creo que non.

O señor TORRADO QUINTELA: Creo que pasei os dous primeiros minutos falando delas. Na do BNG —que son tres— propoñemos aceptar a primeira e non as outras dúas; e na do Partido Popular, é o programa electoral do Partido Popular, que obviamente non podemos compartir.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moi ben. Moitas grazas.

Pasamos á seguinte moción, á 2.2.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos e D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a atención pediátrica na Área Sanitaria de Vigo

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra dona Iria Carreira Pazos por tempo de dez minutos.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señora presidenta.



Moi boa tarde.

Despois de que o partido que está a gobernar actualmente a Xunta de Galiza se canse de chamarnos alarmistas e catastrofistas e de dicir que torpedeamos e embarramos cada vez que debatemos sobre a situación do sistema sanitario público deste país; despois de que ese mesmo partido que leva gobernando durante os últimos trece anos, sen interrupción ningunha, inche o peito dicíndonos que non valoramos o traballo que fan as profesionais nos centros de saúde e nos hospitais galegos cada vez que denunciemos as condicións nas que estas profesionais están traballando; despois de que, incluso, desde ese mesmo partido, desde a máxima representación da Consellería de Sanidade, se chegase a dicir que nós nos alegraríamos de que houbera caos sanitario, porque ao seu ver non existe...; despois de poñer palabras bonitas de descualificacións, de propaganda por todo o país, vai o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e métese tamén no millo: «O Sergas incumpre coas súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais, de valoración da carga de traballo do colectivo médico e da avaliación dos riscos do seu posto de traballo». Esta é a sentenza en relación coas condicións de médicas de familia e pediatras en atención primaria. Pero non só o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza se mete no millo, senón que van alcaldes, como é o de Campo Lameiro, manifestarse para poder ter médica de familia estable no seu concello. E non só, senón que van concelleiras e concelleiros do Partido Popular —dese mesmo que goberna na Xunta de Galiza— apoiar mocións e iniciativas en defensa da sanidade pública. Parece, señorías, que vai haber máis vacas no millo que fóra a estas alturas. (*Aplausos.*)

Pero imos centrarnos na pediatría. En Galiza pasamos de contar con máis de catrocentas pediatras en 2004 a algo máis de trescentas na actualidade; descendemos nun vinte e dous por cento en número de pediatras. As consecuencias disto son máis que evidentes. En Galiza son moitos os concellos que non contan con ningunha pediatra; non as teñen nos seus centros de saúde nin por suposto nos puntos de atención continuada. Hai comarcas enteiras sen especialistas en pediatría de xeito estable, sobre todo en comarcas máis rurais, onde moitas veces non hai especialistas estables nin tampouco inestables. Temos, no día de hoxe, centos de crianzas en Galiza que non teñen pediatra asignada. E outra vez, isto ten consecuencias directas: temos as crianzas do noso país sen ningún tipo de continuidade asistencial, con atrasos nos controis do Programa do neno san, nas vacinacións...; temos listas de espera tremendas en atención primaria e vemos como toda a actividade preventiva, que —como sabrán— resulta esencial na medicina —máis aínda na pediatría—, queda relegada para poder atender as consultas urxentes, os problemas que xorden no día a día.

Se falamos de listas de espera, darei exemplos destes días recentes: en Vigo, hai unha lista de espera de dez días para poder ter unha consulta en pediatría, pero no resto do país a tendencia é similar; se falamos dalgún dos centros de saúde desta mesma cidade de Compostela, hai dúas semanas de lista de espera; en Bertamiráns ou no Milladoiro —que están aquí ao lado—, hai unha semana de espera; se falamos, por exemplo, de Carballo, hai dezasete días de espera. Se falamos de Ordes —concello que atende tamén as crianzas de Mesía e de Frades—, hai quince días de espera. Todo isto, ademais, sabendo que estas cativas sofren as listas de espera hospitalarias, por exemplo, para a realización de ecografías, e sabendo que se acaban realizando as probas nun prazo que supera, en moitos casos, incluso o dobre do que está indicado. ¿E cal é o panorama de futuro? Pois a verdade é que moi pouco alentador.



Vemos que esta situación corre o risco severo de agravarse. O cadro de persoal en pediatría está profundamente envellecido; estamos próximas a un cento de pediatras que teñen máis de 63 anos. E comentaba no anterior pleno a situación de Vigo, onde se xubiláron tres pediatras durante este ano 2022. ¿E cales son as explicacións que ofertou a Consellería de Sanidade, que nos ofreceu o señor Comesaña —conselleiro de Sanidade e responsable da situación do sistema sanitario público galego—? Que non hai médicos, que non hai pediatras neste caso.

Na Comisión 5ª, que tivemos a semana pasada, a xerente do Sergas dicía que levaban sete anos convocando a totalidade das prazas MIR en pediatría. ¿E antes? ¿Antes non se contaba con que esas pediatras ían cumprir anos, ían facer anos, e ía chegar un momento no que se xubilasen? Porque seica o problema é simplemente que as especialistas que rematan a súa formación en pediatría queren quedar nos hospitais en lugar de optar pola atención primaria. É outro misterio irresoluble. ¿Por que será? ¿Por que quedarán nos hospitais? A min non se me ocorre pensar que as condicións da atención primaria —o de ter que atender varios centros de saúde, saltando dun ao outro—, que a formación que estas especialistas reciben durante o MIR sexa totalmente hospitalocéntrica ou incluso UCicéntrica —se me apuran—. Non creo que estes motivos teñan nada a ver con tal decisión. Pero se o conselleiro de Sanidade non ofreceu explicacións, ¿cales foron as solucións que ofreceu? ¿Que é o que se vai facer para solucionar a situación que temos no día de hoxe en pediatría? Entre pouco e nada, polo que estamos vendo.

¿Que sucede con tal situación de base? Que temos os cadros de persoal tan tensionados, tan ao límite, que o desbordamento chega en nada. Dixémosllo ao señor conselleiro no anterior pleno e en máis ocasións. ¿Que está a suceder actualmente coa gripe, coas infeccións polo virus respiratorio sincitial? Algo totalmente inesperado: que a cativada enferma, solicitan a consulta as súas familias e así temos o servizo de saúde tal e como o temos. É certo que o pico de consultas, provocado sobre todo polas bronquiolites, polas gripes..., se adiantou con respecto a outros anos, pero tamén é certo que vimos de estar inmersas nunha pandemia e que a covid debería ter traído moitas máis aprendizaxes das que estamos vendo que realmente trouxo. Non pode ser que algo tan previsible como son as infeccións respiratorias no inverno —a gripe, o virus respiratorio sincitial...—, coa repercusión que teñen en pediatría, nos pillen por sorpresa, porque nos pode sorprender que ese pico se adiante un mes ou un mes e medio, con respecto a anos previos, pero o que non pode ser é que nos pillen cuns cadros de persoal absolutamente tan mal dimensionados que non sexan quen de dar resposta a esta situación. E cunha atención primaria colapsada —con demoras de dúas semanas para ter unha cita—, o que vai pasar é que todas esas consultas se deriven á atención urxente: ás consultas sen cita nos centros de saúde, aos puntos de atención continuada e ás urxencias hospitalarias, que se ven colapsados para dar a atención que precisan todas estas crianzas.

Falaba no anterior pleno da situación, en concreto, do hospital Álvaro Cunqueiro, por certo, o único centro hospitalario que presta atención pediátrica para unha área sanitaria tan poboadada como é a de Vigo. Pero o certo é que podemos falar da saturación que viven os centros de todo o país: podemos falar do HULA, de Lugo, ou do PAC de Fingoi; podemos falar de Pontevedra; podemos falar do Hospital Comarcal da Barbanza, con crianzas en Urxencias que non poden ser trasladadas a unha habitación; podemos falar de moitos PAC por todo o



país que están desbordados pola carencia de persoal e pola alta demanda de consultas que están a padecer; e podemos falar, sobre todo, de crianzas e de familias que agardan horas e horas por unha atención sanitaria e por un tratamento para aliviar eses síntomas que están a padecer.

As crianzas galegas precisan dunha atención experta, dunha atención axustada ás súas necesidades, porque, ademais, unha infancia atendida e coidada é a mellor garantía para ter persoas adultas máis saudables. As crianzas teñen dereito a ser atendidas por profesionais especialistas en pediatría e teñen dereito a ser atendidas nos seus centros de saúde. Na atención primaria é clave o factor de proximidade. Teñen que ser atendidas nun centro de saúde que sexa próximo ao seu lugar de residencia. E máis aínda cando temos unha crise demográfica tan importante entre nós é importante que os centros de saúde do rural contén tamén con servizo de pediatría.

Por iso traemos esta iniciativa, para actuar en todos os niveis asistenciais, tanto nas consultas ordinarias en atención primaria como tamén nas consultas de urxencias, nos puntos de atención continuada e nas urxencias hospitalarias, para reforzar a sanidade pública e a atención que lles damos ás cativas e ás adolescentes neste país e tamén para actuar de cara ao futuro, incidindo sobre a formación, sobre as MIR e as EIR, convocando todas esas prazas que sexan precisas e cunha formación que sexa acorde á realidade do noso país.

Agardamos que esta iniciativa sexa tida en conta polos demais grupos parlamentarios para poder, dunha vez por todas, mellorar o rumbo que ten a sanidade pública deste país.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Carreira.

Quenda para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra dona María Leticia Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Hoxe vou comezar a miña intervención cun *whatsapp* que me enviaron o día 4 de novembro e que me dixeron que, se algún día podía lelo, por favor, o fixese. Pois vou facelo:

«Aviso a navegantes. No Cunqueiro Urxencias Pediátricas sen triaxe e sen supervisora. O xefe de servizo ata o turno de tarde. Chegamos ás 9 da mañá cunha crise respiratoria e, ao non haber triaxe nin supervisora, seguimos esperando».

Ao día seguinte: «Onte saímos de aquí ás 11 da noite e temos a pequena con bronquiolite. O tema é que en urxencias nunca se pode suprimir o servizo de triaxe. Somos superdefensores da sanidade pública, pero a solución a próxima vez é ir á privada».



Estas son as consecuencias da política do Partido Popular na sanidade pública galega.

Pois ben, este é o tema do que vimos falar hoxe: da sobrecarga asistencial vivida nos últimos meses no Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, onde a finais de outubro alcanzaron un pico de 300 atencións en tan só unha xornada que acumulou esperas de máis de catro horas e puxo no punto de mira a necesidade de dotar de máis medios este servizo para que poidan funcionar mellor as tarefas como a triaxe e a asistencia, agora en mans de grandes profesionais que sofren a saturación por falla de recursos.

Esta é a realidade que foi denunciada tanto por usuarias e usuarios como por profesionais nas últimas semanas. As persoas usuarias chegaron a asegurar que tan só se atendía por estrita orde de chegada, atopando na cola cativos e cativas cunha pneumonía, crises respiratorias ou cun golpe.

Pois ben, a principios de novembro a Xerencia afirmaba que foi un problema puntual —como sempre; sempre son problemas puntuais— na triaxe debido á ausencia dunha profesional, o que provocou un desaxuste na atención. Esta explicación foi criticada polas propias profesionais, que destacaron que non se axusta á realidade, xa que de luns a venres pola mañá hai dúas enfermeiras, unha en boxes e unha en camas de observación, e nese horario a triaxe non existe.

O persoal sanitario non é o culpable dos colapsos que se están producindo na sanidade pública; o único culpable é o Sergas pola súa mala xestión.

O persoal lembrou que dende antes da apertura —antes da apertura, repito— do Hospital Álvaro Cunqueiro o cadro de persoal era insuficiente, e que se necesitaba contratar todas as fins de semana persoal eventual non coñecedor do servizo, porque polas mañás hai tres zonas funcionando —boxes, camas e triaxe— e só figuran dúas enfermeiras.

A dirección do Cunqueiro solicitou colaboración de enfermería para abrir o servizo de triaxe e así poder atender as urxencias por prioridade e non por orde de chegada. Para iso prometeron probar o funcionamento con persoal da unidade e, se realmente funcionaba, comprometéanse a ampliar o cadro. Sete anos despois os e as profesionais denuncian que a triaxe só se está facendo nalgúñas das quendas a custa do propio persoal xa existente no servizo. Esta problemática das urxencias pediátricas é outra consecuencia da ineficiente xestión que temos de recursos humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

Por iso, o noso grupo parlamentario tamén ten rexistrada unha proposición non de lei instando o Goberno galego a incorporar tamén inmediatamente o persoal necesario para poder levar a cabo eficazmente as triaxes de pacientes nas Urxencias Pediátricas no Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo.

E, a maiores —imos seguir falando do Álvaro Cunqueiro—, este hospital non ten suficientes camas para os médicos de garda. A solución da dirección é que os médicos e médicas de garda utilicen as camas de pediatría, a pesar dese colapso deste servizo. Pero a dirección do



Álvaro Cunqueiro non mudou nada, a pesar dese colapso, e seguen estando os facultativos de garda en pediatría. Iso si, o conselleiro, na interpelación que se lle fixo dende o Bloque Nacionalista Galego, dixo que era mentira, que era rotundamente mentira. Entón, eu digo que aquí mente todo o mundo: menten os pais, as nais, os profesionais..., menos o Goberno galego. Aquí mente todo o mundo menos o Goberno galego.

E tamén me gustaría seguir falando de pediatría en Vigo, porque o Sergas adoptou unha decisión moi negativa para os usuarios do Servizo de Pediatría do Centro de Saúde Pintor Colmeiro, tamén en Vigo, porque amortizaron unha praza de pediatría que causou baixa por xubilación, feito que supón un enorme trastorno para os pais e nais dos 950 nenos e nenas que tiñan asignado o facultativo xubilado. Isto supuxo na práctica que eses cativos e cativas fosen redistribuídos a outros centros de saúde, chegando ao esperpento de que dous irmáns van a centros de saúde diferentes. Esta é a gran xestión do Partido Popular. Debería restituírse este pediatra neste centro de saúde o antes posible.

E tamén seguimos falando de pediatría en Vigo. Antes, no PAC de Coia, había urxencias pediátricas, e agora non as hai. Agora os nenos e nenas tanto de Coia como de Navia teñen que ir ao PAC de Pizarro ou a calquera outro que lle asignen no momento.

Esta toda problemática que ten a cidade de Vigo é unha mostra máis da mala situación do sistema sanitario de Galicia, e está sendo un dos maiores problemas que ten a nosa comunidade autónoma.

Nós queremos unha sanidade pública e de calidade, porque aquí se dixo en varias ocasións, nesta temporada de orzamentos, que a Xunta de Galicia tiña o maior orzamento da historia. Pois para ter o maior orzamento da historia non inviste en sanidade, porque resulta que Galicia é a segunda comunidade autónoma por detrás de Madrid que menos inviste en atención primaria. A primeira é Madrid e a segunda é Galicia. Entón, xa que teñen tanto orzamento, orzamento histórico, invistan máis na atención primaria.

O Goberno galego ten que reforzar o persoal sanitario, e iso faise con mellores condicións laborais. Sen mellores condicións laborais non teremos máis médicos nin máis médicas.

E, falando de pediatras, tamén teñen contratos precarios: de 20 días, dun mes... Así tampouco se incentiva a ter máis pediatras. E, por suposto, tampouco coas ocorrencias deste goberno, como substituír a médicos por enfermeiras nos PAC ou suprimir os servizos de pediatría en numerosos centros de saúde de Galicia.

En fin, así é a sanidade que temos en Galicia. E para mostra da mala xestión son as sentenzas que están saíndo en cascada: a semana pasada, unha sentenza que condenou a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde por vulnerar os dereitos dos médicos de atención primaria e dos pediatras en materia de integridade física e saúde, ao expoñelos a unha sobrecarga de traballo. Onte, outra, e así sucesivamente.

E despois todas as dimisións. Aquí, na Área Sanitaria de Santiago, xa van varias: a do xefe de Xinecoloxía a semana pasada e tamén aquí, en Santiago, no Servizo de Medicina Interna,



os problemas de dirección para xestionar situacións como o Servizo de Raios, de Otorrino ou de Urxencias.

E así poderíamos seguir en todas as áreas de Galicia. Esta é a gran sanidade do Partido Popular.

Miren, o Partido Popular, primeiro con Feijóo e agora co señor Rueda, levan trece anos —¡trece anos!— intentando dismantelar a sanidade pública galega. Esa é a política que están facendo dende a Xunta de Galicia.

E para rematar gustaríame falar tamén das ambulancias, porque parece que ás veces se nos esquece que as ambulancias tamén pertencen á sanidade, e denunciar que non hai nin calidade nin humanidade dentro das ambulancias, porque lles vou contar un caso rapidamente. A semana pasada unha persoa cun tumor cerebral acabou a súa sesión de quimio á unha da tarde. Pois ata as cinco da tarde non tivo ambulancia. E esa persoa tivo que quedar nunha cadeira de rodas —rota, por certo, porque non había outra, ¡e que non haxa nun hospital unha cadeira que non estea rota...!, en fin—. Tivo que esperar a que viñese unha ambulancia dende a unha da tarde ata as cinco da tarde. As propias médicas e as enfermeiras chamaban ás ambulancias e dicíanlles: que xa imos, que xa imos, xa imos... Pero estivo catro horas alí esperando. A min gustaríame que todos...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que ir rematando, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...—remato xa— e todas nos puxeramos na pel desa persoa que estivo catro horas, por suposto sen comer, despois dunha sesión de quimio, e cun tumor cerebral, que non se está realmente ben. Entón, a min gustaríame que, de verdade, se trate os pacientes como son, persoas, persoas enfermas, e que non se traten ás veces —de verdade— como animais, porque hai animais aos que se lles trata mellor.

Eu pido...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...calidade e humanidade nas políticas do Partido Popular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Polo Partido Popular, ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes de novo, señorías.

Mire, a ver..., eu penso que non se pode vir aquí constantemente desvirtuando e difamando a sanidade que temos os galegos, e en xeral a de España, porque, cando un viaxa por aí ou



cando un le e ve o que pasa noutros países ou noutras comunidades, a verdade é que ve que temos que sentirnos orgullosos da sanidade que temos. *(Aplausos.)*

Un apunte, antes de empezar, señora Gallego. A pesar do PSOE, Vigo ten un gran hospital, o Álvaro Cunqueiro. ¡Eh!, claro. *(Aplausos.)* ¿Que hai problemas? ¡Evidentemente! Mire, ningún nega que hai problemas e que aspiramos a ter cada día unha mellor sanidade. Nós estamos de acordo niso, e así se está a facer. E non hai máis que ver o compromiso que ten a Xunta de Galicia e o Goberno do Partido Popular coa sanidade. ¿Para onde vai o maior presuposto do Goberno? Para sanidade, política social e educación. Eu non vou entrar, porque esta mañá xa se debateu moito de presupostos e queda claro o compromiso que ten este goberno coa sanidade.

¿Vostedes coñecen, señorías, das dezasete comunidades autónomas, algún conselleiro que pelexe máis para darlles solucións aos grandes problemas que ten a sanidade en todo o país? ¿Quen liderou ese manifesto conxunto para a mellora da atención primaria ante o Goberno de España? O conselleiro Comesaña, ao que logo se lle sumou primeiro o País Vasco e logo cinco gobernos autonómicos máis, algún deles nacionalistas. ¿Que fixeron vostedes cando chegou a Madrid? Votar en contra; o Bloque Nacionalista Galego, xunto co Goberno sanchista. Hai que recordalo, señorías. Tanto o PSOE como o BNG votaron no Congreso en contra de pedirlle ao Goberno de España as reformas no sistema de formación sanitaria especializada que permitisen crear máis prazas MIR para medicina de familia. O Bloque foi o único partido, xunto con Bildu, que quedou na defensa dos socialistas. Pero, bueno, afortunadamente, saíu adiante, porque houbo outros nove partidos que apoiaron isto, e isto hai que recordalo.

E despois diso este Grupo Parlamentario do Partido Popular trouxo aquí, a este Parlamento, unha iniciativa para pedirlle ao Goberno que cumprise ese mandato do Congreso. ¿Que fixeron? Unha vez máis, en contra.

Eu non vou lembrar outra vez o da falta de especialistas, que o dixen antes, e o que fai o Goberno de Sánchez, de facer oídos xordos, pero vou dicir unha frase que me pareceu moi importante. ¿Que dixo a conselleira Darías no último Consello Interterritorial? Que vetaron poñer enriba da mesa o problema da falta de médicos. E cando se lle preguntou, ¿que dixo?: «*No se ha incorporado este asunto al orden del día porque no hay nuevos acuerdos que tomar*». ¡Paréceme vergonzoso, señorías! Catro anos, catro ministros, a última ministra xa en despegue, a señora Darías, teremos un quinto ministro e seguimos esperando que se dea compromiso a ese acordo.

Preguntaba o señor Torrado que pasaba. Mire, este ano convocáronse 8.000 prazas MIR, hai 12.000 licenciados en Medicina e quedan 4.000 licenciados en Medicina, e, ao mellor, dentro deses 4.000 — mire por onde —, habería xente que querría ser médico de familia. Bueno, ¿quen é o responsable, señorías? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro, pero vostede non me dirá que é o PP. *(Murmurios.)* Vostedes, tanto o Partido Socialista como o Bloque, son corresponsables de todo o que está a acontecer neste país, nesta e noutras materias e noutras decisións que toma este goberno. *(Murmurios.)*

Entrando na moción, señorías, vostedes ven gravidade onde non a hai. Eu non vexo ningún problema en que un médico de familia, cunha formación extraordinaria, atenda un neno.



Asegúrolles que —e iso vostede sabeo, porque é médico coma min— cando a nós se nos presenta un paciente diante e non temos claro algo consultamos con outro profesional, con outro compañeiro; facémolo sempre, en calquera especialidade; a calquera se nos dá. Pois un médico de familia que atende nun PAC —que, por certo, soamente en Galicia un 10 por cento de nenos son atendidos por médicos de familia, non como noutras comunidades—, se ten un problema, pois chamará e derivará ese doente. Pero, claro, o seu é alarmar.

Evidentemente, o óptimo sería que todas as prazas de pediatría de atención primaria estivesen ocupadas por pediatras, estou de acordo. Claro que si, que todos quixeríamos iso, pero resulta tremendamente complexo polo que todos sabemos, porque hai déficit de pediatras. Ou sexa, non é que o Goberno non queira. Pero, como lle dicía antes, a comunidade autónoma —a nosa— que ten maior número de pediatras ocupando prazas de pediatría en atención primaria é a nosa.

Respecto do tensionamento que se ve en Urgencias, dígolle que cada ano se ve ese tensionamento. Os servizos de Urgencias están perfectamente dotados coas persoas que lles corresponde e que son precisas, polo que de xeito urxente non é necesario dimensionalos. Cando se xera un problema porque hai un aumento de demanda prolongado no tempo —pola gripe ou por outras patoloxías—, evidentemente, procédese á activación dos distintos plans de continxencia co obxectivo de atender esa actividade extra que se xera. E no caso concreto do Álvaro Cunqueiro, e tras aplicar o plan de continxencia polo incremento da entrada de nenos, procedeuse á incorporación de maneira estable durante este pico asistencial de cinco enfermeiras nas Urgencias Pediátricas.

Señorías, vostedes piden dous PAC con pediatras, pero vostedes saben que non hai PACs con pediatras. Porque, entón, ¿por que non os hai con xinecólogos?, ¿por que non os hai con xeriatras?... Ou sexa, nos PAC hai médicos de atención primaria, especialistas en medicina familiar que, independentemente da idade ou da patoloxía que lles vaia alí, atenden todas as urxencias que chegan ao PAC. Eu non sei por que non reclaman urxenciólogos, porque, en vez de reclamar pediatras, podían reclamar médicos especialistas en Urgencias. Pero, claro, vostedes saben que para iso fai falta que se aprobe a especialidade de Medicina de Urgencias, á que nesta mesma Cámara votamos todos que si por unanimidade. Pero, claro, cando chegou a Madrid desprezouse. ¿E que fai o Bloque? Sempre, co señor Sánchez.

Eu penso que os médicos de familia teñen unha formación tanto en pediatría como no resto. É moi difícil ser médico de familia, porque un médico de familia ten que tocar todos os instrumentos. A min paréceme a especialidade máis difícil dentro de todas as especialidades, porque é a que abarca todo, a que ten que decidir... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, a min gustábame a reumatoloxía, señor... (*Murmurios.*) Claro, a min gustábame esa especialidade. Pero, mire, eu teño amigos que son excelentes médicos de familia e que optaron por ser médicos de familia. ¡Claro, aquí parece que se despreza ser médico de familia...! Din: ¡Claro, ti fixeches outra! Si, ¡porque me gusta!, pero hai xente á que lle gusta ser médico de familia. (*Murmurios.*) ¡Claro!, e xente que ten unha capacidade moi ampla, porque non é fácil —volvo dicilo—. É o médico que está sempre ao carón do doente e que ten que tocar todos os temas que ten a medicina. Eu persoalmente non me sentiría capacitada para facela, dígollo de verdade.



Mire, hai un gran déficit de pediatras non soamente en Galicia, en toda España. E pedir os PAC de pediatría a min pareceume un brinde ao sol; unha proposta, desde logo, sen fundamento.

Falamos do que pasa en Vigo. Mire, actualmente en Vigo hai 14 unidades de pediatría, que se distribúen ao longo e ancho da cidade, e 39 prazas, das cales unicamente unha delas se atopa vacante. Pareceume que escoitei por aquí que en Navia non había pediatra. Señora do PSOE, en Navia hai pediatra. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah! Entendínlle que non había pediatra. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdón. O cupo medio de pacientes por pediatra na cidade de Vigo é de 886, un rango similar ao doutras comunidades. E por suposto que queremos dotar de persoal especialista o que sexa necesario, en cada centro de saúde, pero temos que ser conscientes do problema de escaseza que hai. E repítoles que o Goberno galego lle ten reclamado reiteradamente ao Ministerio de Sanidade que tome as medidas necesarias para atallar este déficit de profesionais, pero, lamentablemente, non se fai nada.

Nós aquí xa sabe o que fixemos: que decidimos incorporar prazas de pediatría e de primaria nesa convocatoria por concurso de méritos. Aprobamos a Lei 2/2022, que esperemos que nos dea solucións. E volvo dicirlles: afortunadamente, aprobouse porque temos maioría. Porque vostedes votaron en contra, e isto temos que sabelo, porque vostedes sempre se poñen á fronte das pancartas, sempre queren melloras para a sanidade, pero cada vez que se trae aquí algo pois vemos que non é así.

A Xunta de Galicia, desde logo, toma medidas para paliar a situación. Lévanse ofertando sete anos consecutivos o cen por cento das prazas acreditadas de MIR en pediatría. E no ano 2019 aumentáronse as prazas formativas nun 35 por cento.

Finalmente, en relación co programa formativo de competencias, para a súa modificación, dende a Consellería de Sanidade, plantexáronse unha serie de demandas que foron desoídas pola Moncloa, como a axilización e flexibilización do proceso de acreditación, a modificación de criterios de acreditación en centros de saúde, o incremento do tempo de formación nos dispositivos de atención primaria ou o aumento da participación nos centros de saúde rurais, así como unha redistribución porcentual do número de horas de atención continuada durante a residencia entre os distintos dispositivos para que se recolla con carácter orientativo.

Nós apostamos por unha maior presenza na atención primaria...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que rematar, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: ...—remato xa—, pero en ningún dos casos nos parece ben fixar unha porcentaxe concreta con respecto á última proposta que facían do tempo a realizar de ningún nivel asistencial.

Nós ímoslle pedir a votación por puntos.

E, finalmente, soamente unha gráfica dos pediatras, dos recursos humanos en pediatría (*A señora Amigo Díaz amosa unha gráfica.*): no 2008, 322; no 2021, 318. Para que quede claro, máis nada.



A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Pedimos a votación por puntos.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas.

Para pechar esta moción ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señora presidenta.

Antes de entrar na cuestión da pediatría, que realmente é o obxecto desta iniciativa, permítanme dúas consideracións sobre a medicina de familia a respecto do que acaba de dicir a señora Amigo.

Hai xente á que lle gusta a medicina de familia comunitaria e fai a especialidade de Familia Comunitaria. Hai xente que se forma en Medicina de Familia Comunitaria e despois quere exercela dun xeito digno nos centros de saúde de Galiza. *(Aplausos.)* ¿Que pasa? Que non sempre é tan sinxelo. *(Aplausos.)* Hai moitas médicas que se forman por verdadeira vocación en Medicina de Familia Comunitaria, pero despois tópanse coa situación na que se atopa a sanidade pública galega e con que non poden desenvolver a súa especialidade como lles gustaría, por exemplo, desenvolver a parte da comunitaria que tantas veces se esquece desde este Servizo Galego de Saúde.

Despois, a respecto das prazas que están ocupadas por médicas de familia en lugar de por pediatras, non dubido da formación que teñan estas profesionais, en ningún momento a cuestiono, pero ¿vostede sabe cal é a formación dunha médica de familia en pediatría durante os catro anos de formación nesta especialidade? Son tres meses nunha consulta de atención primaria, que se compatibilizan, ademais, facendo as gardas nos servizos de Urgencias hospitalarias en Pediatría. Despois, toda a formación que sexa a maiores será de carácter voluntario ou adquirida nos PAC onde tamén atendan nenos. ¡Tres meses! Iso é para telo presente en todo momento.

Despois falaba vostede das demandas reiteradas e profundas que se lle levan facendo ao Goberno de España, ao señor Pedro Sánchez. ¡Menos mal que o señor Pedro Sánchez é só presidente desde o ano 2018!, porque ¿quen gobernaba antes no Estado español? ¿E cantas cousas se lle solicitaron ao señor Mariano Rajoy para solucionar este déficit de profesionais? Porque concordaremos con que os profesionais non se evaporaron. Non chegamos a esta situación da nada; chegamos a unha situación na que hai centros de saúde de xeito reiterado sen ningunha pediatra nas súas consultas, na que hai comarcas por todo o país que non teñen pediatría ou na que hai crianzas que deambulan de centro de saúde en centro de saúde porque, bueno, a pediatra consulta un día nun, outro día noutro, e, ao mellor, no seu non coincide. Chegamos ata aquí despois de trece anos de goberno ininterrompido do Partido Popular e por unha falta de previsión e de planificación absoluta na atención primaria, e reiteradamente no caso da pediatría. *(Aplausos.)*

Saben cantos anos de vida laboral ten calquera profesional. Era traballo do Goberno do Partido Popular facer unha previsión, contar con esas xubilacións e dimensionar os cadros de



persoal de xeito acorde. Pero vostede prefere vir aquí, dicir que nós difamamos, que desvirtuamos, que somos alarmistas, que somos catastrofistas, que somos..., bueno, o demo con cornos pintados. ¡Menos mal que só somos a oposición!; ¡menos mal que non están alcaldes do Partido Popular, concelleiros e concelleiras do Partido Popular pedíndolles que atendan a situación na que se atopa a sanidade pública galega por todo o país! Porque antes faleille do caso de Campo Lameiro, pero é que non é o único caso onde as concelleiras ou concelleiros do seu mesmo partido lle están pedindo á Xunta de Galiza que actúe e que poña medidas reais para a situación na que se atopa a sanidade pública galega.

As medidas que se propoñen nesta iniciativa teñen un carácter moi concreto. Por unha parte, actuar, dimensionar os cadros de persoal en calquera dos niveis asistenciais do sistema público galego; reforzar a presenza que teñen nos PAC. Vostede sabe que en Vigo contan cun único PAC. O que se pide é aumentar os puntos de atención continuada en Vigo, a maiores, incluír a atención pediátrica neles, para dar asistencia a todas estas crianzas que o piden, e despois actuar sobre a formación.

Son medidas realistas e acordes coa situación que se está a vivir. Vostedes saberán cales son os puntos que queren votar en contra, que non queren considerar, porque xa sabemos que as solucións que están a propor para atender a situación da sanidade pública galega son escasas e, por suposto, moi mellorables.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Carreira.

Pasamos agora a debater a terceira moción deste punto 2, a do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise de prezos

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): A esta moción non se lle presentaron emendas.

Ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta. Boa tarde a todos e a todas.

Xa levamos unhas cantas horas neste debate plenario de hoxe e xa houbo unha parte importante del que estivo centrada no problema que motiva esta moción, que é a crise de prezos. Mais, como era previsible, o Partido Popular aplicou o seu tradicional rodillo navideño para aprobar, hai menos de dúas horas —apenas dúas horas—, uns orzamentos que volven ser insolventes, insolidarios e inxustos e que van ser —insistimos— absolutamente inútiles para enfrontar as consecuencias desta crise e as consecuencias dunha inflación que está xa desbocada, que é xa estrutural e que está tan instalada nas nosas vidas que mesmo a propia palabra «inflación» é unha das opcións a ser escollida a palabra do ano pola votación que organiza anualmente a Real Academia Galega a finais deste mes.



Nin unha soa medida das propostas no debate orzamentario foi aprobada polo Partido Popular, instalado na súa soberbia; nin as que propón a oposición nin as que se incorporan por parte dos partidos da oposición a petición de entidades sociais como as do terceiro sector, por exemplo, esa recuperación da Tarxeta Básica. Por isto temos unha mala noticia para o Partido Popular, e é que teimudas e teimudos somos un anaco e, polo tanto, imos seguir insistindo.

É necesario un xiro da política económica para rescatar os milleiros de galegos e galegas que están afogando coa crise de prezos máis grave dos últimos trinta e tres anos. E, ante o maior problema que teñen hoxe os galegos e as galegas, o máis sabio que podería facer o Goberno deste país é o único que fan adecuadamente, que é rectificar, porque só acertan cando rectifican, e, desde logo, os datos que coñecemos esta mesma semana só fan remarcar a necesidade dunha rectificación.

Este pasado mércores coñecemos os datos definitivos do IPC para o mes de novembro —esta pasada semana— e seguen a ser demoledores: o IPC para Galiza en novembro sobe respecto do mes anterior, mentres que no conxunto do Estado baixa. Unha vez máis Galiza salienta por ter un comportamento peor que o conxunto do Estado. Se no conxunto a inflación baixa e queda nun 6,8 por cento, en Galiza temos 7 décimas máis, cun IPC no 7,5 por cento. Un mes máis Galiza volve ter peores datos que o Estado, e por riba segue a ser preocupante a evolución da inflación subxacente.

Precisamente na interpelación ao conselleiro insistíámoslle neste extremo. Hai que recordar que este indicador é considerado máis preciso para medir a realidade económica porque exclúe o impacto dos alimentos non elaborados e dos produtos enerxéticos, que se consideran tradicionalmente como máis volátiles. Así, os expertos poñen, precisamente, o foco neste indicador por dous motivos: por unha banda, porque ten o perigo de que se cronifique aínda máis do que se está a cronificar a propia inflación e polas dificultades para controlalo. Este indicador —precisamente este é o que máis preocupa as persoas expertas na materia— é tamén, e desde hai un ano, máis intenso en Galiza que no conxunto do Estado, mais o Goberno galego nin se inmuta. Parece que este problema non vai con eles e con elas, mais a realidade está aí e con ela o sufrimento de cada vez máis galegos e galegas.

O mes anterior, por exemplo, no mes de outubro, xa a inflación subxacente no Estado foi do 6,2 e, no noso país, dun 6,7; cinco décimas máis. ¿Que pasa co último dato que coñecemos a semana pasada? Pois que a situación empeora. En novembro, a inflación subxacente en Galicia segue a subir nun 6,9 por cento, dúas décimas máis que o mes anterior; e se nos comparamos co Estado, 6 décimas máis. Segue subindo e sobe máis. Polo tanto, o panorama non está para conformismos nin para que o Goberno galego eluda as súas responsabilidades. Empobrecemos, e as galegas e os galegos facémolo máis rápido que o resto do Estado. E facémolo tamén cun colchón social —insistimos— profundamente danado, porque antes desta crise inflacionaria houbo unha pandemia da covid 19 con importantes consecuencias económicas, e facémolo tamén porque antes disto houbo unha crise en 2009 na que se tomaron medidas antisociais que tiveron un gran impacto na nosa calidade de vida. E temos tamén un impacto que é superior en Galiza, porque non podemos perder de vista que os nosos salarios e as nosas pensións son das máis baixas do Estado.



Polo tanto, ante esta situación, a propaganda do Goberno galego non funciona nin é unha solución para os problemas dos galegos e galegas, e menos aínda a súa política económica, que, como quedou claro no debate anterior, está destinada a privilexiar as rendas máis altas por riba das máis baixas —e sobran os exemplos desta situación—. Esta é a realidade, e ante esa realidade, o Goberno galego non sobe as axudas sociais acordes co custo da vida, retiran a Tarxeta Básica e nin sequera en dous anos foron quen de traer a este Parlamento unha proposta para facer real esa compatibilidade que tanto din arelar entre o ingreso mínimo vital e a Risga para, única e exclusivamente, alimentarse dese «canto peor, mellor» e poder facer de oposición tanto da oposición como do Goberno central. Por riba, isto parecíalles pouco, e trouxeron este pelotazo fiscal para facer máis ricos aínda os 7.000 máis ricos.

Por iso, nós insistimos hoxe en que esa non é a vía, e facémolo traendo, ademais, a este Parlamento unha alternativa, xa non só porque os datos son peores en Galiza, senón porque incluso, en termos xerais, a lixeira rebaixa que hai no conxunto do Estado da inflación é, desde logo, unha lixeira rebaixa que é insuficiente e que agocha moitas sombras. Unha delas, por exemplo, é a carestía dos alimentos. A carestía dos alimentos elévase nos últimos datos un 15 por cento; iso é máis do dobre do conxunto da inflación. Amsa, como se trasladou, a suba de prezos enerxéticos ao conxunto do mercado e amosa, tradúcese, na realidade cotiá dos galegos e galegas en que encher a cesta da compra —algo tan ordinario, algo tan habitual para o noso día a día como é encher a cesta da compra— é cada vez máis unha odisea para máis persoas, e iso é algo que un goberno digno de tal nome non debería consentir, porque é un dereito, e non o debería consentir. Ademais, son conscientes de que iso trae un efecto dominó na sociedade galega, porque, canta máis dificultade para encher a cesta da compra, peor alimentación asume a sociedade. O empeoramento dos hábitos leva a un empeoramento da calidade de vida, e o empeoramento da calidade de vida leva tamén a un empeoramento da saúde colectiva.

Polo tanto, esta situación non está para nada exenta de gravidade e require dunha resposta contundente. Por iso seguiremos insistindo en canto debate faga falta e as veces que se sexa necesario neste Parlamento para que se tomen medidas que funcionen, e por iso hoxe o volvemos facer e traemos a votación a este pleno. Non é un bo síntoma que o Partido Popular nin sequera se esforzase en presentar unha emenda para disimular un pouco o pouco interese que ten neste tema, pero nós seguiremos insistindo e traemos hoxe unha proposta de plan urxente de resposta a esta cronificación da crise de prezos e ao agravamento das súas consecuencias, que conta con cinco puntos básicos.

O primeiro deles é algo que deba caracterizar calquera goberno, que é a capacidade de diálogo. Propoñemos que haxa diálogo, e para ver ese diálogo real para todos os sectores que están afectados por esta crise e que son conscientes de que é necesaria unha resposta de país temos un instrumento, que é o Consello Económico e Social, que debe ser empregado e reactivado, porque basta xa de que o Partido Popular faga o diálogo social selectivo que lle apetece e con quen lle apetece. Hai que falar coa pluralidade da sociedade galega, que para iso está o Consello Económico e Social. Nós propoñemos unha mesa de seguimento e de actuación ante o impacto da crise de prezos, na que se traballen propostas; propostas que se poidan traer a este Parlamento, que se poidan mellorar e que se poidan impulsar. Mais en canto iso se verifica, hai medidas que, desde logo, non poden agardar e que xa tiñan que estar impulsadas.



Hoxe situamos catro como as máis urxentes: a primeira, aprobar de inmediato a recuperación da Tarxeta Básica —dá igual as veces que voten en contra, seguiremos insistindo—. A segunda, que se impulse un bono familiar galego de loita contra a pobreza na infancia e na adolescencia; que se conciba como unha prestación mensual para os colectivos máis vulnerábeis, como son as familias monoparentais, sempre absolutamente esquecidas polo Goberno galego. A terceira, que se avance en medidas de apoio aos sectores máis castigados e máis necesitados de impulso, como son as mulleres no medio rural, con medidas como a creación dun tícket rural para o emprendemento neste ámbito; que se conciba como unha axuda anual dun mínimo de 15.000 euros durante cinco anos para proxectos que teñan sede e domicilio fiscal no rural. En cuarto lugar, propoñemos impulsar novas medidas no ámbito enerxético que palién o impacto da factura da luz nos galegos e galegas; por unha banda, mellorando os complementos que existen do bono social, porque o marco do bono social é insuficiente e non cobre, realmente, toda a poboación con carestía de cobertura deste tipo de servizos. E, por último, fomentando un bono específico que sexa máis ambicioso para as e os autónomos, que son tamén o sector máis castigado.

Polo tanto, estas son cinco propostas que o Partido Popular podería aceptar se quixese mirar máis alá dos seus fociños ou se non quixese facer outra cousa aproveitando esta crise, que non é unha crise e que é unha estafa.

Polo tanto, hoxe traemos medidas que serían posibles, que son realistas, que só requiren de vontade política e que axudarían a que os galegos e as galegas continuasen saíndo adiante; en definitiva, iso é o que debera facer o Goberno: axudar a maioría social deste país, en lugar de privilexiar constantemente unha minoría que o único que fai é encher máis os petos aproveitando esta situación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Presas.

Turno para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra dona Marina Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidenta.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista estamos de acordo en aprobar un plan urxente de resposta ante a crise de prezos motivada pola guerra de Ucraína, e pregúntome eu como non imos estar de acordo cunha cuestión así. O raro é que algún grupo desta Cámara non estea de acordo cunha proposta que se presupón que ten que ser de mínimos para adaptar as medidas políticas ao contexto que estamos a vivir.

Nós, dende o Grupo Socialista, levamos pedindo medidas adaptadas ao contexto moito tempo. E claro que hai puntos desta moción que fariamos doutra forma, adaptando máis as cantidades ás propostas de cada casuística en función da renda ou da ganancia de cada cidadán, pero, na esencia, que é o que importa, estamos de acordo, e creo que deberíamos estar de acordo todos os grupos, por responsabilidade, no momento que estamos a vivir.



Todo o país tivo que escoitar como Feijóo botaba a culpa da inflación ou suba de prezos ao presidente do Goberno, Pedro Sánchez. Hai un refrán que di que o tempo é un xuíz tan sabio que non sentenza de inmediato, pero que, ao final, dá a razón a quen a ten. E hoxe tápalle a boca a Feijóo, que mentres como presidente da Xunta non tomou medidas de calado en Galicia, o Goberno de España tomou moitas palpables e tanxibles que fan que hoxe España creza, cree emprego e reduza a inflación.

¿Que fogar non percibiu algunha das medidas do Goberno que preside Pedro Sánchez, como, por exemplo, os ERTE, o ingreso mínimo vital, o incremento da renda, derivado do incremento do salario mínimo interprofesional, ou o incremento tan merecido para os pensionistas, que, se non fose por este goberno, habería que ver como estarían, se gobernase o Partido Popular. ¿Que fogar non percibiu o desconto no combustible ou nos prezos derivados da «excepción ibérica», lograda polo noso país, etcétera, etcétera...? Moitas axudas que non caen do ceo, por suposto, senón que se deben a unha xestión do presidente de España en Europa cargada de liderado, valentía e decisión, a pesar das zancadillas do Partido Popular, tristemente, e de todo o ruído que se xerou por parte da oposición.

Conseguiu para España o paquete de fondos máis potente da nosa historia. A diferenza entre que un goberno se adapte ás circunstancias ou non e entre que un goberno tome medidas extraordinarias en momentos excepcionais ou non nótase a medio prazo. Nestes momentos, señoría, España é o país que menor inflación ten de toda Europa. Se tomásemos o argumento, a premisa ou a acusación de Feijóo contra o presidente do Goberno de España, dicindo que era o culpable da inflación, ¿que diría hoxe, señorías do Partido Popular? Entendo que tería que dicir que é o mellor presidente da Unión Europea, por exemplo, segundo o seu propio argumento. E é máis, eu preguntome: ¿que diría mentres os datos poñen a España coa menor inflación de Europa e mentres vemos que Galicia ten unha inflación superior, en comparativa co resto das comunidades autónomas? En concreto, é a terceira comunidade autónoma co IPC máis alto de España.

Segundo a lóxica de Feijóo, estaríase lanzando un dardo a si mesmo, porque é que, ademais, en Galicia sobe tamén o paro mentres en España baixa o paro, e non fai nada o presidente de Galicia. Era el mesmo, e agora podemos dicir que unha fotocopia. E todo isto cando Galicia recibiu máis fondos estatais europeos que nunca. Presupostar presupostan, pero logo hai que executar as partidas e saber redistribuílas de xeito estratéxico, adaptándose ao contexto social que estamos a vivir.

¿E saben que partidas deixaron de executar ao cen por cento no pasado ano dende o Partido Popular no Goberno galego? A de pensións asistenciais e de protección e inserción social, ou a de servizos sociais de atención a persoas maiores e con discapacidade, por exemplo. É unha triste mostra da deficiente xestión do Goberno galego ante a crise. Porque o certo é que o Goberno galego non está tomando medidas adaptadas ao contexto de crise nin está a ser dilixente nesta situación.

Dende o Grupo Socialista, como oposición, somos conscientes de que son momentos moi duros e de que temos que apoiar. Cando fixeron algunha medida que nos parecía que era boa para os galegos e galegas, así o dixemos. E cando implantaron a Tarxeta Básica, a instancia



dos movementos sociais que loitan contra a pobreza en Galicia día tras día, dixemos nesta Cámara parlamentaria que era unha boa medida, e apoiámola. Os estudos das asociacións contra a pobreza dixeron que os datos de pobreza se amortiguaron ou diminuíron grazas a medidas como o ingreso mínimo vital ou a Tarxeta Básica. O que nunca esperabamos é que, no peor momento posible, cando a suba de prezos é do único que se fala na rúa —loxicamente, porque a xente sofre para poder facer a compra no súper cando a inflación en Galicia é superior á media estatal, sendo o terceiro, repito, peor dato do IPC do Estado—, decidan nestes momentos, señorías do Partido Popular, eliminar unha das axudas que mellor funcionou en Galicia contra a pobreza, porque evitaba burocracia, eliminaba estigmas e garantía o anonimato destas familias ao facer a compra no súper, ao que podían ir, como calquera outra familia, sen necesidade de ir da man dos seus fillos a facer as colas da fame, agardando esas axudas tradicionalmente asistencialistas, que, con toda a boa intención do mundo, non deixan de xerar estigmas e de marcar para sempre familias, moitas delas con nenos e nenas. Diso estamos a falar.

E non hai explicación ningunha, señorías do Partido Popular, para negarse a retomar a Tarxeta Básica, porque, como dixo o presidente Rueda, falando de sanidade: «por cartos non é»; cartos hai. E mentres continúe destacando o índice de pobreza infantil en Galicia, mentres un só neno que non teña unha alimentación equilibrada siga pasando fame en Galicia, estaremos, señorías, en débeda moral coa cidadanía galega e este Goberno non estará devolvendo a confianza que os galegos e galegas lle deron cunha maioría absoluta. Polo tanto, teñen a débeda moral cos galegos e galegas de retomar de inmediato a Tarxeta Básica. *(Aplausos.)*

O outro exemplo grave de ineficiencia do Goberno galego demostrase na inoperancia para modificar a Lei de inclusión galega. Dende o Grupo Socialista fomos os primeiros en solicitar ao Goberno galego a adaptación desta lei, xa que en 2020, tras a pandemia, xa o dixemos. E dixéronnos que si. Pois parece que si, como aos tolos, porque estamos rematando o 2022 e seguimos agardando. O peor non é que esperemos nós, señorías, o peor é que os que esperan son familias sen recursos; moitas delas con fillos e fillas e moitas delas que foron tratadas como morosas por parte do Goberno galego cando lles remitiu unha misiva burocrática a todos os que cobraron o ingreso mínimo vital logo de lles conceder a Risga, sen ter a culpa realmente, e cunha sentenza que os avala e que cobre esas familias en situación de exclusión. Todo pola inoperancia e o capricho dun goberno galego que non foi capaz, en dous anos, de facer complementaria a Risga co ingreso mínimo vital ou similares. O problema é que os datos revelan que os sectores poboacionais máis afectados pola pobreza se corresponden maioritariamente con nenos, nenas, mocidade, mulleres que crían soas os seus fillos e fillas e persoas con discapacidade.

Aquí, dende o Grupo Socialista, ofrecemos tender a man ao Goberno galego con propostas para atender estes sectores, que vostedes, señorías do Partido Popular, rexeitaron. Propuxemos medidas para blindar a nosa mocidade; propuxemos un plan galego contra a pobreza, especialmente a infantil, e o Partido Popular votou en contra. Tivo que vir o Goberno estatal para transferir máis de dez millóns e instar o Goberno galego a poñer en marcha medidas para loitar contra a pobreza infantil, porque, se non, aquí non facían nada, señorías do Partido Popular. Propuxemos retomar a Tarxeta Básica e dixeron que non; propuxemos o in-



cremento dos equipos técnicos de menores para eses casos máis graves de nenos e nenas que están en risco de desamparo, que é a máxima expresión de pobreza económica —non só económica, senón tamén de afecto— e non o aceptaron; propuxemos o incremento do Bono social térmico e non aceptaron; propuxemos un plan galego específico de medidas contra a pobreza naqueles sectores máis afectados, como son familias monomarentais, nenos, nenas, mocidade e persoas con discapacidade, e dixeron que non; propuxemos medidas para axilizar as axudas para as listas de espera para persoas con dependencia e dixeron que non. E así moitísimas...

Hoxe mesmo neste pleno tamén falaremos de propostas para o sector do comercio, pemes e autónomos para frear os sobrecustos da electricidade. Propuxemos tamén o incremento da Risga e das pensións para equiparalas ao incremento do Estado. Pero o máis grave xa non é isto, senón que o Goberno galego é como o *perro do hortelano*, pero no traballo: nin traballa nin deixa traballar. Non só é que non tomen medidas en Galicia, senón que, ademais, as impiden e poñen zancadillas alá onde poden no Goberno de España. ¿Como puideron votar en contra da bonificación sobre o litro de combustible? ¿Como puideron votar en contra da prohibición de despedidos de traballadores ás empresas que tiveron axudas directas ou os ERTE? ¿Como puideron votar en contra da revisión de alugueiros? ¿Como puideron votar en contra do incremento do ingreso mínimo vital? ¿Como puideron votar en contra da ampliación do Bono social eléctrico a máis de 600.000 familias? ¿Como puideron votar en contra da ascensión de baixadas fiscais na factura da luz ou tamén votar en contra dos 75 millóns adicionais para o Bono social térmico?, ¿ou das axudas directas aos sectores máis afectados da agricultura, gandería, pesca, industria electrointensiva, gas intensivo e tamén do sector do transporte?

E o peor de todo é que agora veñan e incluso cheguen a vetar unha votación no Senado para a renovación do Constitucional porque non acepten non ser a maioría e pensen que o poder é da súa propiedade e non da soberanía popular, que é aí onde ten que residir o poder. Son vostedes uns auténticos irresponsables, tendo en conta o contexto no que estamos a vivir. ¿Non se dan conta de que cando votan en contra deste tipo de medidas non están danando o Partido Socialista? Están danando o conxunto da cidadanía e, nomeadamente, dos galegos e galegas, aos que deberían de representar e devolver a confianza desa maioría que lles deron por cuarta vez.

Non hai fórmulas máxicas —estaremos de acordo— nin todo depende de nós, pero dende Galicia podemos facer moito, señorías. Cruzarse de brazos non é unha opción, non serve para nada. Nós, a pesar de todo, seguiremos tendendo a man ao Goberno galego facendo propostas responsables para dar respostas ao contexto actual, porque Galicia merece un goberno na Xunta que tome medidas adaptadas ás circunstancias, que escoite, que sexa empático, que atenda os colectivos máis vulnerables e que teña ambición, e que non teñamos que dicir, como temos que dicir, lamentablemente, que a súa medida estrela nos fai felicitar eses máis de sete mil galegos millonarios, os que viron rebaixados o imposto de patrimonio...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Vaia rematando, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: ...e trasladar o noso ánimo ao resto dos 2.600.000 galegos e galegas que quedan sen máis de trinta millóns de recadación.



Repito —e remato, presidenta—, a pesar da pasividade e da falta de dilixencia da Xunta, os galegos e galegas sairán adiante. Sairemos adiante polo espírito de loita e a forza de traballo que nos caracteriza, pero en ningún caso polo apoio que estamos a recibir por parte do Goberno que eliximos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Ortega.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra don José Alberto Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidenta.

Señorías.

Confeso que resulta moi triste escoitar nesta Cámara que hai compañeiros da Cámara que teñen medo do Partido Popular. E recordei unha cita dun filósofo francés que dicía que o home que ten medo sen perigo inventa o perigo para xustificar o medo. A min medo danme algunhas declaracións de supostos responsables públicos, cito: «*Es una absoluta anormalidad que el Constitucional se reúna de urgencia para amenazar al Congreso*». «*Es peligroso que se intente limitar debates parlamentarios*». «*Defendemos el derecho de los grupos parlamentarios a poder posicionarse sobre todo*». «*En el Parlamento se debe poder hablar, debatir y votar de todo; es la libertad de expresión de los diputados y se protegen así también los derechos de los ciudadanos a los que representan*». Son unhas frases que acabamos de escoitar moi recentemente pero que, desgraciadamente, neste caso, se corresponde coa de Roger Torrent, presidente do Parlamento de Cataluña o 5 de novembro de 2019. ¡Medo dá que o partido que sustenta o presidente do Goberno asuma a linguaxe e a mensaxe dos golpistas! (*Aplausos.*) ¡Iso si que dá medo! (*Aplausos.*)

Señorías, para facer unha análise ponderada do resultado das políticas contra a pobreza executadas polo Partido Popular de Galicia temos que partir de dous datos indiscutibles. Cando chegamos ao Goberno autonómico, a taxa de pobreza en Galicia era superior á media de España. Segundo dato: durante os catorce anos do Goberno do Partido Popular de Galicia a taxa de pobreza en Galicia mantívose sempre por debaixo da media española, como acreditan os propios informes da Rede galega contra a pobreza. (*O señor Pazos Couñago mostra un gráfico.*) O gráfico está extraído dos seus propios informes. Dous feitos incontrovertidos que a vostedes lles valen para acusar o Partido Popular de Galicia de non ser dilixente, de incoherencia e de actuar con inoperancia e por capricho.

Miren, señorías, durante a durísima crise económica e social de 2008, Galicia controlou as consecuencias sociais mellor que a maioría das comunidades autónomas. Durante a pandemia sanitaria, Galicia ofreceu unha rede de protección social mellor que a maioría das comunidades autónomas. E na crise poscovid e inflacionista Galicia segue a manter a taxa de pobreza por debaixo da media de España. Así que, señora Presas, disentir das propostas para



abordar a pobreza non é negacionismo, iso é pluralidade política. Sorpréndeme, por certo, que me diga que por que non presentamos unha emenda. Presentamos un orzamento e aprobámolo íntegro, completo, esta mañá; en materia de política social, por certo, o máis amplo da historia.

Pero eu, como vostede nos acusa de inoperancia e de falta de sensibilidade, vou poñer dous datos máis enriba da mesa. O orzamento de política social no 2008 —último ano de crise—, 468 millóns de euros; o orzamento de política social do ano 2023, 1.077 millóns. O orzamento que dedicaban, naquel momento de crise, o BNG e os socialistas á inclusión social, menos de 70 millóns; o orzamento do 2023, 148 millóns de euros. Pero, honradamente, ¿de verdade teñen a desvergonza de vir aquí e acusarnos vostedes a nós de falla de compromiso? Este foi o compromiso que amosou o Goberno de Alfonso Rueda, e ese é o compromiso do Goberno do que vostedes formaban parte e que deixou tirados os galegos por unha crise á que os levaron as súas políticas, señorías.

E, por certo, acusáronnos de ignorar a crise. Aquí mantivemos un debate sobre este mesmo tema antes do verán, e eu díxenlles que era unha vergonza que dende a esquerda se chamase a desfrutar do verán, ignorando a crise de prezos e dicindo que os que estabamos atemorizando a poboación eramos uns «agoreros». Pero, de verdade, ¿tan curta é a memoria?

Mire, todos estes resultados que eu lles relatei non son froito da casualidade ou da improvisación, senón dunha estratexia debidamente planificada que empezou coa Estratexia de inclusión social 2014–2020. E dende o 2016 esa Estratexia é analizada, elaborada e desenvolvida conxuntamente coa Federación Galega de Municipios e Provincias; coa participación, por certo, das principais entidades de iniciativa social. E materialízase neste documento, a Axenda social única, (*O señor Pazos Couñago mostra o documento nomeado.*) que na súa segunda edición abarca do ano 2021 ao 2024. Claro, é un instrumento de planificación conxunto da Administración autonómica e local para acadar unha maior eficacia.

A primeira Axenda Social Única 2016–2020 acadou un grao de cumprimento do 96 por cento. A actual contén 93 medidas. Vostede di que non as coñece. ¡Home!, eu invítoos a que a lean. Estou disposto a facilitar copias. Creo que xa deixei unha aquí —por certo, vexo que non lle prestaron demasiada atención—. Na páxina 17 pode ver vostede o desglose de absolutamente todos os programas, que, por certo, inclúe as materias nas que vostede hoxe pide actuacións. O compromiso orzamentario anual desa axenda está sendo de máis de catrocentos millóns de euros anuais, ¡catrocentos millóns de euros! E, por certo, a Tarxeta Básica ocupaba o 5 por cento deses recursos —o 5 por cento deses catrocentos millóns—. Sorprendeume moitísimo —confésollo, señora Ortega— escoitar que vostedes apoiaran a creación da Tarxeta Básica. ¿Cando? Porque no orzamento que a contemplaba, non; iso, seguro. Non, non, recordo bastante ben que votaron en contra dese orzamento, sobre todo porque recordo bastante ben —é bastante sinxelo— que votaron en contra de todos os orzamentos dos últimos catorce anos. ¿Pero como que apoiaron a Tarxeta Básica? ¿Pero que broma é esta?

Mire, nós alcanzamos consenso con EAPN–Galicia, con Cáritas, coa ONCE, coa Cruz Vermella e cos concellos galegos. ¿Ese diálogo non vale? Porque ese diálogo é o que alumeou este documento. Parece ser que non vale. Curiosamente, os que están facendo propostas fóra dese consenso son vostedes. É unha cousa certamente curiosa.



Se vostedes tomasen a molestia de estudar a folla de ruta conxunta que acordamos os concellos e a Xunta de Galicia, comprobarían que xa recolle medidas específicas para loitar contra a pobreza enerxética —que vostedes propoñen—, contra a pobreza na infancia —que vostedes propoñen— e contra a pobreza no rural, ademais das medidas que se incorporan aos orzamentos de 2023, que vostede di que non coñece.

Vostedes propoñen crear un bono familiar contra a pobreza infantil. Non o orzan. Descoñecemos a canto ascende. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, nas emendas non estaba este en concreto; este, non. En concreto... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Nas de gasto non, dende logo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, pois nada, búsqueas vostede, que se lles perdeu o rexistro.

A Xunta ofrece un plan piloto contra a pobreza infantil dotado con 8 millóns de euros. Propoñen vostedes un ticket rural de emprendemento feminino: 15.000 euros durante cinco anos. Por certo, emendárono sacando os fondos do mecanismo de resiliencia, das colaboracións cos sindicatos e dos centros especiais de emprego, porque esa emenda si que está rexistrada, señoría.

Por suposto, non falan nada de que hai un programa de autónomos que contempla 57 millóns de euros, onde se inclúe, por certo, a programación de emprego autónomo por 12 millóns de euros ou o emprendemento feminino do Emega por 4 millóns de euros, entre outras moitas medidas. Son 57 millóns de euros.

Tamén propoñen a creación dun bono eléctrico para autónomos, e obvian, iso si, o incremento do 50 por cento da aportación autonómica no Bono Social Térmico e que hai un programa de impacto autónomo, exclusivamente —por certo—, centrado nesa proposta que vostedes fan, e que está dotado con 30 millóns de euros. A min paréceme que son medidas concretas —¿verdade?— e bastante medibles.

Respecto da Tarxeta Básica, quero reiterar o xa explicado —explicado unhas cantas veces—: unha magnífica ferramenta para converter as situacións de dificultade derivadas da covid. Magnífica, e ademais así o sabemos os galegos, porque somos os únicos, xunto cos andaluces, que puidemos desfrutalas. Ao resto oímos falar das súas excelsas marabillas e resultados, pero o certo é que non a implementaron nin nunha soa das administracións que gobernan, ¡en ningunha! E, por certo, a emerxencia social recórdolle que segue sendo, dende que aprobaron vostedes unha lei en Galicia de servizos sociais, unha competencia municipal. Dígoo porque, sintanse libres, ¡sintanse libres! Por certo, a aportación da Xunta de Galicia aos concellos para esta materia tamén se incrementou no orzamento deste ano; un orzamento que, no apartado de inclusión social, aumentou un 25 por cento. E si, contempla subidas, tanto as subas de inclusión social como da Risga, para complementar esas rendas e asumir o incremento de custos que sufrimos todos os españois. Por tanto, señorías, desaparece un instrumento, pero hai un maior compromiso orzamentario e vanse implementar novos instrumentos.

Os resultados amosan, indiscutiblemente, que camiñamos na senda correcta, sabendo que falla aínda moito camiño por andar e que son moitas as familias galegas que están a pasar dificultades.



Nós cremos que a solución nin está na demagogia nin na improvisación, e seguiremos a senda da planificación e da colaboración con outras administracións. Eu teño que dicir que ata o de agora esas administracións foron máis receptivas que o BNG e o Partido Socialista.

E do resto, pois é certo que houbo axudas importantes de fondos europeos que nos axudaban —por certo, a todos— a contemplar con maiores esperanzas o futuro, grazas a eses fondos europeos. Vexo que a señora Ortega non recibiu as últimas novas ao respecto —que eu llas facilito—, de apenas hai un cuarto de hora: «*El Gobierno reconoce que no puede cumplir con el Plan de recuperación y pedirá modificar sus compromisos con Bruselas*». Non sei se lles soa a cantinela, porque creo que o levamos repetindo uns cantos meses. «*El Gobierno da el siguiente paso respecto a los fondos europeos y ha aprobado en consejo de ministros el proyecto adenda al Plan de recuperación; una suerte de anexo con nuevos hitos...*»

A señora PRESIDENTA (Candía López): Vaia rematando, señor Pazos, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: *...y compromisos para acceder a la totalidad de los créditos blancos del programa Next Generation*»; eses que levamos meses dicindo que estamos en risco de perder por falla de execución.

O fantástico xestor que nos levou a esta situación é aquel que vostede definiu como «o mellor presidente da Unión Europea». ¡Home!, vainos permitir que non compartamos o excesivo entusiasmo que amosou vostede por unha xestión que nos está a privar...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...duns fondos que deberían de chegar na súa primeira atacada, por certo, de maneira gratuíta.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: Hoxe están en risco grazas a ese magnífico presidente.

Moitas grazas. (Aplausos.)

Para rematar, por tempo de cinco minutos, ten a palabra a autora da moción, dona Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Comezando pola voceira socialista, agradezo a súa vontade de consenso, o seu espírito construtivo, pero discrepo nunha parte importante coa lectura que se fai desde os socialistas neste pleno respecto do conformismo da evolución do IPC no ámbito do Estado. A semana pasada escoitabamos o señor Pedro Sánchez falar de dobrear a curva da inflación, e a min recordábame a cando anteriormente escoitabamos o de dobrear a curva da covid e a cando en bastantes ocasións tivemos que arrepentirnos do conformismo que se practicaba. Non hai que perder de vista que agora estamos comparando os datos de novembro de 2022 cos



de novembro de 2021, cando xa o IPC estaba disparado no Estado no 5,5 por cento e en Galiza no 5,9 por cento. Polo tanto, hai certa maquillaxe no resultado final.

Tamén temos que ter en conta o que eu dicía na intervención inicial de que a suba da inflación subxacente non dá tregua. A dos alimentos estase cronificando e é perigosa, e tamén estamos nun contexto no que hai un golpe ao aforro. As familias están a recorrer xa ao aforro para poder subsistir, e sabemos que a suba de tipos de interese fai máis complicado todo o tema das hipotecas, mais tamén acceder a crédito, a suba dos seguros, etc. Polo tanto, pensamos que estamos lonxe de poder atisbar un fin desta crise.

O voceiro do Partido Popular fixo aquí un remix de asuntos. Respecto de Torrent, non sei que quere que lle diga, ¿que o Bloque Nacionalista Galego segue estando en contra e pensando que é absolutamente escandaloso que no Estado español se persiga non só a un, senón a varios presidentes dun parlamento por permitir debates democráticos no seu parlamento? Pois si, seguimos escandalizados e escandalizadas por iso. E seguimos profesando amor eterno a Néstor Rego. Non sei se quere xa que faga un símbolo dun corazón aquí, (*A señora Presas Bergantiños fai o símbolo dun corazón coas mans.*) porque é o que nos queda por facer esta tarde. Pero, por se ten algunha dúbida, que non diga que me esquecín. (*Aplausos.*)

E, mire, desvergonza é a que teñen vostedes ao intentar introducir todo tipo de cuestións para eludir o esencial: que é que están en contra de aprobar medidas que están demandando non só o Bloque Nacionalista Galego, senón tamén as entidades sociais. Incluso veu aquí dicir que, ¡joia!, antes do verán. Cando levabamos un ano case de crise inflacionista, veu aquí o novo presidente da Xunta debater sobre esta cuestión. Si, dous meses e medio despois de ser investido presidente atreveuse, por fin, a vir aquí falar da crise de prezos. Pouco máis e temos que esperar a ver se gaña algunha outra elección o Partido Popular.

E mire, desvergonza é traer ese documento que acaba de amosar aquí outra vez, traer a Axenda Social Única e acusarnos de non lela. ¡É que igual non a leu vostede! Porque, ¿sabe que vén aí, nesa Axenda Social Única? Vén, por exemplo, facer o que non fixeron en tres anos de lexislatura, que é modificar a lei para facer compatible a Risga co ingreso mínimo vital. ¿E sabe vostede tamén que están pedindo moitas das entidades que asinaron ese documento? A recuperación da Tarxeta Básica, que vostedes non recuperan porque non lles dá a gana de orzala, porque prefiren detraer recursos para as rendas máis altas. ¡Esa é a cuestión! (*Aplausos.*)

Pero son vostedes bastante expertos e expertas na desvergonza e en incumprir as promesas. Non falou, por exemplo, vostede das familias monoparentais, das que falamos nós no debate; familias monoparentais ás que xa no debate de investidura do anterior presidente da Xunta, do señor Feijóo, vostedes dicían que ían aplicar unhas medidas fiscais para favorecer a súa renda. Prometérono xa en 2020, señor Pazos —estaba vostede por aí pululando en 2020—. Non o fixeron. Fixeron, iso si, algunha medida para as numerosas, porque aquí quen manda na política fiscal do Partido Popular, ademais dos ricos, é o Opus Dei. Esas dúas son as inspiracións que teñen vostedes, si. (*Murmurios.*)

¿Sabe que máis non fixeron das familias monoparentais? O Plan contra a pobreza, que tamén tiñan que ter impulsado xa, o rexistro que prometeron no ano 2010... É que é tal a desver-



gonza que se me esgota o tempo se me deteño neste sector, señor Pazos. Iso si que é ter absoluta desvergonza.

Desvergonza é tamén non ler nin sequera as emendas da oposición. Porque nos acusou aquí de non presentar un plan que si que presentamos. ¡É que non saben nin en contra de que votan! Está nas emendas, señor Pazos, e vostede ata hai nada era voceiro de política social. Revise nos orzamentos da Consellería as emendas do BNG, que está aí ese Bono Social.

Entón, señor Pazos, nós insistiremos. E recórdolle tamén algo que xa saía no debate pola mañá, que o leu a voceira nacionalista Ana Pontón e que non foron quen de contestar, que é que a propia Airef sinala Galiza como a autonomía con máis fogares pobres sen axuda pública e que máis do 50 por cento non está cuberto nin polas prestacións da Xunta nin polo ingreso mínimo vital.

Nós, que si que cremos no autogoberno, traemos propostas posibles desde o autogoberno para corrixir esa situación. Mentres, vostedes non soben as axudas acordes coa suba do IPC. É un chiste que veña aquí defender a suba das PNC, cando é un 1,20 ao mes, que non dá nin para que as persoas que viven grazas a esa axuda poidan tomar un café ao mes, señor Pazos. ¡É unha absoluta desvergonza! Vaia vostede ao supermercado cun euro con vinte a ver como come cada día.

É tamén unha absoluta desvergonza que sigan negándose a recuperar esa Tarxeta Básica e que, desde logo, non acepten dialogar nin sequera calquera das propostas que traemos e que seguiremos a traer, señor Pazos e señores do Partido Popular, porque estes orzamentos que acaban de aprobar vostedes van na dirección contraria aos intereses dos galegos e galegas.

Pero a nós dános igual que pasen o rodillo, porque seguiremos traendo a esta Cámara os problemas dos galegos e das galegas. E hoxe, cando é case imposible para moitos fogares ir ao supermercado e facer a compra, a suba de prezos é un dos problemas máis importantes. Seguiremos insistindo porque Galiza ten capacidade e posibilidade de impulsar medidas; o que non ten o seu goberno é vontade política, porque están ocupados en favorecer outros sectores. Pero nós, desde logo, continuaremos insistindo.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematado o debate, procedemos á votación das mocións.

Votación das mocións

A señora PRESIDENTA (Candia López): Imos votar a 2.1, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela.

(A señora Amigo Díaz pide a palabra.)



¿Para que quere a palabra, señora Amigo?

(A señora Amigo Díaz pronuncia palabras que non se perciben).

¿Señor Torrado, acepta a votación por puntos?

Déanlle voz ao escano do señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Si grazas, presidenta.

Existindo un debate enteiro e tres mocións para debatelo, cremos que non é momento de pedilo. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): O señor Torrado di que non é o momento de pedilo. Eu entendo que é que non o acepta. *(Murmurios.)*

Pois procedemos... *(Risos.)* Procedemos, entón, á votación desta iniciativa.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a política do Goberno galego respecto da atención primaria no sistema sanitario.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Procedemos á votación do punto 2.2, a Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos e D^a María Monserrat Prado Cores, sobre a atención pediátrica na Área Sanitaria de Vigo.

(A señora Amigo Díaz pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra, señora Amigo?

Déanlle voz ao escano da señora Amigo, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: Volvo pedir, igual que pedín na anterior, a votación por puntos desta moción.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Señora Carreira, ¿acepta a votación por puntos?



A señora CARREIRA PAZOS: Si.

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿Que puntos quere que se voten por separado, señora Amigo?

A señora AMIGO DÍAZ: Queremos separar o punto número 3.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Se lles parece, votamos primeiro ese punto por separado, o punto 3, e despois conxuntamente os restantes.

Votamos o punto 3.

Votación do punto 3 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos e D^a María Monserrat Prado Cores, sobre a atención pediátrica na Área Sanitaria de Vigo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto por unanimidade.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Votamos agora o resto dos puntos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos e D^a María Monserrat Prado Cores, agás o punto 3, sobre a atención pediátrica na Área Sanitaria de Vigo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a moción, agás o punto 3.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Pasamos a votar a iniciativa 2.3, Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise de prezos, que non tiña rexistrada emendas.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise de prezos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



A señora PRESIDENTA (Candía López): Pasamos ao punto 3 da orde do día, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as medidas que debe desenvolver a Xunta de Galicia para a prevención do cancro de pulmón

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, a número 45.167, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-003401, doc. núm. 39782).

Emenda de adición.

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

«Realizar un plan extraordinario de acción en termos de prevención e detección precoz de cancro, con especial atención ao de pulmón, mama e colon, para reverter a situación de infradiagnóstico provocado pola COVID da que alertan os recentes informes do Ministerio de Sanidade e as sociedades científicas.»)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra dona Marta María Rodríguez-Vispo por un tempo de dez minutos.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

A iniciativa que presentamos hoxe neste hemiciclo, que esperamos que conte co apoio dos grupos, busca seguir avanzando na mellora da detección precoz do cancro na poboación galega. O cancro segue constituíndo unha das principais causas de mortalidade, con aproximadamente 9,9 millóns de mortes relacionadas no ano 2020, de acordo cos datos proporcionados pola Axencia Internacional de Investigación do Cancro.

No ano 2020 en España, e a pesar da pandemia, os tumores foron a primeira causa de mortalidade en homes, o que supuxo un 26,9 % das mortes. Pódese dicir, sen ningunha dúbida, que o cancro se converteu na epidemia do século XXI. En Europa os datos epidemiolóxicos apuntan a unha consolidación desta tendencia se se teñen en conta as previsións de incidencia para os próximos vinte anos e que a mortalidade seguirá crescendo, aínda que a un ritmo menor que a incidencia. Segundo a Rede Española de Rexistros de Cancro, para o ano 2022 estímase 280.101 novos casos de cancro, o que supón 767 novos casos ao día. A supervivencia en pacientes con cancro estímase que se duplicou nos últimos corenta anos e é



probable que, aínda que lentamente, continúe aumentando nos próximos anos grazas aos avances na detección precoz, nas terapias eficaces e nos cuidados de apoio.

Non todo son malas noticias, señorías. Esta mesma tarde liamos unha boa noticia: «*Un estudio gallego halla más de doscientos factores de riesgo de cáncer de colon. El mayor análisis genético sobre la enfermedad ayudará a prevenirla e incluso plantea tratamientos antes de que se manifieste*». Moi boa nova respecto do traballo conseguido polo gran grupo que temos de medicina xenómica do Instituto de Investigación Sanitaria, do IDIS, aquí en Santiago de Compostela.

En Galicia os tumores de vexiga, colon, recto e pulmón son os tumores de maior incidencia. E é nos cancros de pulmón, colon e recto onde se concentran as maiores taxas de mortalidade. Os programas de cribado de enfermidades oncolóxicas foron un sinal de identidade do Sistema público de saúde de Galicia e, ademais, obxecto dun amplo acordo político —aínda que é certo que non sempre saíron adiante co apoio unánime desta Cámara—.

Dende hai anos a Xunta de Galicia traballa na realización dos cribados de distintas patoloxías coa finalidade de detectar de maneira precoz as enfermidades que afecten a poboación galega. Foi en 1992 cando o Sergas puxo en marcha o primeiro cribado de cancro de mama, que se foi estendendo aos anos seguintes ata acadar a toda a poboación diana. Outro dos programas foi o de cribado colorrectal, que comezou no ano 2013 e se estendeu ata acadar a súa implantación completa no 2019; ou o cribado de cérvix, que xa estaba implantado como proxecto piloto nas áreas de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos na anterior lexislatura. Nesta cóntase con estendelo a todo o territorio galego para cumprir así o compromiso adquirido e plasmado nos orzamentos que vimos de aprobar esta mesma mañá para 2023, nos que se incrementa nun 70 % a partida para cribados, fundamentalmente para afrontar a extensión a toda Galicia do cribado de cancro de cérvix, que agora mesmo funciona en tres das sete áreas sanitarias e que esperamos que en 2023 chegue ao cen por cento da poboación. Era un obxectivo que o Ministerio de Sanidade marcaba para o 2029; polo tanto, Galicia continúa adiantándose a eses obxectivos.

Xa sucedeu co cribado do cancro colorrectal, no que o Ministerio fixou o 2019 como ano límite para iniciar a implantación e o 2024 como tope para chegar ao cen por cento da cobertura. Galicia adiantouse máis de cinco anos a estas metas, iniciouse a implantación no 2013 e alcanzouse o cen por cento de cobertura no 2019. Esta mesma mañá, nunhas xornadas sobre resultados e actualización deste programa, o conselleiro de Sanidade dicía que desde súa posta en marcha se entregaron test a máis de 700.000 persoas e se fixeron máis de 40.000 colonoscopias —das cales 16.783 indicaban unha lesión que requiriría vixilancia endoscópica e 1.970 un cancro invasivo—. O 66 % destes diagnosticábanse en estadios precoces, algo que é moi importante. Como todos sabemos o diagnóstico temperá do cancro é clave para que poida tratarse e curarse canto antes.

No que respecta ao cribado de cancro de mama, este ano celébrase o 30º aniversario da súa posta en marcha en Galicia e alcanza uns niveis envexables de participación, que roldan o 80 % cada ano. Superáronse os tres millóns de exploracións e detectáronse de forma precoz máis de dez mil cancros. Este mesmo ano o Goberno galego investiu 800.000 euros en re-



novar catro dos mamógrafos deste programa, e incorporou novos equipos dotados de tecnoloxía 3D utilizando para iso fondos europeos do React-EU. Tamén no investimento de 300.000 euros para os autotest de cribado de cérvix se utilizaron fondos Next Generation.

Un dos cancros nos que o Servizo Galego de Saúde fai maior fincapé é o cancro de pulmón. Deste tipo de cancro, o terceiro en frecuencia, tanto en homes —con 21.847 casos— como en mulleres —un pouco menos, 7.791—, son detectados cada ano 9.638 novos casos en toda España. Estes datos son de 2020. En canto á súa posición —está en terceiro posto como a patoloxía canceríxena máis común—, o cancro de pulmón é a primeira causa de morte por cancro. Ten unha mortalidade moi elevada e estímase que está detrás de máis de 22.000 falecementos por esta causa ao ano. Aínda que as series publicadas polas distintas comunidades autónomas pois son bastante heteroxéneas, tanto en resultados como en metodoloxía, todas elas describen un incremento progresivo da incidencia de cancro de pulmón nas últimas décadas.

Por isto, o Sergas leva realizado ao longo destes anos numerosas campañas de prevención fronte ao tabaquismo como causa principal deste tipo de cancro. Polo tanto, nós pensamos que a Consellería de Sanidade debe continuar avanzando neste senso e mellorar na prevención dos distintos cancros, pero en especial no cancro de pulmón, para, desta forma, continuar avanzando na prevención activa na comunidade galega.

Por todo isto, presentamos a seguinte iniciativa: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan galego de prevención do cancro de pulmón no que se empreguen métodos innovadores de detección para facer deste programa unha iniciativa pioneira a nivel estatal».

Máis nada nesta primeira intervención. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, emendante desta proposición non de lei, ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Boa tarde de novo.

Como vostedes teñen escoitado seguramente —polo menos no seguimento dos debates sobre sanidade—, cada vez que tratamos cuestións acerca dos servizos oncolóxicos, dende o noso grupo sempre tratamos de explicitar que cremos, que consideramos —seguro que cos axustes necesarios ou coas melloras posibles—, que o Sistema galego de saúde —e en termos xerais o Sistema de saúde estatal—, ten uns servizos de oncoloxía que funcionan non só de maneira razoablemente satisfactoria senón especialmente ben. O nivel de profesionais é realmente envexable e a verdade que os servizos teñen —como todos os profesionais veñen de demostrar e como os congresos internacionais e as sociedades científicas evidencian— un funcionamento equiparable a practicamente calquera servizo oncolóxico doutro lugar de



España e incluso equiparable a servizos europeos ou de países do noso estándar. E, polo tanto, nós cremos que é importante referendar esta idea e ser capaces de trasladar que o noso funcionamento neste servizo está na fronteira tecnolóxica e científica que temos, que hai que insistir en tombala e seguir avanzando, pero é importante mantela.

Polo tanto, nós, como sempre que tratamos destas cuestións, avanzamos de antemán a nosa vontade de chegar a un acordo. Presentamos unha emenda que agora explicarei pero que ten que ver con reforzar a iniciativa, que, en todo caso, nos parece que é un bo intento e que, dende logo, plantexa con convicción unha boa idea. Ademais, foi exposta de maneira amable, desde o noso punto de vista, pola señora Vispo, como adoita facer, e ademais con toda vontade de chegar a un acordo sobre ela, que seguro que non haberá problema.

En todo caso, permitirá a señora Vispo que nos paremos momentaneamente nalgúns cuestións.

En primeiro lugar, e para intentar terminar unha iniciativa, digamos, de menos a máis —se me permite a expresión—, hai algunhas cuestións que si que cremos necesario matizar. Hai algo de autobombo na iniciativa. (*Murmurios.*) A señora Amigo xa está molesta por que o diga. É razoable que exista, pero eu vou facer algo sorprendente, e é que, cada vez que dea un argumento, vou intentar dar o dato que o acompaña. É algo sorprendente, pero vouno intentar.

Cita que a intención é que esta sexa unha iniciativa pioneira en España. E estaría ben, estaría ben que fose unha iniciativa pioneira se fose hai tempo, porque, se fose hoxe unha iniciativa pioneira, falaría mal do noso sistema sanitario. En todo caso, o que entendemos é que non quería dicir «pioneira» —aínda que se lles escapa habitualmente— senón a máis actualizada, a máis moderna, que está ben, xa que vai ser a máis nova; porque cando se aproba, a de 2022, e abro paréntese —que xa está aprobada, que xa está en marcha—, estamos votando algo que xa está funcionando. Pero, en todo caso, está ben. E, xa que vai ser a máis nova, nós o que defendemos é que sexa a máis actualizada, a máis moderna. E niso si que imos estar e, dende logo, celebraremos que sexa así. Non podemos validar que sexa pioneira, porque xa non é pioneira con respecto a Galicia, porque xa nin sequera é a primeira. Porque, para ser pioneiro, unha característica de pioneiro é ser o primeiro, e, en todo caso, nin sequera é a primeira con respecto a Galicia, non é a primeira iniciativa, xa non é o primeiro plan nese sentido. Pero nin sequera é a primeira con respecto a outras comunidades autónomas. É máis, é que estas iniciativas responden —o que vostedes plantexan hoxe aquí, o que a Consellería vai iniciar e vai levar adiante— á estratexia do cancro do Sistema nacional de saúde aprobada polo Consello Interterritorial, por todas as comunidades autónomas, xa en xaneiro de 2021. Polo tanto, é pioneira case dous anos despois, unha maneira sui géneris de ser pioneira. Pero é que, ademais, antes deste acordo houbo outras comunidades autónomas que xa desenvolveran plantexamentos semellantes en áreas estratéxicas: a Guía de actuación en cancro de pulmón —Asturias 2017—; a Estratexia contra o cancro da Comunidade Valenciana —no ano 2018—; ou podería ensinar a estratexia de Euskadi do ano 2018 tamén.

En definitiva, pioneira non é. En todo caso, nós o que si defendemos é que, xa que é nova, que sexa a mellor. E non dubidamos de que é posible que sexa a mellor. Vostedes defenden a in-



corporación de novas tecnoloxías, imprescindibles hoxe na loita contra o cancro, e na capacidade de detección, de detección precoz, que é a mellor ferramenta. Estaría ben, ademais, que puidésemos ser capaces entre todos de referendar que o noso bo sistema sanitario se fundamenta —sobre todo, máis alá dos debates que temos aquí nalgúns cuestións— na colaboración entre administracións, e que parte do financiamento desta nova estratexia contra o cancro —que, nomeadamente, sobre o cancro de pulmón vai ter un impacto potente— ten que ver co financiamento do Plan Inveat, un plan que deixa en Galicia uns nada desdeñables —se non me falla a memoria— 47 millóns de euros para este plan. Pódeme fallar a memoria, pero son, en todo caso, decenas de millóns de euros para investir en tecnoloxía que pode axudar, pode contribuír e, dende logo, vai contribuír a esta idea. Así, permitiríanos incluírnos noutros proxectos estatais que outras comunidades si desfrutan, como na tomografía ou nalgúns estratexias novas a partir da tecnoloxía para a detección precoz do cancro e para o tratamento do cancro —como o Proxecto Cassandra ou algunhas outras ideas nas que Galicia aínda non está e nos que nós defendemos que debe estar—. Polo tanto, defendemos que a iniciativa debe reducir un pouco o autobombo, esa é unha cousa que, polo menos, nós defendemos e cremos importante. Entendemos tamén que o Partido Popular queira facelo, pero, en todo caso, queríámolo sinalar.

E presentamos unha emenda que cremos que contribúe non para nada de substitución da iniciativa —respectamos a iniciativa dos outros grupos, pretendemos non substituír os textos que se presentan— pero si para intentar sumar. E queriamos reflexionar sobre o estudo que recentemente presentou o Ministerio de Sanidade sobre a comparativa con respecto ao ano 2019 polo efecto que tivo a covid, a pandemia, sobre diagnósticos e probas realizadas sobre o cancro.

Tomando como referencia ese ano 2019, antes da pandemia —o verán de 2019 foi precioso, despois chegou 2020 e a cousa xa se complicou—, tomando como referencia aquel 2019, é importante que sexamos conscientes de que durante a pandemia existiu unha obvia dificultade para tratar algúns tipo de patoloxías —a focalización sobre a covid era obvia e necesaria— pero que, conforme fomos saíndo da pandemia, necesitabamos entender que pasara neste sistema.

O recente estudo sobre a afección que tivo a pandemia sobre os servizos de oncoloxía ofrece algúns datos que son, en realidade, problemáticos, ou que debemos interpretar como problemáticos ou, polo menos, que necesitamos, desde o noso punto de vista, mellorar ou darlles un pulo para poder recuperalos. Vou citar algúns que teñen que ver basicamente co déficit de probas e de diagnósticos.

O máis afectado é o cancro de pulmón. En cancro de pulmón realizáronse practicamente o 24 % menos de probas. Isto derivou, segundo os estudos científicos que avalan este estudo, en algo máis do 15 % menos de diagnósticos. Quere dicir que hoxe, ou o ano pasado, se diagnosticaron un 15 % menos de cancros de pulmón que en 2019. Non existen, ou non aparecen dunha maneira consistente, factores que expliquen unha baixada se non é, sinxelamente, porque puidemos acudir menos, porque as persoas acudiron menos, e porque a realidade do sistema impedía realizar probas e diagnósticos temperás da maneira máis eficiente posible.



Polo tanto, isto, que se repite noutros cancros —como o de colon ou o de mama en menor medida, pero aínda así en datos moi preocupantes—, amosa que os diagnósticos en cancro están sendo ou foron menores porque en realidade estamos perdendo de diagnosticar. E foi porque non puidemos, non é que os servizos non funcionasen ben, senón que a realidade o impedía.

¿Que plantexamos? Plantexamos realizar un traballo de informe e de toma de decisións en consecuencia para recuperar ese certo tempo perdido, para que os servizos teñan a capacidade de funcionar a pleno rendemento —como están funcionando agora— pero que teñan unha dotación extraordinaria, puntual, para poder recuperar todo aquilo que deixamos atrás. Porque, se non, vainos ocorrer, como apuntan todos os especialistas, que nos vindeiros anos imos recibir nos nosos hospitais, despois das probas necesarias, non só máis diagnósticos senón, o que é peor —e nestes casos, moito peor—, diagnósticos máis tardíos. E, polo tanto, nós sabemos que hai un volume de xente que puido ser detectada con anterioridade, que non o foi por mor da pandemia, e que agora necesitamos recuperar en termos numéricos e en termos estatísticos —porque detrás disto hai persoas—. Estamos falando, repito, no caso do cancro de pulmón —que hoxe é o que nos trae de maneira máis especial—, en torno a un 15 %, un 15 % de persoas que puideron ser diagnosticadas e non o foron.

Non podó marchar de aquí sen recordar que nós, dende o noso grupo, trouxemos a finais de 2020 unha iniciativa exactamente neste sentido, na que se solicitaba a realización dun estudo para comprobar e contrastar estes datos, e foi votada en contra polo Partido Popular. É certo que nós defendemos que esa realidade estaba existindo e que o Partido Popular a negaba. Foi en 2020. Pasou. Xa non imos poder volver atrás para volver a esa iniciativa —que nós cremos que hoxe queda en franca evidencia que era necesaria—. Pero, en todo caso, non perdamos máis tempo. Eu pídolles que recollan esta emenda, que a sumen á iniciativa, que a incorporen para que poidamos votala e, sobre todo, para que a Consellería poida levar a cabo un plan extraordinario para isto. Porque estamos falando dun 15 % nunha patoloxía que é evidentemente tempodependente. E na que, se non, nos próximos anos non lle imos poñer cara —porque os números son así de fríos e de tristes— pero pode ser que coñezamos casos aos que lles poñamos cara de persoas que son diagnosticadas tarde. E necesitamos —temos a capacidade— resolver ese problema agora.

Polo tanto, nós, ademais de que poderíamos debater horas e horas sobre as cuestións do cancro de pulmón, do radon e das necesarias mobilizacións de recursos para outras cuestións, cremos que é unha boa oportunidade para votar en consecuencia todos en conxunto. E nós cremos que esta emenda suma, vai a unha cuestión que é un problema, como é evidente —os datos dino—, e plantexa unha posible solución sobre a que nós cremos que a Consellería está a tempo de tomar algunha decisión. O que pasou, pasou, xa non se tomou no seu momento; pero agora estamos a tempo de volver facelo e, polo tanto, presentamos esta emenda para poder contribuír a que a iniciativa sexa máis completa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Torrado.

É a quenda, agora, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego para posicionarse respecto desta proposición non de lei.



Ten a palabra a señora Carreira Pazos.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, presidenta.

Moi boa tarde, de novo.

Antes de nada, quero aclarar que concordamos a priori co que é o sentir desta proposición non de lei presentada polo Grupo Popular. O cancro é a principal causa de morte entre os 30 e os 80 anos. Na década dos 40 anos as neoplasias supoñen o 35 % das mortes; na década dos 50 ascenden ata o 45 % dos falecementos; e na década dos 60 a metade dos falecementos débese ao cancro, un 51 %. Destacan os tumores de pulmón e de bronquios, con 1.589 mortes en 2021; o de colon, 822; o de páncreas, 521; o de próstata, con case 500; e o de mama, con pouco máis de 400. O cancro é a principal causa de morte antes dos 80 anos, excepto na mocidade —de 15 a 29 anos—. Na mocidade mórrese, sobre todo, por suicidios. Urxe atender a saúde mental na mocidade.

E tanto se falamos de cancro como se falamos dos suicidios, temos que ter en conta que a prevención é chave para poder reducir as cifras, para de verdade poder actuar a tempo. Falaba agora o señor Torrado sobre que a baixada nos diagnósticos viñera provocada pola pandemia da covid, pero creo que é importante entender que ao mellor hai outras cuestións enriba da mesa que é preciso salientar e que poden supor unha baixada tamén nos diagnósticos.

Falaba da prevención, e sorpréndenos desde o BNG que de xeito reiterado o Partido Popular vete iniciativas propostas polo noso grupo que poden actuar nesta prevención da patoloxía. Sabemos ben que da atención primaria depende que a poboación teña a mellor saúde posible. Cunha atención primaria funcionante, con capacidade de actuación e de intervención, redúcese a morbilidade; é dicir, redúcese a patoloxía e redúcese tamén a mortalidade da poboación. É a mellor medida sanitaria e, ademais, a máis eficiente economicamente para mellorar a esperanza de vida poboacional. Mais o certo é que temos unha atención primaria posta contra as cordas, desbordada pola gran carga laboral, con profesionais atendendo varios cupos nun gran número de casos, cunha gran burocratización das consultas, cunhas listas de espera que existen en moitos centros de saúde con pacientes que teñen que agardar unha semana, dúas ou incluso máis para poderen ter unha cita coa súa médica de cabeceira. Temos unha atención primaria que non pode garantir ningún tipo de continuidade asistencial ás pacientes a estas alturas, sobre todo a aquelas pacientes ás que se lles xubilou a súa médica de cabeceira e que agora van rotando dunha consulta a outra porque non hai novo persoal.

O método máis efectivo para actuar na prevención do cancro de pulmón, tendo en conta que é deste factor do que dependen a maior parte dos tumores, é o abandono do tabaco, deixar de fumar, algo tan simple e tan sinxelo pero ao mesmo tempo tan complicado de lograr. Sei que agora mesmo, neste hemiciclo, hai varias persoas que foron quen de deixar o tabaco atrás, con menor ou maior axuda, con máis ou con menos consultas, pero o certo é que hai moitas pacientes que requiren dalgún tipo de acompañamento especializado, de consultas en centros de saúde noutros ámbitos, con apoio de fármacos ou con psicoterapia.



Pero ¿que tipo de acompañamento lle pode brindar a unha persoa que está deixando de fumar unha médica de familia no medio dunha xornada laboral na que as pacientes se contan por varias ducias? Porque é posible facer ese consello antitabáquico na atención primaria, pero é preciso tempo. É factible facer ese acompañamento desde as consultas de medicina de familia e de enfermería de atención primaria, pero requírese tempo, requírense medios e requírese persoal. Sería posible dar apoio de psicoterapia, se fose preciso, desde a atención primaria; por exemplo, se contásemos con psicólogas clínicas nos centros de saúde.

Na iniciativa recóllese a mención ás campañas realizadas polo Sergas de prevención fronte ao tabaquismo. Pero tamén ¿cal é o tratamento que lles damos ás adiccións no Sistema público de saúde? Porque xa temos falado deste tema en máis ocasións, xa temos falado en máis ocasións das unidades de asistencia ás drogodependencias, da implicación que ten a Xunta de Galicia para o seu funcionamento, da falta de asunción de competencias por parte do Sergas e das propias limitacións que teñen estas unidades, unha vez máis, por falta de medios e por falta de persoal.

¿Onde se atenden no Sergas as persoas que precisan, para deixar de fumar, asistencia especializada máis alá da atención primaria? Pois depende, nalgún hospital hai algunha unidade de trastornos adictivos que pode seguilas; noutras áreas sanitarias poden seguilas as unidades de saúde mental, incluso os servizos de preventiva; algunhas pacientes poden beneficiarse, por exemplo, do tratamento que se lles dispensa na Facultade de Psicoloxía da USC. É dicir, non existe ningún tipo de uniformidade nin, polo tanto, ningún tipo de equidade para as pacientes que precisan e que están dispostas a deixar o hábito tabáquico. Por iso lle dicía que nos sorprende que, aínda que partillamos unha preocupación común pola prevención da patoloxía das neoplasias, despois o que vemos é que desde o Partido Popular non se implantan medidas concretas para que exista tal prevención. Votan en contra de calquera medida que supoña un sopro de aire fresco para a atención primaria. Votan en contra de todo o que non sae dos despachos de San Lázaro — neste caso —, deses mesmos despachos de onde saen uns orzamentos que agora si están aprobados pola vontade do Grupo Popular.

Son uns orzamentos que son claramente insuficientes para dar resposta ás necesidades que ten hoxe a atención primaria galega, que tampouco son suficientes se nos comparamos con outros. Continuamos nuns postos baixos na comparativa a nivel estatal, e moi lonxe da recomendación realizada pola OMS de que o orzamento de primaria supoña un 25 % do consignado para o total da sanidade. Pero é que tamén son insuficientes para atender as necesidades da atención hospitalaria, esa mesma que temos cunhas listas de espera elevadísimas e das cales nin sequera coñecemos a súa total magnitude.

E agora que os orzamentos están aprobados, ¿canto persoal se vai contratar con estes orzamentos que se aprobaron hoxe nesta Cámara? Porque está moi ben encher o peito coa subida que hai nos orzamentos nos capítulos de persoal, pero é importante saber canto desta subida vai realmente supor poder contratar máis persoal, tanto nos centros de saúde como nos hospitais.

Temos que apostar pola prevención — tamén no caso do cancro de pulmón —, e apostar pola prevención implica máis medios, implica máis persoal, implica máis atención primaria e implica reducir as listas de espera. As vías rápidas de cancro son unha ferramenta que fun-



ciona, pero para o seu funcionamento as pacientes teñen que poder chegar a esas vías rápidas, teñen que poder acceder a unha consulta de atención primaria en tempo e forma. Os cribados son importantísimos para detectar patoloxía neoplásica, pero temos que ser quen de atender tamén todo o que queda fóra deses cribados; se non, o que temos son fogos de artifício e distraccións. Sen persoal, sen atención primaria, non hai prevención nin hai unha aposta de verdade pola saúde.

E remato xa cunha cuestión máis formal —se se quere denominar así—, con case unha petición á voceira do Partido Popular, porque a verdade é que a iniciativa é de mínimos. Estamos de acordo a priori con eses mínimos, pero é tan de mínimos que lle falta concreción. A elaboración deste plan xa está recollida na Estratexia de xestión do cancro 2022-2028, o que nos falta agora é falar das medidas concretas. Botamos de menos que non se debullen medidas concretas neste debate.

E remato xa, señora presidenta. É importante actuar no diagnóstico precoz; sobre todo, actuar na prevención, evitar a aparición da enfermidade e fomentar a saúde. E esta vai ser a medida máis eficiente e máis positiva para toda a poboación. Pero temos claro desde o BNG que a prevención pasa —e reitéroo unha vez máis— por medios, por máis persoal e por un mellor funcionamento do Sistema público de saúde. Porque, se non, o que imos ter —reitero— son fogos de artifício, imos ter anuncios que queden ben, pero non necesariamente máis saúde.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas, señora Carreira.

Para pechar esta proposición non de lei ten a palabra a súa autora, a señora Rodríguez-Vispo Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Pois, en primeiro lugar, agradezo o seu apoio a esta iniciativa, que ao final redunda nun beneficio para a saúde da poboación galega.

Señor Torrado, eu busquei agora o significado de «pioneiro», que, segundo a RAE, é: «*Persona que da los primeros pasos en alguna actividad humana*». A iniciativa que nós presentamos di: «Plan galego de prevención do cancro de pulmón no que se empreguen métodos innovadores de detección para facer deste programa unha iniciativa pioneira». Non estamos dicindo que a iniciativa pioneira sexa a do plan de prevención, senón en utilizar métodos innovadores de detección do cancro. Aí é onde queremos ser pioneiros.

En todo caso, o importante é sacar esta iniciativa adiante, que vai avanzar en materia de prevención e detección do cancro na comunidade galega. Un obxectivo fundamental deste avance son os cribados, que son intervencións fundamentais. Pero non o dicimos nós. A presidenta da Sociedade Española de Oncoloxía Médica, Enriqueta Felip, considera acertadamente que hai que estar preparados, porque «*el cáncer va a seguir aumentando en los próximos años, de ahí que se haya enfatizado la importancia de la prevención, el diagnóstico precoz y el abor-*



daje multidisciplinar de esta enfermidade». Hai unha realidade innegable, expliquéillelo na primeira intervención. Este Goberno galego que, segundo vostedes —non o dixeron nesta iniciativa pero téñeno dito con frecuencia—, xestiona tan mal a sanidade en Galicia pois vai por diante nas metas que marca o Ministerio de Sanidade nos respectivos cribados de cancro de mama, colon e cérvix. E non é autobombo, é describir perfectamente unha realidade. E, de feito, estes días podíamos ler nos xornais que Galicia é a única comunidade —insisto, a única— onde non diminuíron os cribados de cancro de mama por causa da pandemia. E este é un dato para poñer en valor, para poñelo en valor todos nós. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿De pulmón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Galicia é a única comunidade onde non diminuíron os cribados de mama, de mama. O cribado de pulmón aínda non o había, señor Torrado. E, de feito, esta afirmación pois deixa un pouco sen sentido a súa emenda. Son datos que non inventa o Partido Popular senón que aparecen recollidos no *Estudio de impacto de la pandemia por covid-19 sobre la prevención y el control del cáncer en el Sistema nacional de salud* —datos do Ministerio de Sanidade—.

En Galicia, ademais, estamos na liña que marcan as institucións europeas. De feito, o *Plan europeo de lucha contra el cáncer*, que se aprobou o ano pasado, marca como obxectivo que estes tres grandes cribados —mama, colon e cérvix— cheguen ao 90 % da poboación obxectivo en 2025. E isto xa ocorre en Galicia co de mama e colon, e sucederá co de cérvix en 2023. Ademais, Europa fai unha nova recomendación porque abre a porta tamén a desenvolver con aval europeo programas de detección precoz en cancros como os de pulmón ou próstata.

O Goberno galego, que está tamén —como non podía ser doutra maneira— preocupado polo aumento de cancro, presentou a Estratexia de xestión do cancro en Galicia 2022-2028, que está totalmente en liña con estes plantexamentos e que recolle explicitamente a posibilidade de desenvolver programas de detección precoz destes cancros en grupos de risco. Ademais, a Dirección Xeral de Saúde Pública, coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria e coas áreas sanitarias do Sergas, vén de elaborar o Plan galego de actuación multidisciplinar en tabaco 2023-2027, señora Carreira. Neste plan contéplase unha liña de actuación para reducir a morbimortalidade asociada ao consumo de tabaco e produtos relacionados, co obxectivo, entre outros, de avanzar no desenvolvemento das novas estratexias de detección precoz nos procesos oncolóxicos asociados ao consumo de tabaco, con especial atención ao cancro de pulmón. Sabemos que o 90 % dos cancros de pulmón están relacionados coa exposición ao tabaco e ao seu risco, e que se incrementa tamén coa idade. No momento do diagnóstico menos do 20 % dos pacientes teñen a enfermidade localizada, cunha supervivencia global a cinco anos nun 10 % dos casos. O cancro de pulmón xera unha importante mortalidade e morbilidade —en gran parte evitable mediante estratexias de prevención primaria—. E, ademais, dende hai uns anos diversas sociedades científicas e asociacións internacionais recomendan o cribado do cancro de pulmón.

Todo isto xustifica que dende o Grupo Popular pensemos que o Plan galego de prevención do cancro de pulmón é outro paso a adiante que debe dar o Goberno galego na procura de garantir os mellores resultados en saúde da poboación galega.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Posiciónese sobre a emenda, por favor.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Sobre a emenda, señora presidenta, xa dixen que non tiña moito sentido cos datos que acabamos de dar sobre as publicacións do Ministerio de Sanidad respecto dos cribados dos cancros de pulmón, como dos de mama e de cervix, que se están a realizar na comunidade galega.

Máis nada.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para garantir a execución do concerto social a través da Consellería de Política Social

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Non se lle presentaron emendas.

Para a defensa da iniciativa ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidenta.

O 28 de xuño deste ano 2022, a uns días concretamente de terminar o prazo para o cumprimento do concerto social, a conselleira comparece nesta cámara parlamentaria e textualmente anuncia —con estas palabras— o seguinte: «Para impulsar servizos de atención de xeito inmediato alí onde son necesarios tamén avanzaremos no tan demandado concerto social. Hoxe podemos anunciar que nas vindeiras semanas realizaremos as primeiras convocatorias de servizos sociais en réxime de concerto». E seguidamente toda a bancada do Partido Popular aplaudiu de forma moi entusiasta, coma sempre.

Pois ben, a conselleira mentiu, mentiu non a nós, non a esta Cámara, senón á poboación máis afectada; en concreto, e sobre todo, a esa parte da poboación tan sensible, como son especificamente as persoas con discapacidade. Mentiu porque non cumpriu nin nunhas semanas nin nun mes nin en dous nin en tres, porque xa levamos medio ano dende que expirou o prazo. E as entidades sociais, especialmente as de discapacidade, están agardando a ter unha explicación de por que o Goberno galego non cumpre nin tan sequera coas súas propias normas.

É unha norma rexida, por certo, a través do decreto que desenvolve o concerto social para flexibilizar e axilizar a creación de prazas públicas de atención. O tope do prazo fixouse nun máximo de dezaioito meses tras a entrada en vigor deste decreto en xaneiro de 2021, polo que en xullo deste ano, como tope, o Goberno galego tiña que ter funcionando as primeiras convocatorias de servizos en réxime de concerto social. Este procedemento normativo naceu, segundo a propia Xunta de Galicia, para aplicarse de xeito prioritario no ámbito da atención á discapacidade, así como tamén nas entidades de iniciativa social de atención a menores ou de inclusión social; como, por exemplo, as asociacións que traballan con persoas con trastorno



do espectro autista ou con persoas con dano cerebral adquirido, entre outras moitas. Como poden imaxinar, estamos a falar dun colectivo moi sensible de persoas que precisan unha atención específica e continuada, competencia directa do Goberno galego pero que delega nestas entidades debido á súa especialización e bo facer —e co cal pois estamos de acordo, por suposto—. Pero, á vez que delega as súas propias competencias, ten que dar ese sustento en recursos para poder aportar as condicións óptimas para que sigan funcionando a pleno rendemento polo ben das persoas con discapacidade ou dependencia —que xa teñen bastante con sufrir unha carencia significativa de prazas públicas especializadas en Galicia—.

E para non meternos moito en cifras ou tecnicismos e que a xente nos entenda, hoxe dende o Grupo Parlamentario Socialista vimos pedirlle ao Goberno galego que cumpra as normas; pero non calquera norma, senón a súa propia norma. É tan sinxelo coma iso, que cumpra a súa propia norma. O grave do asunto é que o feito de non cumprir con este decreto pon en perigo a propia supervivencia das entidades sociais que ofrecen atención ás persoas con discapacidade, e tamén a menores e adultos en risco de exclusión social. É competencia —repito— directa do Goberno galego e que delega nestas entidades, pero hai que delegar non só o traballo senón tamén os recursos para poder dar ese traballo, porque ao final é responsabilidade directa do Goberno galego. Estamos a falar de usuarios con discapacidade, con dano cerebral —repito—, con TEA; estamos a falar de poboación especialmente sensible, a cal temos que blindar.

O feito é que o cambio a un modelo de concertación social está directamente relacionado coa supervivencia económica das entidades que prestan servizos de competencia autonómica en Galicia.

O concerto social é un instrumento polo cal se produce a propia prestación dos servizos sociais de responsabilidade pública a través de entidades, cun só financiamento, acceso e control —repito—, sexan públicos —artigo 33 bis.2 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia—. Isto é un sistema de xestión indirecta de servizos públicos orientados á atención personalizada e integral, dando prioridade por suposto ás preferencias das persoas usuarias na elección do centro prestador do servizo. Isto é moi importante, porque hai unha carencia moi evidente —repito— en Galicia deste tipo de prazas públicas. Continuidade —repito— e regularidade na atención ao longo do ciclo vital e ofrecendo o propio arraigo da persoa á propia contorna de atención social, no cal se debe priorizar sen excepción e blindar as entidades sen ánimo de lucro.

A problemática da situación actual de bloqueo, sen explicación concreta de por que ese incumprimento da normativa nos prazos fixados, fai que as entidades fagan un enorme esforzo para prestar os apoios que precisan as persoas con discapacidade, moitas veces recorrendo a outras fontes de financiamento, cando están exercendo as competencias propias do Goberno galego.

Preocúpanos o atraso que acumula a Consellería de Política Social, incumprindo —repito— a normativa na implantación do concerto social de Galicia no Decreto 229/2020, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, polo cal as entidades loitaron durante anos tanto, para establecer na súa disposición tran-



sitoria primeira que as primeiras convocatorias de concertos sociais de servizos que se estean prestando mediante outras fórmulas de colaboración ou contratación terán lugar en todo caso no prazo máximo de dezaoitto meses dende a entrada en vigor do decreto; este prazo, como saben, venceu o 8 de xullo de 2022 e aínda, rematando o ano 2022, non sabemos nada.

A importancia de contar con maior número de profesionais posibles para maior calidade na prestación dos apoios ás persoas beneficiarias está directamente relacionada co nivel de atención ás persoas con discapacidade. E, evidentemente, isto, señorías, ten un custo. Pero é unha cuestión para o Partido Socialista totalmente irrenunciábel. E quero que nos poñamos na pel dun pai ou unha nai que teña un fillo por exemplo cun trastorno do espectro autista ou cun dano cerebral adquirido, ou cunha discapacidade ou cunha dependencia; ninguén está libre de pasar por iso, só o tempo e o azar deciden. Temos que apoiar sempre este tipo de casuísticas. Por iso é unha cuestión que sempre digo que ten que implicar o conxunto de toda a sociedade, teñan un problema, estean nesta situación ou non. Temos que estar toda a sociedade implicada arroupando as entidades e o colectivo de persoas con discapacidade, sempre.

As entidades, para chegar a acordos co Goberno galego, están renunciando nalgúns casos a ratios superiores de persoal, que mellorarían considerablemente a calidade dos servizos e os apoios que precisan as persoas con discapacidade. Repito, porque paréceme unha cuestión preocupante: están renunciando nalgúns casos a ratios superiores de persoal para poder chegar a un acordo coa Xunta de Galicia. E isto non se pode permitir.

No caso das residencias de gravemente afectados, na actualidade as entidades están prestando un servizo deficitario que precisa de maiores recursos económicos e que elevarían o prezo necesario para unha axeitada prestación do servizo. Repito: son competencias directas da consellería, neste caso do Goberno galego, que está delegando nestas entidades pero que teñen que sufragar todos os gastos e os recursos para que se poidan levar no 100 por cento como é debido, para que poidan repercutir no benestar e nunha atención sobresaínte para estas persoas.

Para poder chegar a implantar o concerto social nos primeiros meses do ano que vai entrar agora, 2023, cos prazos da normativa xa caducados, incumpríndoo, é fundamental que o Goberno galego se volva sentar coas entidades para chegar a acordos que permitan a sustentabilidade económica das organizacións e, posteriormente, participar no deseño dos pregos de condicións para constituír o marco regulatorio do novo modelo de prestacións con discapacidade de Galicia. Trátase, en definitiva, de trasladar a necesidade de axilizar un modelo de estabilidade que dea seguridade á prestación dos servizos ás persoas con discapacidade en Galicia e, polo tanto, na mellora da súa calidade de vida.

E, sobre todo, trátase de que o Goberno galego cumpra os prazos nas súas obrigas normativas —¡que menos!—, porque á cidadanía de a pé non se lle perdoa nin unha, nin unha, nin tan sequera ás familias sen recursos, ás cales —rápido— o Goberno galego lles reclamou os custos do ingreso mínimo vital polo capricho do Goberno galego de manter o veto á Risga.

O pasado pleno tamén falamos dun tema que afecta directamente as persoas con discapacidade e, neste caso, sobre o centro para persoas con discapacidade, que a día de hoxe segue



coas obras paradas. E levan máis de seis anos esperando e aínda temos en Ourense, a única provincia de Galicia que non ten un centro público para persoas con discapacidade, as obras como están. E tivemos que vivir no pleno pasado o desprezo e a frialdade da representante máxima das políticas sociais do Goberno galego, como non só non respondía, senón que nos atacaba por traer a demanda das familias, neste caso das persoas con discapacidade, que están reclamando hai máis de seis anos este centro.

Cando un grupo trae un tema tan sensible e máis que xusto á cámara representativa da cidadanía, á cal se debe o Goberno neste caso da Xunta, o mínimo e primeiro é ter un respecto polas familias das persoas con discapacidade, e o segundo é responder con transparencia as ditas demandas.

E xa dixen no pasado pleno que, aínda que esteamos no pleno de debate dos orzamentos, hai cuestións que son fundamentais e non custan cartos, son gratis, son de balde, señorías: o tipo de actitude, con «c», e de aptitude, con «p». O pasado pleno a conselleira demostrou, atacando e sen responder ás demandas das familias con discapacidade, que falla a actitude e non amosa tampouco aptitude, ao carecer de argumentos e ter que recorrer á desesperación e ao ataque para poder defenderse dunha pésima xestión que fai este goberno nesta materia, así como noutras.

Agardamos que hoxe cambien de actitude e amosen empatía polo colectivo de persoas con discapacidade, ao cal temos que arroupar o conxunto da sociedade, sempre hoxe por ti e mañá por min. E, sobre todo, ben, que dean explicacións de por que esta tardanza, porque entendo que, xa que é unha norma propia do Goberno galego, seguro que o acabarán facendo, porque non lle queda outro remedio, pero que poidan saber as persoas afectadas, sobre todo as entidades, por que este atraso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Ortega.

É agora quenda dos restantes grupos para posicionarse respecto desta proposición non de lei.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta, e boa tarde.

Efectivamente, no mes de outubro Fademga-Plena inclusión remitiu aos grupos parlamentarios un comunicado denunciando a situación na que se atopaban ao non cumprir a Xunta de Galiza co que determina o decreto ao que facía mención a señora Ortega agora na súa intervención e que regula o concerto social en materia de financiamento das entidades sociais que prestan servizos, neste caso, a persoas con discapacidade; unha situación que —advertían— viña agravada ademais pola pandemia e o sobrecusto que ocasionou a covid-19 e, sobre todo, a adaptación aos protocolos sanitarios para facer fronte ao virus, por exemplo pois incrementando o custo na desinfección de espazos cada vez que eran usados —aquí mesmo no Parlamento tamén tivemos esa situación—, o aumento do número de grupos pola necesidade de



reducir o número de persoas en cada unha delas, especialmente naqueles servizos relacionados coa atención terapéutica, ou, entre outras, pola adquisición de material sanitario e de protección. Pero tamén viñan advertindo e alertando da necesidade de actualizar ese concerto, ese sistema de financiamento —digamos— da prestación de servizos que fan as entidades sociais, polo incremento dos prezos que padecemos todas e todos tamén co incremento do IPC.

Desde o BNG puxémonos á disposición das entidades sociais para impulsar as iniciativas que fosen necesarias ao respecto e pouco despois recibimos un segundo comunicado informando do inicio dos contactos entre a Xunta de Galiza e as entidades sociais para proceder a negociar o novo concerto, aínda que tarde e fóra de prazo. E até aí a información da que dispoñemos até o momento.

Somos plenamente conscientes das necesidades económicas das entidades que están asumindo un labor e un traballo maior do que lles correspondería se a Administración pública, se a Xunta de Galiza asumise a súa responsabilidade na garantía da atención integral da discapacidade a través dos servizos públicos, por exemplo en atención temperá ou en dano cerebral adquirido, persoas por exemplo que padeceron ou sufriron un ictus.

Apoiamos as emendas diante desas necesidades económicas sobrevidas polo incremento do custo de prezos e pola conxuntura económica e social, e, por exemplo, no proceso de tramitación dos orzamentos para 2023, que acabamos de votar neste mesmo día, apoiamos as emendas que presentou o Grupo Parlamentario Popular en materia de política social. Porque, a diferenza de vostedes, señorías do Partido Popular, desde o BNG escoitamos e sabemos apoiar as propostas que sexan positivas.

Creemos, polo tanto, desde o BNG que hai que determinar —que eu creo que é un dos elementos centrais neste debate tamén, máis alá de que —vaia por diante— nós imos apoiar a iniciativa que trae hoxe o Partido Socialista— cal é o papel das entidades do terceiro sector de acción social, como veñen reclamando tamén as propias asociacións e colectivos e organizacións que traballan en materia de discapacidade ou doutra desde hai moitos anos a través do impulso e da aprobación dunha lei do terceiro sector de acción social, como xa existe noutros lugares do Estado; unha lei que clarifique e regule o traballo que desenvolven as entidades, que —insisto— están asumindo un traballo que non lles corresponde e que é substitutorio do labor que debía prestar a propia Administración pública.

Polo tanto, é necesario impulsar esa lei do terceiro sector que clarifique e regule o traballo que desenvolven as entidades, dotando tamén de estabilidade e seguridade tanto o labor que desenvolven, que é inmenso mais que en ningún caso debe substituír a responsabilidade da Administración pública, como o sistema de financiamento que a sostén.

As entidades ocupan unha posición na xestión de servizos e recursos públicos por ausencia absoluta da propia Administración nalgúns casos ou porque a presenza desta a través —insisto— dos servizos da rede pública é mínima.

E poño algúns exemplos. A Rede de atención temperá, que atende, como saben, a crianzas con menos de 6 anos que teñen algún trastorno no seu desenvolvemento, ten grandes ca-



rencias. A rede que existe actualmente ten grandes carencias, que temos debatido en non poucas ocasións na Comisión 5ª e neste pleno, que deben ser resoltas. Debe ser ampliada esa rede, os servizos que integra; debe ampliarse a cobertura territorial e, polo tanto, tamén o número de persoas que atende, e intensificar tamén os recursos que ofrece. Porque hoxe hai entidades que prestan un servizo esencial para garantir o dereito das nenas e nenos con trastornos do desenvolvemento a recibir terapias que garantan o seu benestar, a súa calidade de vida e, sobre todo, o dereito a dispoñer dos apoios que lles permitan gozar do maior benestar ao longo dos anos de vida que teñan.

Necesitan, polo tanto, moita atención que hoxe non están recibindo como servizo público a través da súa Administración, senón que en moitos casos están asumindo entidades ou asociacións, cando non directamente acudindo á empresa privada.

O mesmo acontece, por exemplo, con persoas maiores que sofren un ictus, que teñen que recibir unha parte das terapias a través de asociacións ou de empresas privadas, ben pola listaxe de agarda que existe ou pola insuficiencia do servizo na pública.

Ou as persoas xordas, que dependen do servizo da federación cando queren ou teñen que ir ao médico por exemplo, porque o Sergas continúa sen garantir o servizo de intérprete que garante a accesibilidade de todas e todos ao sistema sanitario público deste país. Por certo, o Sergas, a Consellería de Sanidade e a Xunta de Galiza incumprindo acordos unánimes impulsados non poucas veces polo BNG nesta cámara. E iso é o que non pode ser desde o noso punto de vista.

Hai que avanzar na construción dun sistema público de coidados, e iso inclúe tamén as persoas con discapacidade e os apoios e tratamentos que estas persoas precisen. Hai que construír e avanzar na construción dun sistema público de coidados á altura das necesidades da Galiza do século XXI, no que, por suposto, as entidades sociais do terceiro sector teñen un papel fundamental; fundamental, esencial, pero non substitutorio do que é un servizo público para garantir o dereito de todas as persoas deste país, independentemente das capacidades de cadaquén, para vivirmos vidas dignas.

Nós —insisto, e con isto remato— imos apoiar a proposta que hoxe trae o Partido Socialista a debate; imos votar, polo tanto, a favor de que se axilice o proceso de elaboración e aprobación dese concerto social, para que se aprobe —insisto— coa maior das celeridades posibles dadas as circunstancias económicas que sofren e das que é coñecedora plenamente a Xunta de Galiza —desas dificultades económicas que atravesan moitas entidades—, pero insistindo na necesidade de que hai que avanzar para clarificar tamén o papel que xoga cadaquén na prestación de servizos públicos e que en ningún caso as entidades sociais substitúan o que é unha tarefa, unha competencia e unha responsabilidade do conxunto da sociedade galega, á fin e ao cabo a través dos servizos públicos, en materia de discapacidade ou doutros ámbitos.

Porque eu quero lembrar, por exemplo, que o apoio, a atención e o asesoramento ás mulleres en situación de prostitución en Galiza tamén se ofrece por parte de entidades do terceiro sector, algunhas delas, Cáritas, por exemplo, cun proxecto ben interesante aquí en Santiago



de Compostela como é o Vagalume, pero non pode ser que dependa a atención e a garantía de dereitos fundamentais de mulleres prostituídas en Galiza dunha entidade de carácter relixioso que teña máis ou menos experiencia.

É unha responsabilidade colectiva da sociedade deste país, e hoxe a Galiza de 2022, do século XXI, ten que avanzar nese sentido.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Rodil.

É agora a quenda do Grupo Parlamentario Popular e ten a palabra a señora López Sánchez.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Grazas, presidenta.

Boas noites a todos e a todas, señorías.

Señora Ortega, a pesar do aprecio persoal que nos temos e que me consta, teño que dicirlle que a súa exposición de motivos non di a verdade, é dicir, terxiversa a realidade completamente, de cabo a rabo. E voulle amosar algúns exemplos que falan do que estou a dicir.

Mire, di a súa exposición de motivos: «O elevado sobre esforzo económico por motivo dos custos derivados da crise sanitaria e agora da crise enerxética está a xerar un clima tenso no sector social, sobrecostos que dende o Grupo Parlamentario Socialista reivindicamos en apoio ás entidades que traballan coas persoas con discapacidade». Pois ben, señoría, para que quede clara cal é a verdadeira implicación da Xunta coas entidades sociais, vou expoñer, por orde cronolóxica, cales son as súas actuacións ao longo do tempo e ata o día de hoxe.

Ano 2019, entra en vigor o XV Convenio, o que supuxo, como vostedes saberán, un incremento salarial importantísimo para os traballadores e as traballadoras das entidades sociais. Iso estivo ben, pero as entidades sociais non eramos capaces de afrontar esa suba salarial. Estabamos afogadas, porque era unha suba salarial que non se contemplaba nin nos convenios asinados ese ano nin nas subvencións de concorrencia competitiva e tampouco nos orzamentos para os proxectos dese ano. ¿Que facemos? Acudimos á Xunta. ¿Cal cren vostedes que foron os resultados das nosas conversas coa Xunta? Nin máis nin menos que a Xunta de inmediato puxera sobre a mesa achegas suplementarias e se fixese cargo dos custos desta suba salarial, sendo a única administración en toda España en facelo, en apoiar as entidades sociais (*Aplausos.*), que tanto o precisabamos, e en valorar o noso traballo.

Esa axudas suplementarias foron despois prorrogadas no ano 2020 e no ano 2021. ¿Que pasou no ano 2022? Pois no ano 2022 volveu ter lugar unha subida da base salarial e de dous dos complementos que se reflicten no XV Convenio, ademais dos sobrecostos da vida, dos que todos somos conscientes. Unha vez máis, as entidades vense afogadas, non saben que facer, porque non poden facer fronte aos custos desta suba salarial. ¿Que fan? Acudir á Xunta. ¿Cal foi a resposta da Xunta? Unha vez máis, poñer sobre a mesa máis achegas suplemen-



tarias por riba das que xa puxera con anterioridade, sendo unha vez máis a única en toda España en facelo. *(Aplausos.)* Para que despois diga.

¿Que pasa no ano 2023? Pois no ano 2023 o que vai pasar é que a Xunta de Galicia vai prestar o seu maior apoio económico ás entidades sociais, cun orzamento que vai subir ata os 14,8 millóns de euros, incrementándose o 55 por cento con respecto ao exercicio deste ano. Por certo, señoras e señores do Partido Socialista, unha suba á que vostedes non votaron a favor. Non votaron a favor da suba dos convenios nominativos. A min gustaríame saber como lles van explicar vostedes ás entidades do social que non votaron a favor da suba dos convenios. Porque é difícil de explicar, pero máis difícil vai ser de entender.

¿Sabe quen si votou a favor e presentou emendas parciais aos orzamentos de política social para incrementar os convenios nominativos e poñer sobre a mesa achegas suplementarias? Este grupo, o Grupo Parlamentario Popular. *(Aplausos.)* E, se quere, pónolle exemplos concretos. Mire, para a Federación de Asociacións de Persoas Xordas, achega suplementaria de 150.000 euros. Para a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, 142.000 euros. Para Down Galicia, 246.000 euros. E así seguiría: para a Federación de Asociacións de Familiares de Persoas con Enfermidade Mental, para Autismo de Galicia, para a Asociación de Persoas con Lesión Medular, para Aspace, para Fegadace, para a Federación Galega de Enfermidades Raras, para a Asociación Galega de Atención Temperá e tamén para a entidade que é a instigadora desta proposición, para Fademga, que tivo unha achega suplementaria de 2.103.903 euros, quedándolle un convenio nominativo de 6.073.958 euros. E non digo máis.

Din vostedes na exposición de motivos que as entidades indican inoperancia e falta de resposta por parte da Xunta. ¿Vostede cre que é normal dicir isto despois de todo o que acabo de expoñer? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, vostede non. ¿Cre que as entidades pensan que a Xunta é inoperante e non as apoia despois de todo o que acabo de expoñer? Respóstolle eu: non; nin o cren vostedes nin o cren as entidades; xa llo digo *(Aplausos.)*. E o Goberno galego está a apoiar, sempre, as entidades do eido do social.

E é así, e ten que ser así, porque é un ámbito moi complexo, que require de atención especializada, que require de atención individualizada, e, por tanto, dunha estreita colaboración, e que require de apoio en dous sentidos, non só no mantemento e nas melloras dos centros das instalacións das entidades, senón tamén para cubrir os sobrecostos aos que están expostas, como estamos expostos todos os españois nesta etapa histórica que nos tocou vivir.

O compromiso, por tanto, da Xunta de Galicia, señorías, está fóra de toda dúbida. De feito, Galicia é unha das poucas comunidades autónomas que ten unha dirección xeral específica para atender ás necesidades das persoas con discapacidade, para promover a súa autonomía, para atender ao benestar dos seus familiares. E o apoio noso non se traduce en palabras ocas, tradúcese en feitos e tradúcese en fondos. De feito, o ano que vén destinaranse máis de 165 millóns de euros a este ámbito, o maior orzamento da súa historia, importe que supón un 16 por cento de incremento con respecto ao orzamento do vixente exercicio.

E, por último, din vostedes na exposición de motivos sobre o desenvolvemento do concerto social, e segundo Fademga, o seguinte: «Dende hai meses as familias de persoas con dis-



capacidade en Galicia advertían ao Goberno galego do incumprimento do prazo máximo para resolver a execución do concerto social». E rematan vostedes coa proposición non de lei na que o Parlamento insta a Xunta a que garanta a execución do concerto social, a viabilidade das entidades e o seu labor coas persoas con discapacidade.

Pois ben, voulle contar o que sucede realmente co concerto social, voulle contar. Mire, a Xunta traballou, traballa e traballará coas entidades do eido do social para acadar un consenso na creación dun concerto social para a axuda á discapacidade que se faga efectivo coa maior brevidade posible. De feito, en xaneiro de 2021 publicouse o Decreto 2029/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolveu o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. A figura do concerto non se cingue unicamente ao ámbito da discapacidade, se ben é certo que no eido da discapacidade a Xunta xa hai meses que leva reuníndose, falando, dialogando coas entidades máis representativas dos diferentes tipos de discapacidade (discapacidade física, discapacidade psíquica, discapacidade sensorial, etc.).

A comunicación é continua e é permanente, porque este novo réxime supón un avance dende o sistema de contratación actual ata o sistema de concerto, que vai afectar máis de cinco mil prazas en toda a Comunidade. E debo dicirlles, señorías —e esta información non me vén da Xunta, nin sequera me vén do grupo parlamentario, vénme das entidades—: todas as entidades chegaron a acordos coa Xunta, acordos proveitosos e moitos deles pioneiros en España. ¿Sabe a única entidade que non chegou, que non conseguiu chegar a un acordo? Fademga. Non conseguiu chegar. Entón, non culpabilicen vostedes a Xunta do atraso do concerto social. Ao mellor é que teñen que falar con máis entidades, non só con unha. Ese é o problema.

O Goberno da Xunta é o que está polo labor e o primeiro interesado en desenvolver o concerto social. Primeiro, porque a fórmula de prorrogar axudas suplementarias, un e outro ano, é máis complexa e complicada; segundo, porque hai que axilizar a creación de prazas para persoas con discapacidade xestionadas por entidades sociais; e terceiro, porque hai que dotar as entidades sociais de fondos, como vostede dicía, para que poidan facer un traballo sustentable e mantido ao longo do tempo con tranquilidade.

E, por todo isto, e como nós somos consecuentes co que acabo de dicir, pois imos votar a favor da súa iniciativa, consecuentemente co que acabo de dicir. Somos congruentes.

E con isto quería rematar, non sen antes facer un breve inciso sobre cal é a verdadeira actuación do Goberno central con respecto ás persoas con discapacidade da nosa terra, de Galicia, Goberno central formado polo Partido Socialista e coa conivencia do Bloque Nacionalista Galego.

Primeiro, non pagar a débeda que ten en materia de dependencia, 150 millóns ao ano, con que teríamos atendidas moitísimas persoas con discapacidade que están en situación de dependencia; e segundo, ter grandes ideas, como a de facer que se eliminen os incentivos ás empresas para a contratación de persoas con discapacidade, que, se non chega a ser pola rápida e contundente resposta do Cermi e das entidades que o conforman, seguirían adiante con esa medida, (*Aplausos.*) co prexuízo que iso ocasionaría ás persoas con discapacidade e á súa independencia económica.



Pero mire, xa nada nos pode sorprenden e todo podemos esperar deste goberno. E por iso, xa que están tan de moda as citas —este mes citaron vostedes a Einstein e a Darwin—, permítame que eu sexa un pouco máis prosaica e vou citar a don Juan Tenorio, que di o seguinte: *como broma pudiera pasar, pero a tal extremo llevada ni nos ha de probar nada ni os la hemos de tolerar.*

Moita grazas pola súa atención. Remato a miña intervención. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora López.

Para pechar esta proposición non de lei, ten a palabra a autora da mesma, a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, señora presidenta.

A verdade é que teño que dicir unha cousa antes de entrar en materia: que o cariño é compartido e que a verdade é que, estando presente a conselleira aquí, podería copiar tamén un pouquiño da actitude da súa compañeira, que ofrece información con bo talante, e que, se as entidades tiveran que falar e tela de enlace a ela, seguramente terían máis información da que están tendo.

Lamentablemente, que é o que sobre todo pedimos e eu xa anunciei que seguramente votarían a favor, porque é unha cuestión que teñen que facer, porque non lles queda outro remedio, pero o que están pedindo as entidades realmente é diálogo, explicacións de por que os motivos do atraso. Espero que non teña problemas, señora López, polo que acabo de dicir, pero, ben, é a verdade. Con este tipo de talante, de ton, de actitude, pois seguramente os debates serían sempre doutra forma.

Iso si, é unha mágoa que diga que minto cando falo en base a reivindicacións das entidades. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Que pasou? (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Presidenta, non sei que pasou aí. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!

Ben, dicía que é unha mágoa que diga que minto cando falo en base ás reivindicacións das entidades. Non falamos só cunha entidade, senón que falamos con todas as entidades, por suposto, e eu, tanto coma vostede, señora López, levo traballando moitos anos tamén no ámbito das discapacidades e coñézoas perfectamente. Falamos con todas as entidades, o que pasa é que ao mellor non todas se atreven a falar e só fala unha por todas. Ese é o problema. O problema é que, lamentablemente, moitas veces só unha entidade se atreve a alzar a voz por todas, e lamentamos moitísimo que intenten culpabilizar esta entidade e criminalizala e botarlle a culpa dos seus propios atrasos, (*Aplausos.*) da súa propia incompetencia, da súa falta de dilixencia, que boten a culpa a estas entidades. Isto é como o neno que suspende e bota a culpa ao profesor sempre, que lle ten manía, ¿non? Pois vostedes igual, son os que incumpren a normativa, o Goberno galego, e bótanlles a culpa aos damnificados, que son as entidades sociais. Unha pena lamentablemente.



Despois, é o mundo ao revés, porque a verdade é que vimos aquí pedirllas que cumpran as súas propias normas e parece que lles molesta. E o Goberno galego, a verdade, é que vai lento en moitas cousas. É un goberno lento que practica bastante a vagancia e a falta de dilixencia. Pero cando son cuestións tremendamente sensibles como esta preocupáanos aínda máis, porque, ao final, págano os que peor o están a pasar. Repetino antes: pagarano as familias sen recursos, ás que esta consellería tamén tratou como morosas, que lles reclamou ata cinco mil euros pola inoperancia do propio Goberno galego e o capricho de manter o veto da risga co ingreso mínimo vital, ¡que vergoña lles tiña que dar! E tamén agora no caso do concerto social máis do mesmo, pois o propio Goberno galego establece un prazo tope para o cumprimento do seu decreto e resulta que expira o prazo e os deberes sen facer.

E agora veñen aquí relatar os cartos que lles dan para suplir os efectos dos incrementos dos custos. ¡Só faltaría! ¡É que é competencia do Goberno galego! Se son competencias directas do Goberno galego e quérenas delegar, téñenas que nutrir de recursos, se non, ¿como as van facer? É que só faltaría que non o fixeran.

E logo, iso si que é verdade que estou de acordo, o problema relatouno perfectamente a señora López, porque ela é coñecedora desa realidade como activista no ámbito da discapacidade. E relatouno perfectamente, indicando como sempre as entidades tiñan que acudir á Xunta afogadas pedir axuda. Relatouno en varias ocasións: tiñamos que ir afogados pedir axuda, ta, ta, ta... É que o grave é iso, o grave de todo isto é iso. Iso resume perfectamente o que está vivindo as entidades sociais, que ano tras ano teñen que acudir como se fora unha limosna, cando non é unha limosna. Son as competencias da Xunta de Galicia, que está delegando e que ten que nutrir de recursos para que poidan ser efectivas e blindar os dereitos que corresponden á cidadanía que padece unha discapacidade. (*Aplausos.*) Non teñen que acudir, pedir ano tras ano e todos os anos pedindo como se foran limosnas. Así é como están tratando ás entidades sociais. É que realmente o relatou perfectamente.

Eu entendo que vostede ten que defender o indefendible, pero non pode vir aquí e dicir que o están facendo moi ben cando vostede mesma está dicindo que ano tras ano teñen que acudir, estabamos afogados e tiñamos que ir e, claro, diciánnos que si. ¿Como non nos van dicir que si, se son os propios recursos e as competencias do propio Estatuto de autonomía de Galicia que ten o Goberno galego por normativa dar! Claro, jé que só faltaría que non deran os recursos que teñen que dar para suplir este tipo de competencias!

E traballar para que se faga efectivo o antes posible porque incumpren máis de medio ano a normativa e non din os motivos. É que realmente vostede subiu aquí e dixo —eu pensaba que ía dicir realmente os motivos, cales eran—: ben, estamos traballando —como dicía Aznar—, estamos traballando niso. Pero, realmente, non están dicindo por que están incumprindo a normativa. Se non, podémoslles dicir aos cidadáns que cando vaian pedir unha subvención da Xunta se se atrasan seis meses non pasa nada, que se lles concede igual. Porque seremos todos os cidadáns iguais. Porque aquí o Goberno galego incumpre a normativa, incumpre o seu propio decreto e non pasa nada.

Entón, a cidadanía eu penso que merece o mesmo. Pero non, a cidadanía merece outro trato. Porque as persoas sen recursos que pediron o ingreso mínimo vital, que incluso logo pediron



a risga, cando se lles concedeu o ingreso mínimo vital tiveron que apoquinar os 5.000 euros que lles reclamou a Consellería de Política Social como impagos indebidos, como se foran persoas morosas. Entón, non lles poderían perdoar xa que vostedes non pasa nada que incumpran o propio decreto, dunha norma rexida a través do decreto do seu propio decreto que desenvolve o concerto social para flexibilizar e axilizar a creación de prazas públicas de atención.

O problema de todo isto é que a falta de dilixencia e a falta de axilidade, ao final, repercuten sobre un sector moi sensible como é o sector da discapacidade. E lamentamos profundamente que hoxe aquí a resposta sexa culpabilizar unha entidade, marcar unha entidade. Lamentamos profundamente que iso sexa así, porque sexa a única —repito— que se atreva a denunciar o que as outras non se atreven a denunciar. O que me preocupa é que as outras non se atrevan a denunciar, pero constantemente temos comunicación e sabemos o que opinan o resto, por suposto; outra cousa é que non o fagan público, e están no seu dereito. Pero, lamentablemente, as consecuencias son obxectivamente para todos...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: ...—remato, presidenta— son obxectivamente nefastas para todos cando estamos a falar de que moitas delas teñen os servizos deficitarios e non poden nin cumprir coa ratio de persoal óptima para garantir e blindar os dereitos das persoas con discapacidade.

Máis sensibilidade, máis traballo e, sobre todo, máis diálogo por parte deste goberno, que carece diso nunha materia tan sensible.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas. (Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas.

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Procedemos agora a unha alteración da orde do día. Pasamos ao punto 4, interpelacións.

Interpelación de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o novo modelo de residencias anunciado pola Xunta de Galicia

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Neste caso, a interpelación do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a súa autora, a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

E benvida á conselleira ao pleno.



Imos, efectivamente, falar de residencias, de modelo de coidados e, sobre todo, do modelo destes servizos sociais de atención ás persoas maiores e dependentes no noso país. E a semana pasada vostede, conselleira, visitaba xunto co presidente da Xunta de Galiza unha residencia de maiores, a de Campolongo, en Pontevedra, unha residencia pública, de xestión directa, con 136 prazas, que impulsou da man do seu director —seguro que coñecen a historia— unha iniciativa moi interesante para que a xente enviase cartas durante este Nadal ás usuarias e usuarios do centro. Facíao o director despois de ver que moi poucas persoas recibían algunha visita e aínda menos ían pasar as festas de Nadal coas súas familias.

Recibiron despois do chamamento que lanzou o seu director máis de seis mil cartas. Foi tal o eco mediático da iniciativa desta residencia que saíu en todos os medios de comunicación do estado. E o presidente da Xunta e vostede mesma, conselleira, decidiron visitar o centro e anunciar catro millóns de euros en obras.

E a min que me soaba —saben que me encanta a hemeroteca— este anuncio, fun un pouquiño atrás, e, efectivamente, claro que me viña soando, porque vostedes levan desde 2019 anunciando nesa residencia de Campolongo que vostedes van facer un investimento. Depende do ano que collas, hai unha cifra ou hai outra. En 2019, o 18 de outubro, a Consellería de Política Social anunciaba un investimento de obras por valor de máis de 3,7 millóns de euros nun proxecto de reforma integral, porque ían —dicía vostede literalmente— «deixar ese centro como novo». Ao ano seguinte, un ano máis tarde, en novembro exactamente de 2020, a Xunta de Galiza volvía anunciar —diso non se executou nada— desta volta un investimento de dous millóns de euros. Eran 3,7 millóns, agora van dous millóns, tamén nunha reforma integral. E dous anos despois, que é agora, decembro de 2022, o anuncio que fai a Xunta de Galiza é tamén de catro millóns de euros.

Eu espero que nalgún momento pasen da propaganda, do fume, dos incumprimentos, á execución realmente das promesas que se fan en materia de obra, de infraestrutura ou do que se considere oportuno. (*Aplausos.*) Porque igual hai moitas persoas que non lles soara a residencia de Campolongo até que se lanzou esa iniciativa do envío de cartas para as maiores e, sobre todo, para loitar contra a soidade non desexada das persoas que non só viven nas súas casas, tamén que se atopan nestes centros residenciais, pero igual o que a xente non lembra tanto é que o persoal da residencia de Campolongo leva desde o 2015 reclamando aumento de persoal e esas obras de adaptación nun edificio que foi deseñado nos anos noventa para persoas autónomas, pero que hoxe acolle unha parte importante con dependencia.

Tales eran e son as carencias que viñeron aquí. Trouxémolas, entre outros, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e debatemos sobre esa cuestión aquí mesmo en 2018 xa.

Traio este exemplo porque nos parece unha boa forma de ver como son as súas políticas en materia de residencias e, sobre todo, do modelo de coidado que hai hoxe en día para as persoas maiores no noso país. Propaganda, fume, incumprimento e, se mo permiten —tamén llelo digo con todo o respecto do mundo—, bastante desvergonza. Diso queremos falar polo tanto, de fume, de propaganda e de incumprimentos.



Cando a pandemia da covid-19, señorías, azoutou as residencias de maiores de todo o mundo, de todo o mundo, non só as galegas, converténdolas na zona cero da crise sanitaria, toda a sociedade, tamén a galega, entendemos polas bravas cales son as condicións nas que se atopan as persoas usuarias destes centros. Tivo que vir un virus poñer en evidencia o que non se quería ver. Porque denunciar fora denunciado até a saciedade polas traballadoras, polas organizacións sindicais e até polo mesmísimo Consello de Contas.

Hai un servizo público, que debe garantir un dereito fundamental como é o dereito a unha vellez digna, en mans privadas practicamente na súa totalidade, máis do oitenta por cento das prazas, cunha regulación específica de hai trinta anos, regulado cunha orde de 1996, que fixa, entre outras, as ratios de persoal e os criterios arquitectónicos; cunhas condicións laborais das mulleres que traballan —porque son na súa inmensa maioría mulleres— leoninas, falta de persoal e un modelo de atención asistencialista que está lonxe de cumprir cos estándares que exige o dereito a unha vellez digna e a sociedade á altura do século XXI.

Na pandemia o BNG asumimos un compromiso con este país, que era poñer no centro do debate político ese dereito a envellecer dignamente, primeiro, na nosa casa e, se o necesitabamos, nun recurso público como unha residencia, e, sobre todo, o impulso dun novo modelo de coidados integral e centrado nas persoas, que mudase, entre outras cousas, as residencias de maiores deste país. Dese compromiso saíu a Proposición de lei galega de residencias, trouxémola a este parlamento e vostedes rexeitaron tramitala. Poderá ser mellor, ser peor, todo é debatible, pero o modelo do BNG o que é é claro, é público e está á disposición de todo o mundo no Rexistro desta cámara. Pedía máis prazas de residenciais públicas, propoñía máis control cun corpo específico en materia de inspección, un modelo de atención integral centrado nas persoas e, sobre todo, a garantía do dereito das persoas que nos imos facendo —eu aspiro, porque o peor é non cumprir anos nesta vida— maiores a seguir cos nosos proxectos de vida independentemente de onde residamos.

Polo camiño vostedes anunciaron que a Xunta tiña a súa propia folla de ruta, o seu modelo, do que non sabemos nada máis que as notas de prensa e os anuncios que foron facendo ao longo destes dous anos. Non hai nin un só documento nin plan nin estratexia nin moito menos decreto ou lei no que poder ver ese modelo seu, nada. Así que nós imos ao que temos, ás notas de prensa e aos anuncios.

Por non remontarme moito máis atrás, que o tempo é limitado, en decembro de 2021, hai un ano exactamente, vostede dixo aquí neste mesmo hemiciclo algunhas das ideas ou algunhas das medidas que ía impulsar a Xunta de Galiza nese novo modelo residencial do que nada sabemos —insisto— máis alá de tres ou catro notas de prensa.

Entre outras cuestións, vostede mesma, señora conselleira, anunciaba a bombo e prato que as residencias, por exemplo, de máis de cen prazas ían ter un consello asesor con funcións consultivas. ¿Onde está?, ¿onde o hai?, ¿onde se creou? En ningún sitio. ¿Por que? Porque non hai nada que obrigue a facelo. As notas de prensa non son leis, non son decretos, non son ordes, non obrigan a ninguén a nada.



Tamén anunciou un censo único de residencias. Era a gran resposta da Xunta de Galiza á emerxencia sanitaria, era o que ía garantir a coordinación social e sanitaria entre os centros residenciais, a Xunta de Galiza, Sanidade e Política Social. Nós non sabemos nada máis del.

Dicían tamén, por exemplo, que as residenciais ían ter que contar con unidades de convivencia de non máis de vinte e cinco persoas. Eu non sei onde as están construíndo ou construídas, onde as hai. Porque tampouco hai nada que obrigue nin as empresas nin a Xunta de Galiza, que tamén ten centros de xestión pública directa, a reducir en unidades de convivencia de vinte e cinco persoas nada, porque non se modificou nin unha soa da normativa que regula estes centros residenciais.

E tamén anunciaba que todas as residencias serían intelixentes introducindo tecnoloxía. Ademais, ían á Estrada a un centro residencial especificamente, que eu non sei se se avanzou moito na implantación de tecnoloxía na Estrada, pero o resto das residenciais nin son hoxe máis intelixentes e, o peor, tampouco contan en moitos casos co persoal suficiente de carne e óso para atender as necesidades dunha poboación cada vez máis envellecida e dependente, dentro e fóra das residencias do noso país.

En definitiva, máis de dous anos despois do inicio da pandemia e un ano despois de que vos- tede anunciase aquí un novo modelo, que non acabamos de ver por ningún lado, non mudou absolutamente nada; nada no modelo de residencias de maiores nin no modelo de cuidados deste país. Non hai máis prazas nin centros públicos. Non hai máis inspectores no servizo. Non hai novas sancións nin máis duras, por exemplo, considerando máis graves violacións de dereitos fundamentais, como pode ser o uso sen autorización médica de subxeccións físicas. Non hai ratios de persoal diferentes, son as mesmas que en 1996. E non hai tampouco nin máis transparencia nin máis mecanismos de participación das propias persoas usuarias na toma de decisións á fin e ao cabo sobre as súas propias vidas.

Á espera de que vostede dea algún dato a maiores hoxe, non cambiou nada porque, realmente —e isto xa llo dixemos hai un ano e hai dous—, vostedes sempre quixeron que todo seguise igual.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten agora a palabra a señora conselleira de Política Social e Xuventude, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Señora presidenta, deputadas e deputados, señora Rodil, moi boas tardes.

Teño que confesarlles hoxe que cando lin a interpelación formulada polo Bloque Nacionalista acudiu inmediatamente á miña cabeza a película alemá *Good Bye, Lenin!* Nela —como saben— un fillo trata de ocultarlle á súa nai, unha comunista convencida, os feitos históricos acontecidos mentres ela estaba en coma; isto é, a caída do muro de Berlín e tamén a reunificación dunha Alemaña capitalista e democrática. Ao igual que nesta longametraxe, deume



a sensación de que o mundo se paralizou para vostedes en decembro do ano pasado e que todos os avances que se produciron nestes últimos doce meses que viñeron a continuación nunca pasaron ou, polo menos, non pasaron polas súas cabezas.

Como vostede recordaba perfectamente, o 21 de decembro do ano 2021 —hai exactamente un ano— acudín a esta cámara para dar a coñecer o novo modelo de coidados de Galicia. Un novo modelo que contou co asesoramento de profesionais dos distintos ámbitos, así como das propias familias, e que logrou situar Galicia como líder na reforma da atención residencial en toda España. Nel incluíronse medidas transversais e medidas ambiciosas, que, como é natural, non poden implantarse dun día para outro, senón que seguen un proceso de implantación gradual.

Nestes meses puxémonos a traballar para avanzar en todos e cada un dos cambios propostos. E despois deste tempo podemos apreciar como estas medidas comezaron a formar parte xa do día a día das residencias galegas.

Os que visitamos estes centros con frecuencia podemos comprobar como a súa implantación está mellorando o seu funcionamento. Faino tanto para os propios profesionais, que contan no día de hoxe con ferramentas actualizadas que lles permiten realizar o seu traballo de forma algo máis doada, como para os propios usuarios, que ven como as residencias se parecen cada vez máis ao que son os seus propios fogares.

Avanzamos en cada un dos catro piares propostos polo Comité Asesor Sociosanitario e que compoñen os principais vectores de mellora das residencias galegas. Avanzamos na humanización dos centros e na formación continuada, impulsando cursos de formación que melloran as competencias dos seus profesionais. Avanzamos no aproveitamento dos avances tecnolóxicos, coa implantación, por exemplo, da historia clínica electrónica, como se fai exactamente igual no ámbito sanitario; un avance que é único, señora Rodil, a nivel europeo. Avanzamos tamén na coordinación sociosanitaria, mellorando as canles de comunicación entre estas dúas áreas ou coa inmediata creación dos primeiros centros públicos de coidados intermedios de toda España. E, por suposto, avanzamos nas melloras estruturais, aprobando renovacións integrais das residencias públicas autonómicas, e tamén coa construción de novos centros que xa integrarán todos os avances deste novo modelo.

Este novo modelo de coidados materializouse a través de cambios normativos, a través de licitacións de obras e novos equipamentos, e, por suposto, tamén o levamos a cabo con fondos e con orzamentos, comezando mesmo antes da miña comparecencia parlamentaria hai un ano.

Para relatarlle todo o que sucedeu durante este tempo paso a detallarlle algunhas das datas nas que se produciron estes cambios:

Primeiro, xullo do ano 2021, puxemos en marcha o Programa piloto de residencias dixitais no centro público autonómico da Estrada, que se está a estender nestes momentos a toda a rede autonómica. Iso supuxo unha mellora importante de calidade na atención grazas á incorporación dos avances tecnolóxicos no ámbito dos coidados.



Segundo, novembro do ano 2021, comezamos os cursos de formación continuada a todos os profesionais dos centros dos servizos sociais.

Terceiro, decembro do ano 2021, instalouse tamén de xeito piloto o programa Sios Life na residencia pública da Porta do Camiño, en Santiago, e posteriormente na residencia da Estrada. Este programa supón actividades de estimulación física e cognitiva para persoas maiores grazas á realidade virtual.

Cuarto, marzo do ano 2022, licitamos a contratación de equipos multiparamétricos para todas as residencias públicas autonómicas. Máis de cincocentos cincuenta mil euros para optimizar o traballo dos profesionais, para minimizar os erros no traspaso dos datos e tamén para mellorar a comunicación co ámbito sanitario.

Quinto, maio do ano 2022, impulsamos o Plan de calidade nas residencias, que permite certificar con base en normas e estándares internacionais o correcto funcionamento dos centros. Un plan que conta cun orzamento de 117.000 euros e que permitirá unificar os criterios de calidade.

Sexto, xullo do ano 2022, presentamos a reforma integral da residencia pública autonómica Torrente Ballester, na Coruña. Imos destinar 1,8 millóns de euros nunha remodelación integral do seu interior e na incorporación do Rehametrics, que é un sistema de fisioterapia e rehabilitación dixital.

Sétimo, outubro do ano 2022, aprobamos a primeira normativa galega do *cohousing* ou vivendas colaborativas. Un novo modelo de servizos que se poderá comezar a implantar na nosa comunidade e que busca crear centros máis cómodos, pero sobre todo que respecten as preferencias dos nosos maiores.

Oitavo, neste mesmo mes de decembro imos licitar o primeiro centro de coidados intermedios público de España. Situarase aquí en Santiago de Compostela e permitirá atender persoas que xa recibiron a alta hospitalaria pero que aínda necesitan coidados específicos; é dicir, permitirá avanzar nesa maior coordinación sociosanitaria. Tamén abriremos un segundo centro de coidados intermedios no concello de Mos. E imos destinar para ambos os centros un orzamento de máis de catro millóns de euros. (*Aplausos.*)

O pasado venres, señora Rodil, visitamos a residencia pública autonómica de Campolongo, en Pontevedra, para presentar as obras de mellora por un valor de catro millóns de euros. E sabe vostede, señora Rodil —porque xa anunciei isto hai tempo—, que hai dous anos que estamos esperando a licenza de obra do seu alcalde nacionalista, o señor Lores, (*Aplausos.*) ¡dous anos! Iso é o que lle importa o coidado das persoas maiores. (*Aplausos.*) Pero por suposto que imos investir despois deses dous anos esperando unha licenza e imos facer esa reforma integral do interior deste centro para facelo máis comfortable e para facelo máis humano para os seus usuarios.

En décimo lugar, señora Rodil, e hoxe mesmo podo anunciar nesta mesma cámara que o próximo mes de xaneiro publicaremos a orde de estrutura de residencias, que regulará a organización dos centros de nova creación atendendo á unidade de convivencia de vinte e cinco



usuarios. Un aspecto que recollemos nese novo modelo de coidados e que permitirá crear lugares máis reducidos nos que fomentar a intimidade e tamén incrementar a sensación de fogar.

Pero, ademais, por suposto, imos proxectar novos retos para o ano 2023. Ímolo facer coa implantación do Cernes en todos os centros residenciais de Galicia, xuntar datos sanitarios e datos sociais de todos os usuarios. Ímolo continuar facendo fomentando a comunicación entre os hospitais galegos para que sirvan a medicación a todas as residencias de máis de noventa prazas, e xa o estamos poñendo en marcha en moitas residencias. E, por suposto, ímolo facer coa posta en marcha das primeiras residencias públicas que van aplicar de forma integral xa este novo modelo, como a residencia de Antas de Ulla, como a residencia de Ribeira, como os centros da Fundación Amancio Ortega.

En definitiva, señora Rodil, eu comprendo que a vostedes nunca lles parecen suficientes estes cambios; a vostedes, que eran os que propoñían esa intervención sumaráisima de todas as residencias privadas de Galicia durante a pandemia. Pero dende logo, señora Rodil, anunciaron a bombo e platillo esa lei galega de residencias cuxa única novidade era acusar os profesionais dos centros mentres non se demostraba o contrario.

O certo e verdade é que Galicia si que está avanzando, estamos avanzando nun novo modelo de coidados, que é de vangarda, que nos están a chamar outras comunidades autónomas, que nos están a chamar profesionais e expertos...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): ...do ámbito nacional. E todo isto, señora Rodil, cun único obxectivo: coidar a quen coidou de nós, que son as persoas maiores.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, conselleira.

Para a quenda de réplica ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Eu, señora conselleira, non lle falo de películas. Eu o que lle veño falar aquí é da vida real e, sobre todo, do que vostedes viñeron aquí anunciar e aínda non cumpriron. E remítome á súa propia intervención.

Vén agora e anuncia: hoxe podo anunciar, un ano despois de anunciálo previamente, que imos cambiar as cousas para que se creen esas unidades de convivencia de vinte e cinco persoas. A min o que máis pena me dá —porque, ao final, o que che dá é pena— é que teñen que sacar algo da chisteira cada vez que traemos unha iniciativa aquí para facer o labor de control ao goberno, *(Aplausos.)* e que haxa que esperar a que pase un ano desde que se anuncian as cousas para que se empece a mover algo.



Falábame vostede, claro, a escusa, temos que amañar aquí en cinco minutos a ver por que levamos tres anos anunciando unha reforma integral na residencia de Campolongo, non aparece por ningún lado, e entón o que se me ocorre agora en cinco minutos é botarlle a culpa ao alcalde. E acordoulle agora, non en ningún deses tres anuncios que ía facendo: primeiro, 3,7 millóns; logo, eran dous millóns; e agora son máis de catro millóns.

Eu cando vexa na web de contratación pública deste país o proceso de licitación desa reforma integral da residencia de Campolongo ou deses centros intermedios de coidados, porque xa ían estar, estaban orzados no Proxecto de orzamentos da Xunta de Galiza para o 2022, o que está en curso. Volven aparecer as mesmas partidas agora no Proxecto de orzamentos que se acaba de aprobar para o 2023. E eu —insisto— cando vexa realmente onde teñen que estar as cousas, que é como o proceso de licitación na web de contratación pública ou no *Diario Oficial de Galicia*, crerei algo do que vostede vén anunciar hoxe aquí, señora conselleira. Porque do repaso que vostede fixo mes a mes desde hai algo máis dun ano, —eu insisto— non aparece nada dos compromisos e dos anuncios que vostede veu anunciar aquí; non hai nada desa obriga de dotar aquelas residencias de máis de cen prazas. E nós diciámoslle: ¿por que as de cen prazas?, ¿por que non todas dese consello asesor con funcións consultivas para que tamén puidesen participar as persoas maiores, as traballadoras e as persoas familiares das usuarias das residencias no proceso de toma de decisións? Non se sabe nada. Tampouco anunciou nada.

Tampouco anunciou hoxe nada nin se sabe nada dese censo único de residencias que xa levamos escoitando desde practicamente o inicio da crise sanitaria provocada pola covid-19. E agora si teñen que volver anunciar o que xa sabemos e que eu lle citei na miña primeira intervención, que son esas unidades de convivencia de vinte e cinco persoas. E que —insisto— eu non me vou crer até que non as vexa onde teñen que estar, que é no *Diario Oficial de Galicia* ou, no seu defecto, nalgunha outra normativa.

E vostede dicía, ben, eu non sei que dixó de intervencións sumarísimas nin da nosa lei. Eu dicía ao comezo: a nosa lei é debatible, a nosa lei é cuestionable, é opinable —faltaba máis—, pero polo menos é pública, polo menos está no Rexistro do Parlamento de Galiza para que vostede poida vir e opinar *si es mucho, es poco lo que se cambia*. É que eu do proxecto ou do novo modelo de residencias de maiores da Xunta de Galiza e do Goberno do Partido Popular non sei nada máis que o que vostede anuncia aquí ou publica nas notas de prensa.

Eu tamén sei que foron á Estrada, leo a páxina web e fágolle seguimento ao seu traballo e á súa actividade política como conselleira de Política Social. Xa sei que estiveron na Estrada e que anunciaron a implementación de residencias intelixentes, comezando por este centro. Pero o que vemos é que non hai nin un só plan nin orzamento para ver como vai ser a aplicación desas innovacións ou novidades tecnolóxicas no resto de centros residenciais deste país.

E o que a nós máis nos preocupa e que cremos que é o centro do debate que hai e que temos pendente neste país no que ten que ver co dereito a unha vellez digna é, sobre todo, a atención e o coidado das persoas que son usuarias en centros e residenciais. E que ten que ver coa presenza da administración pública no propio modelo, pois está sobrerrepresentada a privada, até o punto de que o 80 por cento das prazas de residencias neste país son privadas



e que sería inadmisíbel noutros servizos. Sería inadmisíbel nos hospitais e sería inadmisíbel nas escolas.

Non se fala nada de reforzar o servizo de inspección, de endurecer as sancións. É que hoxe, cos expedientes que vostede ten pechados e pagados polas empresas xestoras de residencias públicas, que ti non teñas unha enfermeira vinte e catro horas cando tes a obriga de ter, sáche a 3.001 euros. ¡É que che sae barato! Entón, igual hai que debater sobre se hai que endurecer o réxime de sancións, como nós propoñiamos desde o BNG na nosa proposición de lei, ou se hai que incrementar ou reformar como se computan as ratios de persoal, que son as mesmas neste país desde o ano 1996. E, sobre todo, desde o noso punto de vista, como incrementar a transparencia e, sobre todo, o mecanismo de participación das persoas que son usuarias e das súas familias na súa propia vida, porque, á fin e ao cabo, falamos de persoas que teñen dereitos en si propias, non porque nos coidaron máis ou menos cando foron máis novas. Teñen dereito a vivir unha vida digna, independentemente de onde residen, neste caso nunha residencia de maiores.

Eu vólvolle dicir o mesmo. Non me repita os anuncios que xa oímos aquí hai un ano. O que quero saber —e esa é unha das preguntas— é cal é o orzamento do que se dispón, cales son os plans que ten o Goberno galego en materia de implementación dese novo modelo. E eu tamén llo digo e pedirémolo outra vez pola vía do artigo 9 e das respostas escritas, que se traia a esta cámara cales son os plans do Goberno galego, que se remita un documento, unha estratexia, un plan ou algo que poida ser minimamente contrastable, opinable e, sobre todo, debatible.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Rodil.

Para pechar esta interpelación ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Xuventude, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora Rodil, o Goberno galego demostrou sempre que unha das súas prioridades é o benestar das persoas maiores e garantir o seu dereito a decidir como e onde queren pasar esta nova etapa das súas vidas. Fixémolo durante a pandemia, actuando de forma áxil, de forma eficaz e de forma contundente ante unha situación das máis difíciles que tivemos que vivir como sociedade. Facémolo cada día, impulsando os servizos máis accesibles, servizos de maior proximidade e servizos adaptados ás necesidades das persoas maiores. E ímolo seguir facendo, por suposto, no futuro a través dese novo modelo de coidados de vangarda que vai mellorar a calidade de vida e os servizos de atención aos nosos maiores.

Mire: reformular o modelo de coidados non debe confundirse nunca con criminalizar os seus profesionais, nin para precintar centros nin tampouco proxectalos ao mundo como cárceres.



E chegados a este punto e á conta da criminalización, permítanme facer un inciso, señores deputados.

Nos últimos tempos temos asistido con incredulidade a como os traballadores do CRAPD de Vigo están a sufrir gravísimos ataques; ataques totalmente infundados, ataques totalmente inxustificados, nos que se trata de poñer en cuestión a súa profesionalidade; ataques a persoas que coidan todos os días dos nosos maiores e están a ser directamente sinalados. Por iso, ¿que mellor lugar que esta cámara autonómica, que é a casa común de todos os galegos, para mostrar publicamente a miña firme defensa aos máis de catrocentos traballadores do CRAPD de Vigo, (*Aplausos.*) que se desviven a diario por coidar os nosos pais e por coidar os nosos avós?

E non están a atacar só os traballadores, senón que están a atacar directamente un servizo público que ten demostrada a súa eficacia e en tempos recentes tan convulsos como foi a pandemia da covid.

Os traballadores do CRAPD de Vigo saben que teñen todo o cariño dos familiares dos residentes, saben que contan con todo o apoio e con todo o respaldo da Consellería de Política Social e Xuventude, e quero tamén dicirlles directamente que contan con todo o apoio do Goberno galego. (*Aplausos.*)

Señora Rodil, vostede fala das ratios, das ratios nas residencias galegas, que non cambiou nada dende o ano 1996. Pero ¿por que non o fixeron vostedes cando gobernaban? Estiveron alí uns anos e ben puideron cambiar as ratios se tanto lles preocupaban.

A vostede tamén lle preocupa ese censo único de residentes. Pois tamén lle digo que no 97 por cento das residencias galegas xa está implantado ese censo de residentes.

E vostedes seguen erre que erre coa empresa privada. Vostedes dende o Bloque Nacionalista demoñizan constantemente a privatización das residencias de maiores. Detestan o privado, pero o malo é que só detestan o privado de palabra. Porque cando vostedes chegaron á Xunta no ano 2006 concederon a xestión de varias residencias públicas á empresa privada. Eu voulle mencionar soamente, porque non teño tempo, cinco exemplos, pero hai moitísimos máis. Residencia de maiores de Ferrol, de Noia, de Chantada, de Barbadás, de Lalín, contratos blindados ata o ano 2030, e ata o ano incluso 2031.

Vostedes falan tamén de que detestan o privado. Servizo de axuda no fogar, os concellos gobernados polos nacionalistas, xestión externa, empresa privada: Pontevedra, Ribadeo, Viana do Bolo, O Rosal, Bueu, Catoira, Moaña, Poio, Pontearreas, Tomiño, Mazaricos, Zas, Muras e algún máis. Externalizan vostedes o SAF no 47 por cento dos concellos nos que gobernan, un cincuenta por cento máis que nos que goberna o Partido Popular. (*Aplausos.*) De novo, señora Rodil, *consejos vendo que para mí no tengo.*

Señora deputada, como xa lle expliquei na miña primeira intervención, Galicia vai continuar avanzando, queiran vostedes ou non, cara a ese novo modelo de coidados. Un novo modelo de coidados que é máis humano, máis tecnolóxico e, sobre todo, máis coordinado. Podémolo



comprobar nos cambios normativos, podémolo comprobar nas renovacións arquitectónicas e tamén na dixitalización con todo o orzamento que está dispoñible nestes momentos. Estamos a dar pasos en firme...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez): ...e facémolo dende a ambición e altura de miras, pero, sobre todo, pensando nos nosos avós, nos nosos pais e tamén en nós mesmos, porque tamén nos imos facer maiores.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora conselleira.

Señorías, con esta interpelación rematamos esta longa xornada.

Suspendemos a sesión até mañá ás dez.


Suspéndese a sesión ás oito e vinte e nove minutos do serán.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pardo López, Adrián	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. Gómez Salgado, Carlos	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Sánchez, Rosalía	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Ojea Arias, Eduardo	(S)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

